



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLV

LUNS 2 DE MAIO DE 2005

SUPLEMENTO NÚM. 5 EN LINGUA GALEGA

FASCÍCULO SEGUNDO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**6970** *REAL DECRETO 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios. («BOE» 102, do 29-4-2005.)*

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, estableceu un novo marco regulador das telecomunicacións no noso ordenamento xurídico. Os seus títulos II e III precisan dun desenvolvemento regulamentario que delimite o alcance das obrigas, tanto xerais como de servizo público, que se impoñen aos operadores. Tamén é necesario concretar mediante norma regulamentaria outros aspectos, como a regulación do Rexistro de operadores, o procedemento para a obtención da condición de operador e os dereitos dos usuarios.

No punto da habilitación para a prestación de servizos e o establecemento de redes de comunicacións electrónicas, o regulamento recolle o réxime xeral de prestación de servizos e establecemento e explotación de redes establecido pola lei. Toda vez que non existen títulos habilitantes individualizados para cada operador e servizo, establécese un



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA

repertorio de dereitos e obrigas que son de aplicación directa aos operadores, distinguindo tanto entre operadores de redes e prestadores de servizos como entre prestadores do servizo telefónico e outros servizos.

Na regulación das obrigas de servizo público destaca o servizo universal, como conxunto de prestacións que se lles deben garantir a todos os usuarios finais, a prezo alcanzable e con independencia da súa localización no territorio. Concrétase a determinación e o alcance das prestacións que inclúe, delimitanse os procedementos para a designación dos operadores encargados de garantilo e, finalmente, establécense os criterios para a determinación do seu custo e a imposición, se resulta preciso, do seu mecanismo de financiamento.

Préstase especial atención á protección dos datos persoais na prestación de servizos de comunicacións electrónicas. A este respecto, convén sinalar que isto se realiza a través da regulación desde un triplo punto de vista: o tratamento dos datos que figuren en poder dos operadores relativos ao tráfico, facturación e localización dos abonados e usuarios, a elaboración das guías telefónicas de números de abonados e a prestación de servizos avanzados de telefonía, como a identificación da liña de orixe e o desvío automático de chamadas.

Este regulamento, o mesmo que a lei, garante o segredo das comunicacións. Nel incorpórase o procedemento para as interceptacións legais das comunicacións que, de acordo co previsto no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal, na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia, e outras normas con rango de lei orgánica, poida ordenar a autoridade xudicial. Establécense os requisitos técnicos e operacionais para que tales requirimentos xudiciais sexan convenientemente atendidos polos operadores de comunicacións electrónicas.

Regúlanse, ademais, os demais dereitos dos usuarios de servizos de comunicacións electrónicas, en aspectos tales como o contido dos contratos entre os usuarios finais e os operadores, o dereito de desconexión de determinados servizos, o dereito a indemnización pola interrupción do servizo ou o procedemento de suspensión ou interrupción daquel ante situacións de non-pagamento polos abonados.

Ben que o contido principal do regulamento é, como se indica, o desenvolvemento do título III e do capítulo I do título II, resultou preciso realizar certas modificacións en normas vixentes reguladoras das comunicacións electrónicas e as telecomunicacións. Así, modifícase o Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do ministro de Fomento, do 9 de marzo de 2000, co obxectivo de adecuar o seu contido ao da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, en especial en aspectos relativos a competencias e procedementos.

Outra norma en que se introduciron modificacións é o Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establecen a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información. A desaparición das autorizacións xerais e licenzas individuais como títulos habilitantes individuais fai preciso corrixir certas referencias na composición do Consello. Este motivo impón a necesidade de modificar, así mesmo, o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, aprobado polo Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, en canto contén referencias aos devanditos títulos.

O regulamento tamén aborda problemas que se poden suscitar pola entrada en vigor da regulación que contén. Cabe citar, entre outros, a transición dos antigos rexistros de titulares de licenzas individuais e autorizacións xerais ao novo Rexistro de operadores, a designación do operador encargado e as prestacións do servizo universal e o réxime de dereitos dos usuarios.

Esta disposición, ademais, complementa a transposición das directivas comunitarias que conforman o marco

regulador das comunicacións electrónicas, isto é, a Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/20/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/19/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión; a Directiva 2002/77/CE da Comisión, do 16 de setembro de 2002, relativa á competencia nos mercados de redes e servizos de comunicacións electrónicas, e, finalmente, a Directiva 2002/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas.

Este regulamento dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2005,

## DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Transformación de títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.*

En aplicación do disposto no punto 2.c) da disposición transitoria primeira da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, quedan transformadas en autorización administrativa para o uso privativo do dominio público radioeléctrico as licenzas individuais para autoprestación con concesión demanial anexa do devandito dominio, e mantense o prazo de duración para o cal foron outorgadas. Os órganos competentes en xestión do espectro radioeléctrico procederán de oficio a efectuar as correspondentes anotacións nos títulos e anularán a licenza en autoprestación.

Disposición transitoria primeira. *Títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico.*

1. Os procedementos para o outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán a súa tramitación consonte a normativa anterior, ben que, consonte o punto 8 da disposición transitoria primeira da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, o título habilitante que, se é o caso, se outorgue, corresponderase cos previstos na devandita lei e no Regulamento aprobado pola Orde do 9 de marzo de 2000, na súa redacción dada pola disposición derradeira primeira deste real decreto.

2. Ata a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á xestión do dominio público radioeléctrico continuará correspondendo aos órganos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que a tiñan atribuída ata a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

3. As concesións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgadas antes da entrada en vigor

deste regulamento alleas a unha licenza individual para a prestación de servizos a terceiros considéranse independentes da habilitación da persoa titular da citada concesión demanial para a prestación do servizo ou a explotación da rede de comunicacións electrónicas, e manterase o prazo de validez para o cal foron outorgados.

**Disposición transitoria segunda.** *Modelos de solicitude contidos no anexo III da Orde do 22 de setembro de 1998, pola que se establecen o réxime aplicable ás licenzas individuais para servizos e redes de telecomunicacións e as condicións que deben cumprir os seus titulares.*

Os modelos de solicitude contidos no anexo III da Orde do 22 de setembro de 1998, pola que se establecen o réxime aplicable ás licenzas individuais para servizos e redes de telecomunicacións e as condicións que deben ser cumpridas polos seus titulares, continuarán vixentes ata que sexan substituídos polos que se aproben mediante orde ministerial. Estes modelos entenderanse referidos ao título habilitante que corresponda para o uso do dominio público radioeléctrico.

**Disposición transitoria terceira.** *Composición do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.*

Mediante resolución do presidente do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información levaranse a cabo os nomeamentos e cesamentos de vogais do Consello para adaptar a súa composición ao disposto na disposición derradeira segunda deste real decreto.

Ata que se dite a resolución a que se refire o parágrafo anterior, os vogais cuxa representación desaparece conxuntamente o establecido na disposición derradeira segunda continuarán como membros do Consello.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, as seguintes:

a) O Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título III da Lei xeral de telecomunicacións no relativo ao servizo universal, ás demais obrigas de servizo público e ás obrigas de carácter público na prestación dos servizos e na explotación das redes de telecomunicacións.

b) O Real decreto 1652/1998, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos rexistros especiais de titulares de licenzas individuais e de titulares de autorizacións xerais para a explotación de servizos e para o establecemento e explotación de redes de telecomunicacións, e o Regulamento do procedemento de portelo único para a presentación de solicitudes ou notificacións dirixidas á obtención dos devanditos títulos.

c) A Orde do 22 de setembro de 1998 pola que se establecen o réxime aplicable ás licenzas individuais para servizos e redes de telecomunicacións e as condicións que deben ser cumpridas polos seus titulares.

d) A Orde do 22 de setembro de 1998 pola que se establecen o réxime aplicable ás autorizacións xerais para servizos e redes de telecomunicacións e as condicións que deben ser cumpridas polos seus titulares.

e) A Orde do 21 de decembro de 2001 pola que se regulan determinados aspectos do servizo universal de telecomunicacións.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico.*

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso

do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do ministro de Fomento do 9 de marzo de 2000, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os parágrafos primeiro, cuarto e quinto do artigo 8 quedan redactados do seguinte modo:

«Os interesados en obter calquera título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico presentarán as súas solicitudes ante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións.»

«A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, antes de ditar a resolución sobre o outorgamento ou denegación do título habilitante necesario para o uso do dominio público radioeléctrico e no prazo previsto para iso, poderalle requirir ao solicitante canta información ou aclaracións considere convenientes sobre a súa solicitude ou sobre os documentos con ela presentados. As denegacións de concesións fundadas na falta de acreditación da condición de operador seranlle comunicadas á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.»

«Cando sexa preciso para garantir unha xestión eficaz do espectro radioeléctrico, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá modificar as características técnicas solicitadas logo de audiencia do interesado e sen prexuízo do mantemento dos obxectivos de servizo propostos polo solicitante. Neste suposto, a validez do título outorgado estará condicionada á súa aceptación polo solicitante.»

Dous. O artigo 9 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 9. *Prazos para resolver e notificar.*

1. O prazo para o outorgamento e a notificación das autorizacións e concesións de dominio público radioeléctrico será de seis semanas desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros do órgano competente. Este prazo poderá ser ampliado polo tempo necesario para alcanzar a coordinación internacional de frecuencias ou cando afecte reservas de posicións orbitais.

2. Malia o disposto no punto anterior, cando o título habilitante para o uso do dominio público radioeléctrico se outorgue mediante un procedemento de licitación, o prazo máximo para resolver e notificar será de oito meses desde a convocatoria desta.»

Tres. Engádesse un inciso inicial ao primeiro parágrafo e incorpórase un parágrafo quinto ao artigo 14, coa seguinte redacción:

«O outorgamento e duración das autorizacións para o uso especial do dominio público radioeléctrico, así como as condicións exixibles aos seus titulares, estableceranse mediante orde ministerial.»

«As autorizacións de uso especial terán carácter persoal e conservarán a súa vixencia mentres o seu titular non manifeste a súa renuncia. Non obstante, o titular deberá comunicar de maneira que dea fe á Administración cada cinco anos, contados desde a data de outorgamento da autorización, a súa intención de continuar utilizando o dominio público radioeléctrico. O incumprimento deste deber será causa de extinción da autorización, logo de tramitación do correspondente expediente, cuxo procedemento se establecerá mediante orde ministerial.»

Catro. O parágrafo primeiro do artigo 17 queda redactado da seguinte maneira:

«Os titulares das asignacións de frecuencias deberán cumprir, ademais das condicións que lles veñan impostas na resolución do título do uso do espectro radioeléctrico, as correspondentes ao réxime de autorización xeral que resulten aplicables na explotación da rede ou na prestación do servizo.»



Cinco. O parágrafo primeiro do artigo 19 queda redactado da seguinte maneira:

«Sen prexuízo do disposto no artigo 37, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións resolverá, nos prazos que en cada caso procedan, de acordo co artigo 9, sobre o outorgamento dos títulos solicitados.»

Seis. O parágrafo primeiro do artigo 20 queda redactado da seguinte maneira:

«A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá denegar as solicitudes por algunha das seguintes causas:»

Sete. Os parágrafos primeiro e segundo do artigo 21 quedan redactados do seguinte modo, e engádesse un parágrafo cuarto, coa seguinte redacción:

«Os títulos habilitantes que outorguen dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, citados no artigo 18, terán o período de vixencia inicial que para cada un deles se fixa nos artigos seguintes. Estes títulos habilitantes poderán ser obxecto de sucesivas prórrogas.»

«A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá modificar, en calquera momento, durante o período de vixencia dun título habilitante que outorgue dereitos de uso privativo sobre o dominio público radioeléctrico, as características técnicas e as bandas de frecuencias asignadas cando iso sexa preciso para a súa adecuación ao cadro nacional de atribución de frecuencias, por razóns de uso eficiente do espectro radioeléctrico, de acordo co previsto no artigo 11, ou por obrigas derivadas do cumprimento da normativa internacional ou comunitaria.»

«Mediante orde ministerial, logo de audiencia dos interesados, das asociacións de usuarios e informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e con respecto á lexislación sobre patrimonio das administracións públicas, poderanse modificar as condicións xerais a que se suxeitan os títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, consonte os principios de obxectividade e proporcionalidade, e atendendo principalmente ás necesidades da planificación e do uso eficiente e á dispoñibilidade do espectro radioeléctrico.»

Oito. Os parágrafos primeiro e segundo do artigo 23 quedan redactados da seguinte maneira:

«O incumprimento das condicións e requisitos técnicos aplicables ao uso do dominio público radioeléctrico poderá dar lugar á revogación, pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, do título habilitante que outorga dereito ao seu uso privativo, logo de tramitación do correspondente expediente, a través do procedemento xeral da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Así mesmo, a perda da condición de operador do titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico, por algunha das causas previstas no capítulo I do título II do Regulamento relativo ás condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas, levará aparellada a das concesións de uso privativo do devandito dominio.»

Novo. A alínea e) do artigo 24 queda redactada da seguinte maneira:

«e) Pola perda da condición de operador do titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico, en caso de se tratar de concesións de uso privativo, ou calquera causa que imposibilite a prestación do servizo polo seu titular.»

Dez. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Inspección previa ao uso do espectro.*

De acordo co artigo 45 da Lei xeral de telecomunicacións, será requisito previo á utilización do dominio

público radioeléctrico a inspección ou recoñecemento satisfactorio das instalacións pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

En función da natureza do servizo, da banda de frecuencias empregada, da importancia técnica das instalacións que se utilicen ou por razóns de eficacia na xestión do espectro, a devandita inspección ou recoñecemento previo poderá ser substituída por unha certificación expedida por técnico competente a que se refire o artigo 45.4 da Lei xeral de telecomunicacións.

Mediante resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, poderanse establecer bandas de frecuencias ou servizos en que, consonte o parágrafo anterior, a inspección poderá ser substituída pola certificación prevista nel.»

Once. O artigo 27 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 27. *Presentación de solicitudes.*

Os interesados en obter unha afectación de dominio público radioeléctrico deberán dirixir unha solicitude á Axencia Estatal de Radiocomunicacións, acompañada dunha proposta técnica na cal se defina con precisión a estrutura e características técnicas da rede de comunicacións que se pretende instalar e o servizo ou servizos aos cales se pretende destinar.»

Doce. O artigo 29 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 29. *Prazo de vixencia.*

As afectacións de dominio público radioeléctrico outorgaranse por un período de tempo máximo que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpra o seu quinto de vixencia, prorrogable, logo de petición do seu titular, por períodos de cinco anos.»

Trece. O artigo 30 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 30. *Dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico.*

O dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico por persoas físicas ou xurídicas, ou polas administracións públicas e entes públicos delas dependentes, para fins distintos dos expresados no artigo 26, será outorgado mediante a correspondente autorización ou concesión pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

As concesións e autorizacións que outorguen dereito ao uso privativo do dominio público radioeléctrico estarán suxeitas ao disposto neste regulamento. Non obstante, ás concesións outorgadas mediante un procedemento de licitación seralles de aplicación o disposto na orde ministerial que aprobe o correspondente prego de bases da adxudicación e neste regulamento no que non se opoña a aquela.»

Catorce. O artigo 31 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 31. *Concesións e autorizacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.*

O dereito ao uso privativo do dominio público radioeléctrico distinto ao regulado no capítulo II deste título obterase mediante concesión administrativa, nos termos establecidos neste capítulo. Para a obtención dunha concesión demanial, o solicitante deberá acreditar a súa condición de operador.

Malia o disposto no parágrafo anterior, o dereito ao uso do dominio público radioeléctrico poderase adquirir mediante a obtención da correspondente autorización administrativa cando a utilización do devandito dominio se realice en réxime de autoprestación, salvo no caso das administracións públicas, que requirirán afectación demanial.

As concesións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgaranse por un período inicial que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpra o seu quinto de vixencia, prorrogable, por petición do interesado, por períodos sucesivos de cinco anos.

Sen prexuízo do disposto no artigo 6, as concesións demaniais serán accesibles ao público mediante o acceso, a través da internet, ao Rexistro público de radiofrecuencias, que levará a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, conforme o artigo 47 da Lei xeral de telecomunicacións.

Unha vez outorgada a concesión de uso do dominio público radioeléctrico, notificaráselle ao particular, quen estará obrigado ao pagamento do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, consonte a súa normativa reguladora.

O titular da concesión deberá acreditar, no prazo de tres meses desde a notificación, o pagamento do imposto a que se refire o parágrafo anterior. Unha vez que se produza a devandita acreditación, a concesión inscribírase no Rexistro público de radiofrecuencias no prazo de 15 días. Transcorridos os tres meses sen que se produciase a acreditación, a concesión será revogada mediante resolución do órgano competente para outorgala consonte o establecido no artigo 23.»

Quince. O primeiro parágrafo do artigo 32 queda redactado da seguinte maneira:

«A transmisión do título habilitante para o uso do espectro requirirá a autorización do órgano administrativo que o outorgou.»

Dezaseis. O primeiro parágrafo do artigo 33 queda redactado da seguinte maneira, e engádese un parágrafo terceiro, coa seguinte redacción:

«A solicitude de autorización, xunto á proposta técnica, dirixirase á Axencia Estatal de Radiocomunicacións, en impreso formulario debidamente cuberto. Este impreso será aprobado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións e publicado no "Boletín Oficial del Estado".»

«Non se outorgarán dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico para o seu uso en autoprestación nos supostos en que a demanda supere a oferta e se aplique o procedemento de licitación previsto no artigo 37.»

Dezasete. Os dous primeiros parágrafos do artigo 34 quedan redactados do seguinte modo, e substitúese no terceiro parágrafo a expresión «O Ministerio de Fomento poderá:» por «A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá:»

«Toda autorización se outorgará por un período de tempo inicial que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpra o seu quinto de vixencia, prorrogable por períodos sucesivos de cinco anos.

Se o titular desexase prorrogar a autorización, deberá solicitalo con tres meses de antelación á finalización da súa vixencia. Se ao concluír o período de vixencia da autorización a Administración non se pronunciase sobre a solicitude de prórroga, esta entenderase desestimada.»

Dezaioito. O artigo 35 queda derogado.

Dezanove. A rúbrica da sección 3.<sup>a</sup> pasa a se denominar «Concesións de dominio público radioeléctrico outorgadas mediante un procedemento de licitación».

Vinte. O artigo 37 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 37. *Limitación do número de concesións por razón do uso eficaz do espectro radioeléctrico.*

1. Cando sexa preciso para garantir o uso eficaz do espectro radioeléctrico, a Axencia Estatal de Radio-

comunicacións suspenderá o outorgamento de concesións e proporalle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a limitación do número de concesións demaniais que se outorguen sobre o devandito dominio.

2. No suposto previsto no punto anterior, será de aplicación o seguinte:

a) O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio levará a cabo un trámite de audiencia para coñecer a posible existencia de interesados na prestación do servizo ou o establecemento e explotación da rede. No devandito trámite solicitarase a opinión, á parte dos interesados, do Consello de Consumidores e Usuarios.

b) Tras o trámite anterior, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adoptará, se é o caso, a decisión de limitar o número de concesións que se vaian outorgar e suspenderá o outorgamento de títulos habilitantes no segmento de espectro afectado pola devandita decisión.

c) Mediante orde ministerial, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, apróbase o prego de bases e a convocatoria dun procedemento de licitación para o outorgamento das concesións. No citado prego deberase establecer:

1.º A cantidade de espectro asociada, as características da súa utilización, o prazo de vixencia das concesións, que non poderá exceder de 20 anos prorrogables, ou calquera outra característica ou condición para o seu uso efectivo.

2.º Os requisitos e condicións que terán que cumprir os licitadores e os posibles adxudicatarios, que deberán ter a condición de operador no momento de finalización do prazo de presentación de licitacións.

3.º O procedemento de adxudicación, que poderá ser de concurso ou poxa, e que respectará en todo caso os principios de publicidade, concorrencia e non discriminación.

4.º As condicións en que se deba prestar o servizo ou explotar a rede de comunicacións electrónicas a que estea destinado o dominio público radioeléctrico adxudicado.

d) En todo o non previsto no prego de bases en relación coa convocatoria, adxudicación, modificación, transmisión e extinción das concesións outorgadas mediante este procedemento, será de aplicación a lexislación de contratos das administracións públicas.

e) O procedemento de licitación deberase resolver e notificar nun prazo máximo de oito meses desde a publicación da convocatoria.

f) As condicións en que se deba prestar o servizo ou explotar a rede mediante o uso do dominio público radioeléctrico adxudicado serán as previstas na Lei xeral de telecomunicacións e na súa normativa de desenvolvemento, as específicas establecidas no prego de bases e as que o adxudicatario asumise na súa proposta.

3. A limitación do número de concesións de dominio público radioeléctrico será revisable polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de oficio ou por instancia de parte, na medida en que desaparezan as causas que a motivaron. No caso de se efectuar a devandita revisión, non haberá dereito a indemnización a favor dos operadores que obtivesen as súas concesións mediante o procedemento de licitación, sen prexuízo do dereito dos devanditos operadores á cancelación das garantías que, se é o caso, constituísen para responder de compromisos asumidos no procedemento.»

Vinte e un. Os artigos 38 e 39 quedan derogados.

Vinte e dous. O punto 1 do artigo 40 queda redactado da seguinte maneira e engádese un inciso final ao antepeúltimo parágrafo, coa seguinte redacción:

«1. Cando o procedemento sexa iniciado de oficio pola Administración, os recursos obtidos poderán ser explotados en réxime de xestión directa ou indirecta. Neste último caso, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións proporalle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a convocatoria do correspondente concurso público. Todos os gastos derivados deste procedemento se lle repercutirán ao adxudicatario no momento do outorgamento do título habilitante.»

«Non obstante, a constitución desta garantía non será exixible se, ao se outorgaren recursos órbita-espectro adicionais aos xa posuídos polo titular, se encontrase vixente unha garantía constituída por el afecta a obrigas xa cumpridas.»

Vinte e tres. O último parágrafo do artigo 40 queda redactado da seguinte maneira e engádese un punto 3, coa seguinte redacción:

«Unha vez obtido o recurso, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio outorgaralle mediante adxudicación directa ao peticionario o correspondente título habilitante, o cal terá vixencia, en caso de lanzamento dun satélite, durante a súa vida útil, sen que en ningún caso poida exceder de 30 anos desde a adxudicación.»

«3. O dereito de uso do dominio público radioeléctrico sobre os recursos órbita-espectro no ámbito da soberanía española destinados a unha misión governamental poderá ser cedido polo seu titular ao terceiro ao cal a Administración que teña encomendada a devandita misión designe. A cesión deberá ser aprobada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e levarase a cabo nos termos fixados por este, logo de informe do titular da misión governamental.»

A cesión a que se refire o parágrafo anterior será gratuita, e terá vixencia polo prazo total do título habilitante dos recursos órbita-espectro ou, alternativamente, pola vida útil da misión governamental.»

Vinte e catro. O parágrafo primeiro do artigo 42 queda redactado da seguinte maneira:

«A utilización do dominio público radioeléctrico para a instalación e explotación de redes de transporte de sinais dos servizos de radiodifusión sonora e de televisión requirirá a correspondente concesión outorgada pola Administración do Estado.»

Vinte e cinco. O artigo 43 queda derogado.

Vinte e seis. O artigo 44 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 44. *Concepto, títulos habilitantes e réxime xurídico.*

Terán a consideración de eventos de curta duración a realización de probas técnicas, os de cobertura de acontecementos deportivos e, en xeral, calquera utilización do dominio público radioeléctrico por un período breve de tempo.

O réxime aplicable ás autorizacións de dominio público radioeléctrico para eventos de curta duración será o establecido no capítulo III deste título, con excepción do disposto no relativo á súa duración, que será dun período máximo improrrogable de seis meses.»

Vinte e sete. Engádese unha disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. *Servizos en que se limita o número de concesións demaniais.*

De conformidade co previsto no artigo 37, considéranse servizos en que, por ser precisa a garantía do

uso eficiente do dominio público radioeléctrico, se limita o número de concesións para o uso do devandito dominio:

a) O servizo de telefonía móbil automática na súa modalidade GSM.

b) O servizo de comunicacións móbiles persoais na súa modalidade DCS 1800.

c) O servizo de comunicacións móbiles de terceira xeración UMTS.

d) O servizo de distribución de vídeo vía radio mediante o sistema SDVM (sistema de distribución de vídeo multipunto).

e) O servizo de comunicacións móbiles en grupos cerrados de usuarios con tecnoloxía dixital de ámbito nacional.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establece a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.*

O Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establece a composición e o réxime de funcionamento do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo primeiro do artigo 1 queda redactado da seguinte maneira:

«O Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, previsto na disposición adicional quinta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, é un órgano asesor do Goberno en materia de telecomunicacións e sociedade da información.»

Dous. A alínea b) do artigo 2 queda redactada da seguinte maneira:

«b) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos lexislativos e regulamentarios, en aplicación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.»

Tres. O artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 4. *Vogais.*

1. Serán vogais do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información:

A) En representación da Administración xeral do Estado:

a) Seis representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, nomeados polo presidente do Consello, con categoría, polo menos, de subdirector xeral ou asimilado, dos cales un corresponderá necesariamente á Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, outro á Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, e outro será o secretario do Consello, que actuará, así mesmo, como secretario da Comisión Permanente.

b) Ademais, serán vogais do Consello, nomeados polo presidente, por proposta dos titulares dos departamentos respectivos, con categoría, polo menos, de subdirector xeral ou asimilado, se é o caso:

1.º Un representante da Presidencia do Goberno.

2.º Un representante de cada departamento ministerial e dos ministros previstos polo artigo 4.2 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, se os houbese.

3.º Un representante da Comisión Superior de Informática e para o impulso da Administración electrónica.



4.º Un representante da Axencia Española de Protección de Datos.

B) En representación das administracións autonómica e local, serán designados polo presidente do Consello:

a) Un representante de cada comunidade autónoma, proposto por esta.

b) Dous representantes da Administración local, propostos pola asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

C) Polos industriais e comercializadores, designados polo presidente do Consello, por proposta das asociacións empresariais do sector:

a) Dous representantes da industria de fabricación de equipamentos de telecomunicación.

b) Un representante dos comercializadores e importadores de equipamentos de telecomunicación e de tecnoloxías da información.

c) Dous representantes das asociacións dos instaladores de telecomunicación.

d) Dous representantes da industria de fabricación de equipamentos e desenvolvemento de aplicacións relacionados coa sociedade da información.

D) Polos prestadores de servizos de telecomunicación, de difusión e da sociedade da información, designados polo presidente do Consello, por proposta das entidades, empresas, asociacións ou centros directivos correspondentes:

a) Polos prestadores de servizos de telecomunicacións:

1.º Dous representantes polos operadores titulares de concesións de dominio público radioeléctrico con limitación de número, outorgadas mediante un procedemento de licitación.

2.º Un representante por cada entidade prestadora das obrigas de servizo público previstas nos artigos 22, 25.1 e 25.2.d) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

3.º Un representante da asociación máis representativa dos operadores non incluídos no parágrafo anterior.

4.º Un representante da entidade prestadora da obriga de servizo público prevista no punto 1 da disposición transitoria cuarta do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do 9 de marzo de 2000.

b) Polos prestadores de servizos de difusión:

1.º Un representante da entidade prestadora do servizo público esencial de televisión, regulado pola Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da radio e da televisión.

2.º Dous representantes das entidades ou sociedades prestadoras do servizo público esencial de televisión, regulado pola Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión.

3.º Un representante de cada unha das sociedades concesionarias do servizo de televisión privada analóxica de ámbito nacional, regulado pola Lei 10/1988, do 3 de maio.

4.º Un representante das sociedades prestadoras do servizo de televisión por satélite.

5.º Dous representantes das sociedades titulares do servizo de difusión de televisión por cable regulado na Lei 42/1995, do 22 de decembro.

6.º Dous representantes das sociedades prestadoras do servizo de televisión dixital por ondas terrestres de ámbito nacional, sempre que non xestionen outra modalidade do servizo de televisión.

7.º Dous representantes das sociedades prestadores do servizo de televisión privada de ámbito autonómico e local.

8.º Tres representantes polos prestadores de servizos de radiodifusión sonora: un, polo sector público estatal; outro, polo sector público autonómico, e un terceiro, polo sector privado.

c) Polos prestadores de servizo da sociedade da información:

1.º Un polos prestadores de servizos de certificación de sinatura electrónica de entre os que operan na Administración.

2.º Un polo resto de prestadores de servizos de certificación de sinatura electrónica.

3.º Un polos prestadores de servizos de intermediación da sociedade da información.

4.º Un pola asociación máis representativa de ámbito nacional das empresas prestadoras de servizos de comercio electrónico.

5.º Un pola entidade xestora do rexistro de nomes de dominio da internet baixo o código de país correspondente a España («.es»).

E) Polos usuarios:

a) Dous representantes das asociacións de consumidores e usuarios, designados polo presidente do Consello, por proposta do Consello de Consumidores e Usuarios.

b) Un representante das asociacións de usuarios de servizos de telecomunicacións, designado polo presidente do Consello, por proposta destas.

c) Dous representantes de asociacións representativas de usuarios da internet, designados polo presidente do Consello, por proposta destas.

d) Un representante da asociación máis representativa dos usuarios con discapacidade aos cales debe ser garantida a prestación do servizo universal, de conformidade co artigo 22.1.d) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

F) Polos sindicatos, catro representantes das organizacións sindicais, designados polo presidente do Consello, por proposta destas. O número de representantes de cada organización sindical será proporcional ao dos representantes obtidos nas eleccións sindicais, no ámbito estatal, no sector das telecomunicacións e da sociedade da información.

G) Polas corporacións de dereito público en defensa de intereses profesionais ou sectoriais, catro representantes:

a) Un polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación e outro polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicación, designados polo presidente, por proposta de cada un deles.

b) Un polos colexios profesionais correspondentes a titulacións de enxeñaría non representados no parágrafo anterior, por proposta da Real Academia de Enxeñaría.

c) Un polo Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España, por proposta súa.

H) Ata un máximo de catro vogais, designados polo presidente do Consello, entre personalidades de reconecido prestixio no sector das telecomunicacións e da sociedade da información.

2. A representación dos vogais do Consello Asesor na Comisión Permanente deste órgano efectuarase consonte o establecido no artigo 13.

3. A designación dos vogais, cando se realice por proposta de asociacións ou entidades, deberase axustar á proposta.»

Catro. O punto 1 do artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«1. A Comisión Permanente estará composta polos vicepresidentes e os seguintes vogais:

a) Seis do grupo do punto A) do artigo 4.1, dos cales tres corresponderán ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; un, ao Ministerio de Defensa; un, ao Ministerio de Administracións Públicas, e un, ao Ministerio de Economía e Facenda. Dos tres primeiros, un pertencerá á Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información; outro, á Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, e o terceiro será o secretario do Consello, que actuará, así mesmo, como secretario da Comisión Permanente.

b) Dous do grupo do punto B) do artigo 4.1, un dos cales corresponderá ás comunidades autónomas, proposto por elas, e outro á Administración local, por proposta súa.

c) Dous do grupo do punto C) do artigo 4.1, dos cales un corresponderá á industria de fabricación de equipamentos de telecomunicación, e o outro, aos comercializadores e importadores de equipamentos de telecomunicación e de tecnoloxías da información.

d) Cinco do grupo a) do punto D) do artigo 4.1, distribuídos da seguinte maneira:

1.º Un por cada prestador das obrigas de servizo público dos artigos 22, 25.1 e 25.2.d) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2.º Un en representación da asociación máis representativa dos operadores non incluídos no parágrafo anterior.

3.º Un en representación do prestador da obriga de servizo público prevista no punto 1 da disposición transitoria cuarta do Regulamento relativo ao uso do dominio público radioeléctrico.

e) Cinco do grupo b) do punto D) do artigo 4.1, distribuídos do seguinte modo:

1.º Un representante dos prestadores públicos estatais dos servizos de radiodifusión e televisión.

2.º Un representante dos prestadores públicos autonómicos dos servizos de radiodifusión e televisión.

3.º Dous representantes dos prestadores de servizos de televisión privada incluídos nos puntos 4.º, 5.º, 6.º e 7.º do grupo D.b) do artigo 4.1.

4.º Un representante do sector da televisión privada analóxica de ámbito nacional e do sector da radiodifusión privada incluídos nos parágrafos 3.º e 8.º do artigo 4.1.D).b).

f) Dous polo grupo c) do punto D) do artigo 4.1, dos cales un corresponderá á entidade xestora do rexistro de nomes de dominio da internet baixo o código («.es»), e outro, ao resto de entidades integradas no devandito grupo.

g) Catro polo grupo do punto E) do artigo 4.1, dos cales corresponderá un a cada un dos grupos integrados no devandito punto.

h) Un ao grupo do punto F) do artigo 4.1.

i) Un do grupo a) do punto G), e outro do punto H) do artigo 4.1.

Os vogais de cada un dos grupos e subgrupos dos puntos do artigo 4 elixirán de entre os seus membros o vogal ou vogais que deban formar parte da Comisión Permanente.

O suplente de cada un dos vogais e do secretario da Comisión Permanente será o mesmo que teña a devandita condición respecto dos vogais e o secretario do Pleno do Consello Asesor, de acordo co establecido no artigo 6.»

Cinco. O segundo parágrafo do punto 1 do artigo 14 queda redactado da seguinte maneira:

«Estas ponencias, que terán a consideración de grupos de traballo do Consello Asesor, estarán presididas por un dos membros do Consello, designado polo

seu presidente, e integradas por aqueles que decida a Comisión Permanente. Poderán estar asistidas por persoas vinculadas ao sector das telecomunicacións e da sociedade da información ou expertas nos asuntos que sexan obxecto de estudo pola ponencia, designadas polo presidente desta.»

Seis. Queda derogado o punto 3 do artigo 14.

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro.*

O Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 10 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 10. *Interfaces regulamentadas.*

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información publicará como resolución no "Boletín Oficial del Estado" as interfaces regulamentadas en España que lle fosen notificadas á Comisión Europea.»

Dous. O parágrafo cuarto do artigo 21 queda redactado da seguinte maneira:

«Como consecuencia da notificación recibida, comunicaráse ao interesado se procede a posta no mercado nacional e, se é o caso, as restricións de uso ou limitacións xeográficas, para o uso do citado equipamento.»

Tres. O punto 3 do artigo 30 queda redactado da seguinte maneira:

«3. Se o fabricante, ou o seu mandatario establecido na Unión Europea ou a persoa responsable da posta no mercado, desexa avaliar a conformidade en virtude do disposto neste capítulo, presentará os documentos anteriormente descritos ante un organismo notificado da Unión Europea. No caso de optar pola intervención da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información como organismo notificado, presentará o expediente técnico de construción, acompañado do seu manual de usuario, ante a devandita Secretaría de Estado, e solicitará a emisión do informe técnico tras a revisión do expediente técnico de construción, para o que utilizará, de forma voluntaria, o modelo de solicitude establecido no anexo III.1.»

Catro. Os puntos 5, 6 e 7 do artigo 30 quedan redactados da seguinte maneira:

«5. O organismo notificado español elixido revisará o expediente técnico de construción para verificar se se cumpre todo o establecido neste regulamento e poderá emitir, no prazo máximo de 28 días naturais a partir da recepción do expediente, un ditame que será enviado ao fabricante do aparello, ao seu mandatario establecido na Unión Europea, ou á persoa responsable da posta no mercado, e indicará se se autoriza a súa posta no mercado por cumprimento dos requisitos esenciais establecidos no momento da emisión do ditame ou, polo contrario, se non se autoriza a posta no mercado por considerar que coa documentación presentada non se pode deducir que o aparello é conforme cos requisitos esenciais que lle son aplicables.

6. Unha vez recibido o ditame polo solicitante, e no caso de ser positivo, o aparello poderá ser posto no mercado europeo, tras cumprir co disposto no artigo 21. No caso de se dirixir á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a aplicación deste procedemento, pódese realizar



a solicitude indicada neste capítulo e a notificación sinalada no artigo 21, de modo simultáneo.

7. Se no prazo de catro semanas, contadas a partir da recepción do expediente polo organismo notificado, non se obtivese resposta en ningún sentido, o fabricante ou o seu mandatario establecido na Unión Europea, ou o responsable da posta no mercado, poderán poñer no mercado o aparello, marcado como se indicou anteriormente e nas condicións previstas neste regulamento. No caso de seleccionar a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información como organismo notificado, o prazo dos 28 días naturais quedará interrompido se a documentación presentada é incompleta, mentres sexa emendada polo solicitante do ditame técnico, de conformidade co artigo 42.5.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Cinco. O segundo parágrafo do artigo 32 queda redactado da seguinte maneira:

«No caso de elixir a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, presentará a solicitude ante a devandita Secretaría de Estado. Para tal efecto, poderase utilizar o modelo que se inclúe no anexo III.2.»

Seis. O primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 33 queda redactado da seguinte maneira:

«2. O organismo notificado fará avaliar, en particular, se o sistema de control de calidade asegura a conformidade dos aparellos co disposto neste regulamento, tendo en conta a documentación presentada, incluídos, se é o caso, os resultados dos ensaios facilitados polo fabricante.»

Sete. Os puntos 3 e 4 do artigo 33 quedan redactados da seguinte maneira:

«3. Cando o organismo notificado sexa a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, esta estudará a documentación indicada no punto 1 deste artigo e o resultado da avaliación realizada segundo os criterios expostos no punto 2, e emitirá a correspondente autorización nun prazo non superior a dous meses. No suposto de que a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información establecese requisitos adicionais, a autorización concederáse en función da avaliación da entidade acreditada e do cumprimento dos citados requisitos.

4. O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas derivadas do sistema de calidade implementado, tal e como fose aprobado, e a mantelo de forma que conserve a súa adecuación e eficacia.

O organismo notificado ou o seu mandatario informará o organismo notificado e a entidade acreditada que o avalíase de calquera adecuación que pretenda introducir no sistema de calidade.

O organismo notificado fará avaliar as modificacións propostas e decidirá se o sistema de calidade modificado segue cumprindo os requisitos indicados anteriormente ou, en caso necesario, efectuar unha nova avaliación, e comunicarlle a súa decisión ao fabricante. A notificación conterá as conclusións do control e a decisión motivada da avaliación.»

Oito. A rúbrica e o punto 1 do artigo 34 quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 34. *Vixilancia CE do sistema de calidade.*

1. A finalidade da vixilancia é asegurarse de que o fabricante cumpre correctamente coas obrigas derivadas do sistema de calidade aprobado, que o mantén e o aplica.

Para iso, o organismo notificado efectuará ou fará efectuar, nas instalacións do fabricante, as inspeccións

e auditorías oportunas, e entregarlle ao fabricante un informe cos resultados obtidos.»

Novo. O punto 2 do artigo 41 queda redactado da seguinte maneira:

«2. En caso de desconformidade, proporase a incoación do correspondente expediente sancionador, sen prexuízo da aplicación da medida cautelar prevista no artigo 41 bis.»

Dez. Queda suprimido o punto 5 do artigo 41.

Once. Engádesse un artigo 41 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 41 bis. *Procedemento de retirada do mercado de equipamentos e aparellos.*

A posta no mercado de equipamentos e aparellos de telecomunicación que non reúnan os requisitos que lles son aplicables para a súa posta no mercado, de conformidade co establecido neste regulamento, que supoñan un risco para a seguridade ou saúde das persoas ou causasen ou se considere xustificadamente que poidan causar interferencias prexudiciais, ou danos ou prexuízos graves á rede, así como aqueles equipamentos e aparellos de telecomunicación para os cales a Comisión Europea notificasen unha cláusula de salvagarda, de acordo co establecido no artigo 42, poderá dar lugar á adopción polos servizos da Inspección de Telecomunicacións da medida cautelar consistente na retirada do mercado dos correspondentes equipamentos e aparellos.

Esta medida manterase ata a incoación do correspondente expediente sancionador polos servizos da Inspección de Telecomunicacións ou ata que se proceda, se é o caso, á verificación da conformidade cos requisitos establecidos neste real decreto, sen prexuízo do ditame da Comisión Europea sobre as medidas de salvagarda sobre aparellos de telecomunicacións adoptadas por outros Estados membros da Unión Europea.

O procedemento de retirada do mercado dos equipamentos e aparellos poderase realizar por algunha das seguintes modalidades:

- a) Incautación e depósito en instalacións ou dependencias da Administración competente.
- b) Retirada dos equipamentos e aparellos por conta do fabricante ou, no seu defecto, polo responsable da súa comercialización ou posta no mercado.

O procedemento de retirada do mercado de equipamentos e aparellos suxeitarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e poderase acordar por razóns de interese público a aplicación do procedemento de tramitación de urxencia.

Da medida cautelar adoptada daráselles coñecemento á Comisión Europea, ás asociacións de fabricantes afectados, así como ao Instituto Nacional do Consumo e ao Consello de Consumidores e Usuarios.»

Doce. O artigo 46 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 46. *Organismo español notificado.*

En España designase a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información como organismo notificado para a aplicación das disposicións dos capítulos III, IV e V do título III deste regulamento. O procedemento de designación doutros organismos notificados en España regularase mediante orde ministerial, na cal se determinará:

- a) O alcance da designación.
- b) Os requisitos para obter a designación.
- c) As causas de extinción da designación.

d) Os dereitos e obrigas das entidades designadas.»

TrECE. Engádesse unha nova disposición adicional ao Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Notificación ao Instituto Nacional do Consumo.*

Sen prexuízo do cumprimento do disposto no regulamento que aproba este real decreto, naqueles casos en que os equipamentos e aparellos de telecomunicacións supoñan un risco grave para a saúde e seguridade dos consumidores, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información remitiralle a notificación correspondente ao Instituto Nacional do Consumo, segundo establece o Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos, salvo que se considere que o risco grave ten efectos limitados ao territorio español e non se prevea que poida ser de interese o seu coñecemento no ámbito da Comunidade Europea.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, aprobado polo Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro.*

O Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas, aprobado polo Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 8 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os operadores que establezan as redes ou presten os servizos que se relacionan a continuación deberán presentar un estudo detallado, realizado por un técnico competente, que indique os niveis de exposición radioeléctrica en áreas próximas ás súas instalacións radioeléctricas fixas en que poidan permanecer habitualmente persoas. Estas redes ou servizos son os seguintes:

- a) Redes de difusión dos servizos de radiodifusión sonora e televisión.
- b) Servizos de telefonía móbil automática analóxica.
- c) Servizo de telefonía móbil automática GSM.
- d) Servizo de comunicacións móbiles persoais DCS-1800.
- e) Servizo de comunicacións móbiles de terceira xeración.
- f) Servizo de radiobusca.
- g) Servizo de comunicacións móbiles en grupo cerrado de usuarios.
- h) Redes do servizo fixo por satélite, do servizo móbil por satélite e do servizo de radiodifusión por satélite.
- i) Servizo de acceso vía radio LMDS.»

Dous. O parágrafo segundo do punto 3 do artigo 9 queda redactado da seguinte maneira:

«Así mesmo, os operadores a que se refire o punto 1 do artigo 8 deberánlle remitir ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no primeiro trimestre de cada ano natural, unha certificación emitida por un técnico competente de que se respectaron os límites de exposición establecidos no anexo II durante o ano anterior. Este ministerio poderá ampliar esta

obriga a titulares doutras instalacións radioeléctricas.»

Disposición derradeira quinta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva sobre telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## REGULAMENTO SOBRE AS CONDICIÓNIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COMUNICACIÓNIS ELECTRÓNICAS, O SERVIZO UNIVERSAL E A PROTECCIÓN DOS USUARIOS

### ÍNDICE

Título I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto do regulamento.

Artigo 2. Suxeitos obrigados.

Artigo 3. Réxime xurídico.

Título II. Explotación de redes e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de libre competencia.

Capítulo I. Réxime xeral de explotación de redes e de prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

Artigo 4. Requisitos xerais.

Artigo 5. Notificación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 6. Extinción da habilitación.

Capítulo II. Rexistro de operadores.

Artigo 7. Obxecto do Rexistro de operadores.

Artigo 8. Acceso ao rexistro e expedición de certificacións.

Artigo 9. Estrutura do rexistro.

Artigo 10. Inscripción no rexistro.

Artigo 11. Declaración normalizada de se ter producido a notificación e inscrición.

Artigo 12. Modificación dos datos inscritos.

Artigo 13. Outros datos incluídos no rexistro.

Artigo 14. Cancelación da inscrición.

Capítulo III. Condicións para a explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

Artigo 15. Dereitos dos operadores.

Artigo 16. Condicións que deben cumprir os operadores.

Artigo 17. Condicións xerais.

Artigo 18. Condicións exixibles aos operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas.

Artigo 19. Condicións exixibles aos operadores que exploten redes telefónicas públicas.

Artigo 20. Condicións exixibles aos operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público.

Artigo 21. Obrigas de subministración de información.

Artigo 22. Modificación das condicións exixibles.

Título III. Obrigas de servizo público e de carácter público.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 23. Categorías de obrigas de servizo público ou de carácter público.

Artigo 24. Suxeitos obrigados.

Artigo 25. Administración competente.

Artigo 26. Principios aplicables na imposición de obrigas de servizo público.

Capítulo II. Servizo universal.

Sección 1.<sup>a</sup> Delimitación do servizo universal.

Artigo 27. Concepto e delimitación dos servizos que se inclúen no ámbito do servizo universal.

Artigo 28. Conexión á rede pública e acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público.

Artigo 29. Solicitudes de conexión á rede e prazo máximo de subministración da conexión inicial.

Artigo 30. Guías telefónicas.

Artigo 31. Servizo de consulta telefónica sobre números de abonado.

Artigo 32. Teléfonos públicos de pagamento.

Artigo 33. Outras medidas para facilitar a accesibilidade ao servizo polas persoas con discapacidade.

Artigo 34. Condicións relativas á calidade.

Sección 2.<sup>a</sup> Carácter alcanzable do prezo do servizo universal.

Artigo 35. Concepto e obxectivos.

Sección 3.<sup>a</sup> Operadores obrigados á prestación; procedemento de designación de operadores.

Artigo 36. Designación de operador para a prestación do servizo universal.

Artigo 37. Prestación do servizo universal por un operador designado mediante licitación.

Artigo 38. Prestación do servizo universal por operadores con poder significativo no mercado.

Sección 4.<sup>a</sup> Custo neto da prestación do servizo universal.

Artigo 39. Determinación da existencia dunha carga inxustificada.

Artigo 40. Compoñentes de custo do servizo universal.

Artigo 41. Compoñente territorial: zonas non rendibles.

Artigo 42. Compoñente social: usuarios con necesidades especiais.

Artigo 43. Concepto de custo neto. Custos recuperables e non recuperables.

Artigo 44. Criterios aplicables para a determinación e imputación dos custos.

Artigo 45. Consideración dos ingresos asociados e dos beneficios derivados.

Artigo 46. Determinación periódica do custo neto, verificación e aprobación administrativa.

Sección 5.<sup>a</sup> Financiamento do servizo universal.

Artigo 47. Operadores obrigados a financiar o servizo universal.

Artigo 48. Obxectivos e principios do financiamento.

Artigo 49. Parámetros de repartición do custo neto entre os operadores obrigados.

Artigo 50. Fondo nacional de financiamento do servizo universal. Natureza e fins. Supresión do fondo.

Artigo 51. Recursos do fondo nacional de financiamento do servizo universal. Achegas e xestión.

Artigo 52. Custos de administración do fondo.

Capítulo III. Outras obrigas de servizo público.

Artigo 53. Obrigas de servizo público previstas no punto 1 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Artigo 54. Obrigas de servizo público previstas no punto 2 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Artigo 55. Principios aplicables para a determinación dos operadores obrigados a cumprir as obrigas de servizo público previstas neste capítulo.

Artigo 56. Obrigas de servizo público en materia de transmisión de determinadas canles e servizos de programas de radiodifusión e televisión.

Título IV. Dereito dos operadores á ocupación do dominio público, a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e condicións de establecemento de servidumes e limitacións.

Artigo 57. Dereito á ocupación do dominio público e a ser beneficiario en expedientes de expropiación forzosa.

Artigo 58. Dereito a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa.

Artigo 59. Uso compartido do dominio público e privado para a instalación de infraestruturas.

Artigo 60. Outras servidumes e limitacións.

Título V. Obrigas de carácter público. Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais.

Capítulo I. Protección dos datos persoais na explotación de redes e na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

Artigo 61. Ámbito de aplicación.

Artigo 62. Protección e seguridade dos datos persoais.

Artigo 63. Réxime xurídico.

Artigo 64. Definicións.

Sección 2.<sup>a</sup> Os datos de carácter persoal en relación con determinados aspectos dos servizos de comunicacións electrónicas.

Artigo 65. Datos persoais sobre o tráfico e a facturación.

Artigo 66. Protección dos datos persoais na facturación desagregada.

Artigo 67. Guías de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

Artigo 68. Prestación dos servizos de elaboración de guías de abonados e de consulta telefónica sobre números de abonado.

Artigo 69. Chamadas non solicitadas para fins de venda directa.

Artigo 70. Datos de localización distintos dos datos de tráfico.

Sección 3.<sup>a</sup> Protección dos datos persoais nos servizos avanzados de telefonía.

Artigo 71. Visualización e restrición da liña de orixe e conectada.

Artigo 72. Supresión en orixe chamada a chamada da identificación da liña de orixe.

Artigo 73. Supresión en orixe por liña da identificación da liña de orixe.

Artigo 74. Código de selección de operador.

Artigo 75. Supresión en destino da identificación da liña de orixe.

Artigo 76. Filtrado en destino de chamadas sen identificación.

Artigo 77. Eliminación da supresión en orixe da identificación de liña de orixe.

Artigo 78. Supresión permanente en destino da identidade da liña de orixe.

Artigo 79. Supresión da identificación da liña conectada.

Artigo 80. Características técnicas.

Artigo 81. Responsabilidade dos operadores que teñan as súas redes interconectadas.

Artigo 82. Desvío automático de chamadas.

Capítulo II. A interceptación legal das comunicacións.



### Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais.

- Artigo 83. Obxecto.
- Artigo 84. Definicións.
- Artigo 85. Suxeitos obrigados e obriga de colaborar.
- Artigo 86. Requisitos xerais.
- Artigo 87. Acceso ás comunicacións electrónicas.
- Artigo 88. Información relativa á interceptación.

### Sección 2.<sup>a</sup> Requisitos operacionais.

- Artigo 89. Información previa á interceptación.
- Artigo 90. Información para a interceptación.
- Artigo 91. Lugares para a interceptación.
- Artigo 92. Persoal autorizado.
- Artigo 93. Confidencialidade.
- Artigo 94. Acceso en tempo real.
- Artigo 95. Interfaces de interceptación.
- Artigo 96. Sinal en claro e calidade do sinal entregado.
- Artigo 97. Segredo das comunicacións.
- Artigo 98. Interceptacións múltiples e simultáneas.
- Artigo 99. Prazo de execución da interceptación.
- Artigo 100. Aboamento do custo da interceptación.
- Artigo 101. Infraccións.

### Título VI. Dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais.

#### Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 102. Obxecto.
- Artigo 103. Condicións de prestación dos servizos.
- Artigo 104. Procedementos de resolución de conflitos.

#### Capítulo II. Contratos.

- Artigo 105. Contratos para o acceso á rede de telefonía pública.
- Artigo 106. Outros contratos.
- Artigo 107. Modificacións contractuais.
- Artigo 108. Aprobación e notificación de contratos.

#### Capítulo III. Dereitos e obrigas de transparencia, información e calidade.

- Artigo 109. Transparencia e publicación de información.
- Artigo 110. Obrigas sobre calidade e facturación.
- Artigo 111. Modificación de ofertas.

#### Capítulo IV. Dereitos en relación co servizo telefónico dispoñible ao público.

- Artigo 112. Facturación do servizo telefónico.
- Artigo 113. Dereito de desconexión de determinados servizos.
- Artigo 114. Conservación dos números telefónicos polos abonados.
- Artigo 115. Dereito a indemnización pola interrupción temporal do servizo telefónico dispoñible ao público.
- Artigo 116. Regulación de determinados aspectos do servizo telefónico dispoñible ao público.
- Artigo 117. Depósitos de garantía.
- Artigo 118. Suspensión temporal do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa.
- Artigo 119. Interrupción definitiva do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa.

Disposición adicional única. Cálculo do custo neto do servizo universal en caso de recepción de axudas.

Disposición transitoria primeira. Títulos habilitantes para a prestación de servizos e o establecemento de redes de comunicacións electrónicas anteriores a este regulamento.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio aplicable ao servizo universal.

Disposición transitoria terceira. Vixencia da Orde CTE/711/2002, do 26 de marzo, do Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, e da Orde do 14 de outubro de 1999.

Disposición transitoria cuarta. Prestación dos servizos a que se refire a disposición transitoria cuarta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición transitoria quinta. Obrigas de servizo público do servizo portador de televisión analóxica.

Disposición transitoria sexta. Prazo para o cumprimento dos requisitos en materia de interceptación legal das comunicacións.

Disposición transitoria sétima. Guías de servizos de comunicacións electrónicas.

Disposición transitoria oitava. Dereitos dos consumidores e usuarios.

Disposición transitoria novena. Disposicións relativas á prestación das facilidades de identificación da liña de orixe ou da liña conectada.

Disposición derradeira única. Modelo de declaración normalizada.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

O obxecto deste regulamento é a regulación das condicións para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas, en desenvolvemento do capítulo I do título II da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e das obrigas de servizo público e os dereitos e obrigas de carácter público aplicables en desenvolvemento do título III da devandita lei.

#### Artigo 2. *Suxeitos obrigados.*

Os dereitos e obrigas regulados neste regulamento serán aplicables aos operadores e, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador do título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, aos que, sen teren efectuada a notificación a que se refire o artigo 6 da devandita lei, exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

O disposto no capítulo I do título V deste regulamento será tamén de aplicación aos que, sen estaren comprendidos no parágrafo anterior, realicen actividades reguladas na normativa sobre telecomunicacións.

#### Artigo 3. *Réxime xurídico.*

O réxime xurídico xeral aplicable na explotación das redes e prestación dos servizos de comunicacións electrónicas será o regulado na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, neste regulamento e, nos termos previstos no artigo 20 da lei anteriormente citada, o réxime establecido para a concesión de servizo público do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

## TÍTULO II

### Explotación de redes e prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de libre competencia

#### CAPÍTULO I

#### Réxime xeral de explotación de redes e de prestación de servizos de comunicacións electrónicas

#### Artigo 4. *Requisitos xerais.*

1. A explotación das redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas realizarase en réxime de libre competencia, sen máis limitacións que as establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións,

neste regulamento e no resto de disposicións que a desenvolvan.

Conforme o artigo 8.4 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, na explotación de redes ou servizos de comunicacións electrónicas polas administracións públicas con contraprestación económica serán de aplicación as condicións impostas, se é o caso, pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións para garantir a libre competencia.

A prestación transitoria polas entidades locais aos seus cidadáns de servizos de comunicacións electrónicas de interese xeral sen contraprestación económica precisará a súa comunicación previa á Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Cando esta detecte que a devandita prestación afecta o mercado, en función da importancia dos servizos prestados, da existencia nese ámbito territorial de condicións de mercado que permitan o acceso aos devanditos servizos ou da distorsión da libre competencia, poderalles impoñer condicións específicas ás devanditas entidades na prestación dos servizos consonte o parágrafo anterior.

2. Poderán explotar redes e prestar servizos de comunicacións electrónicas a terceiros as persoas físicas ou xurídicas nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou con outra nacionalidade cando, no segundo caso, así estea previsto nos acordos internacionais que vinculen o Reino de España. Para o resto de persoas físicas ou xurídicas, o Goberno poderá autorizar excepcións de carácter xeral ou particular á regra anterior.

3. En todo caso, as persoas físicas ou xurídicas que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas a terceiros deberán designar unha persoa responsable domiciliada en España para os efectos de notificacións, sen prexuízo do que poidan prever os acordos internacionais. Entenderase que o domicilio do representante coincide co domicilio para os efectos de notificacións da persoa representada.

4. A adquisición dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, de ocupación do dominio público ou da propiedade privada e dos recursos de numeración, endeuzamento ou denominación necesarios para a explotación de redes ou para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas deberase realizar conforme o disposto na súa normativa específica.

#### Artigo 5. *Notificación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.*

1. Os interesados na explotación dunha determinada rede ou na prestación dun determinado servizo de comunicacións electrónicas deberán, con anterioridade ao inicio da actividade, notificarlo de maneira que dea fe á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, incluíndo a información que se sinala no punto 5. Unha vez realizada a notificación, o interesado adquirirá condición de operador e poderá comezar a prestación do servizo ou a explotación da rede.

2. Os operadores deberanlle notificar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións cada tres anos, contados desde a notificación inicial, a súa intención de continuar coa prestación ou explotación da rede ou servizo. A condición de operador manterase entretanto non se extinga consonte o establecido no artigo 6.

3. Se a notificación non reúne os requisitos que se sinalan neste artigo e non fosen oportunamente emendados, se é o caso, os defectos formais, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nun prazo non superior a 15 días, ditará resolución motivada, e a notificación terase por non realizada. Contra a devandita resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, de acordo coa lei reguladora da devandita xurisdición.

4. Non estarán suxeitos á obriga da notificación:

a) A explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas en réxime de autoprestación.

b) Os servizos de comunicacións electrónicas e as instalacións de seguridade ou intercomunicación que, sen conexión a redes exteriores e sen utilizaren o dominio público radioeléctrico, presten servizo a un inmovible, a unha

comunidade de propietarios ou dentro dunha mesma propiedade privada.

c) Os servizos de comunicacións electrónicas establecidos entre predios dun mesmo titular.

5. Na notificación prevista no punto 1 o interesado deberá incluír a seguinte información, xunto coa documentación que acredite a súa autenticidade:

a) Cando se trate de persoa física:

1.º Nome e apelidos e, se é o caso, os da persoa que o represente.

2.º Número do documento nacional de identidade ou, se fose estranxeira, a nacionalidade e o número de pasaporte.

3.º Domicilio en España para os efectos de notificacións.

4.º Documentación que acredite a capacidade e representación do representante, se é o caso.

b) Cando se trate de persoa xurídica:

1.º Razón social.

2.º Número de identificación fiscal e datos rexistrals.

3.º Domicilio en España para os efectos de notificacións.

4.º Nome e apelidos da persoa responsable para os efectos de notificacións.

5.º Documentación que acredite a capacidade e representación do representante.

Para persoas xurídicas estranxeiras nacionais de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, a documentación que acredite a súa capacidade de obrar consistirá nunha certificación que acredite a inscrición nos rexistros que, de acordo coa lexislación en cada Estado, sexa preceptiva. Para o resto de persoas xurídicas estranxeiras será necesaria a presentación dunha certificación expedida pola respectiva representación diplomática española en que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan legalmente e con habitualidade no ámbito das actividades correspondentes.

c) En caso de ser unha persoa nacional dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, indicación do convenio internacional que o habilita para explotar redes ou prestar servizos de comunicacións electrónicas en España ou, no seu defecto, indicación do acordo do Consello de Ministros que o autorice de forma excepcional.

d) Descrición da rede ou servizo que o interesado ten intención de explotar ou prestar, que deberá incluír:

1.º Breve descrición da enxeñaría e deseño de rede, se é o caso.

2.º Tipo de tecnoloxía ou tecnoloxías empregadas.

3.º Descrición das medidas de seguridade e confidencialidade que se prevén implantar na rede, se é o caso.

4.º Descrición funcional dos servizos.

5.º Oferta de servizos e a súa descrición comercial.

e) A data prevista para o inicio da actividade.

f) Submisión a tribunais españois e, se así o desexa o interesado, á arbitrase da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos establecidos no seu regulamento e na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, para resolver as controversias que xurdan no exercicio da súa actividade.

g) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos exixibles.

#### Artigo 6. *Extinción da habilitación.*

1. A habilitación para a explotación de redes ou a prestación de servizos de comunicacións electrónicas extinguirase polas seguintes causas:

a) O cesamento na actividade do operador habilitado, que se lle deberá notificar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

b) A extinción da personalidade do operador.

c) Por sanción administrativa firme, de acordo co establecido no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

d) Pola falta de notificación á Comisión do Mercado das Telecomunicacións da intención do operador de continuar coa prestación ou explotación da rede ou servizo, que, consonte o artigo 5.2, se debe efectuar cada tres anos. Para iso, tramitarase previamente un procedemento contradictorio consonte o punto seguinte, en que se aprecie se se produciu o cesamento na actividade do operador.

2. A extinción da condición de operador establecerase por resolución da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, tras a tramitación do oportuno procedemento. Este procedemento será iniciado de oficio, nos seguintes termos:

a) No suposto da alínea a) do punto 1, tras a recepción da notificación polo interesado.

b) No suposto da alínea b), tras ter recibida noticia da extinción da personalidade.

c) No suposto da alínea c), tras a recepción da comunicación da sanción imposta polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se é o caso, tras a imposición da sanción pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións ou pola Axencia Española de Protección de Datos.

d) No suposto da alínea d), unha vez que transcorrese un mes desde a finalización do correspondente prazo de tres anos.

As resolucións polas que se declare a extinción da condición de operador serán comunicadas ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

## CAPÍTULO II

### Rexistro de operadores

#### Artigo 7. *Obxecto do Rexistro de operadores.*

1. O Rexistro de operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas ten carácter administrativo, é de ámbito estatal, depende da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e o seu mantemento corresponderalle, nos termos establecidos por este regulamento, ao órgano que determinen as normas reguladoras da devandita comisión.

2. O Rexistro de operadores (...) ten por obxecto a inscrición das persoas físicas ou xurídicas que realizen a notificación prevista no artigo 5, da rede ou servizo de comunicacións electrónicas que pretenda explotar ou prestar, das condicións aplicables ao exercicio da súa actividade e das súas modificacións.

3. A inscrición no Rexistro de operadores terá carácter declarativo.

#### Artigo 8. *Acceso ao rexistro e expedición de certificacións.*

1. O Rexistro de operadores será público. Os asentos rexistrais contidos nel serán de libre acceso para a súa consulta por calquera persoa que o solicite.

Poderá tamén accederse á consulta directa dos arquivos e libros rexistrais. Para estes efectos, o encargado do rexistro facilitaralles aos interesados a consulta dos asentos por medios informáticos instalados na oficina do rexistro e, se é o caso, a través da páxina web da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. Calquera persoa física ou xurídica poderá solicitar certificacións de operadores e demais actos inscritos. As certificacións rexistrais serán o único medio de acreditar de maneira que dea fe o contido dos asentos rexistrais. A expedición de certificacións por instancia de parte dará lugar á

percepción das taxas correspondente consonte o previsto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e nas súas normas de desenvolvemento.

#### Artigo 9. *Estrutura do rexistro.*

1. No rexistro levaranse libros de rexistro coa dilixencia de apertura asinada polo presidente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e con expresión dos folios que conteñen, que estarán numerados, selados e rubricados. Abrirase, en principio, un folio para cada operador.

2. A cada operador asignaráselle no libro correspondente un número de inscrición que será o do folio en que se inscriba. Este folio irá seguido de cantos outros sexan necesarios, ordenados, pola súa vez, con indicación do número que correspondese ao folio inicial, seguido doutro que reflectirá o número correlativo de folios que se precisen para a inscrición das modificacións que procedan.

3. Poderanse utilizar os libros auxiliares, arquivos, cadernos ou cartafolios que o encargado do rexistro considere oportunos para o seu bo funcionamento.

4. Todo o previsto nos puntos anteriores poderá ser realizado por medios informáticos, sempre que estes contendo correspondente soporte documental.

#### Artigo 10. *Inscrición no rexistro.*

A primeira inscrición será realizada de oficio pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións no prazo de 15 días contados desde a recepción da notificación a que se refire o artigo 5, sempre que cumpra todos os requisitos establecidos no devandito artigo. Na devandita inscrición consignaranse os seguintes datos:

a) Respecto do operador:

1.º Nome e apelidos ou, se é o caso, denominación ou razón social, a súa nacionalidade e domicilio.

2.º Os datos relativos á inscrición no Rexistro Mercantil, se é o caso.

3.º O seu número ou código de identificación fiscal, segundo proceda.

4.º O domicilio da persoa inscrita e o sinalado para os efectos de notificacións consonte o previsto no artigo 4.3.

5.º O nome e os demais datos persoais do seu representante, se é o caso.

6.º Nome e apelidos da persoa responsable para os efectos de notificacións.

b) En relación coa rede ou servizo de comunicacións electrónicas que se pretenda explotar ou prestar, farase constar a data prevista de inicio do servizo e canta información tivese que ser achegada polo interesado, sempre que non teña carácter confidencial.

#### Artigo 11. *Declaración normalizada de se ter producido a notificación e inscrición.*

Sen prexuízo de que as resolucións de inscrición no rexistro produzan os efectos de declaración normalizada de que o operador presentou a notificación, o operador poderá, en calquera momento posterior, solicitar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións que emita unha declaración normalizada que confirme que este presentou a notificación a que se refire o artigo 6 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e que resultou inscrito no Rexistro de operadores. A declaración detallará as circunstancias en que o operador ten dereito a ocupar o dominio público ou privado para a instalación de redes de comunicacións electrónicas, negociar a interconexión e obter o acceso ou a interconexión.

As declaracións normalizadas serán emitidas polo secretario da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de acordo co modelo aprobado pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, no prazo dunha semana desde que a solicitude tivese entrada no rexistro da comisión.



**Artigo 12. Modificación dos datos inscritos.**

1. Unha vez practicada a primeira inscrición dun operador, consignaranse no rexistro cantas modificacións se produzan respecto dos datos inscritos, tanto en relación co titular como coa rede ou servizo de comunicacións electrónicas que se pretenda explotar ou prestar.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, o operador estará obrigado a lle comunicar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións as modificacións que se produzan respecto dos datos inscritos e a achegar a documentación que o acredite de maneira que dea fe. A comunicación debe realizarse no prazo máximo dun mes desde o día en que se produza a modificación.

Cando a modificación teña a súa orixe nun acto emanado do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, a inscrición será realizada de oficio por esta última. Para estes efectos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio remitiralle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a correspondente documentación.

3. No caso de que a inscrición ou as súas modificacións non se puidesen practicar por insuficiencia dos documentos achegados polo interesado, será requirido para que os complete no prazo de 10 días.

4. Transcorrido o prazo para comunicar as modificacións a que se refire o punto 2 ou o de emenda establecido no punto 3 sen que tal comunicación ou emenda se produxisen, poderase iniciar un expediente sancionador consonte o disposto no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

**Artigo 13. Outros datos incluídos no rexistro.**

1. Practicarase nota de oficio na marxe da inscrición correspondente aos operadores que recolla a imposición de calquera sanción firme imposta de conformidade co título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e, en particular, farase constar a inhabilitación do operador e a clausura provisional de instalacións.

Para os efectos do establecido neste punto, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Axencia Española de Protección de Datos comunicaranlle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións as resolucións firmes e actos que, no marco das súas respectivas competencias, impongan as sancións e as medidas cautelares a que se refire o parágrafo anterior.

2. Así mesmo, farase constar, mediante nota practicada de oficio, se o operador se somete á arbitraxe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, nos termos establecidos no seu regulamento e na Lei 32/2003, do 3 de novembro, para resolver as controversias que xurdan no exercicio da súa actividade.

3. Igualmente, poderanse inscribir como anotacións preventivas as situacións extrarrexistrais que poidan afectar os feitos inscritos.

4. As notas e as anotacións preventivas cancelaranse cando conste que deixaron de concorrer os presupostos que determinaron a súa práctica. En particular, as notas relativas ás sancións cancelaranse unha vez transcorridos os prazos establecidos no artigo 57.2 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

**Artigo 14. Cancelación da inscrición.**

1. A inscrición rexistral dun operador cancelaranse cando a súa habilitación se extinga por calquera das causas establecidas no artigo 6.2.

2. A cancelación da inscrición será practicada de oficio polo encargado do rexistro ao concluír o expediente previsto no artigo 6.2.

3. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Axencia Española de Protección de Datos comunicaranlle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións as resolucións firmes en que se acorde a perda da habilitación do

operador, para que a citada entidade proceda á cancelación da correspondente inscrición rexistral.

**CAPÍTULO III****Condicións para a explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas****Artigo 15. Dereitos dos operadores.**

Os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas terán os seguintes dereitos:

a) Negociar e, se é o caso, obter a interconexión ou o acceso ás redes e aos recursos asociados doutros operadores, consonte a regulación establecida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e na normativa sobre interconexión.

b) Obter dereitos de uso da numeración, enderezamento e denominación, de acordo coa regulación establecida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, no resto de normativa sobre numeración e nos plans nacionais de numeración, enderezamento e denominación.

c) Obter dereitos de uso do dominio público radioelétrico, consonte a regulación establecida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

d) Obter dereitos de ocupación do dominio público e da propiedade privada para a instalación das redes de comunicacións electrónicas, consonte o establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, neste regulamento e no resto de normativa reguladora da ocupación do dominio público e da propiedade privada.

e) Aquellos dereitos recoñecidos pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, por este regulamento e polo resto de disposicións que a desenvolvan.

**Artigo 16. Condicións que deben cumprir os operadores.**

1. Os operadores estarán obrigados ao cumprimento das condicións que se impoñen na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, neste regulamento e no resto da normativa que a desenvolva.

2. As condicións que se establecen neste capítulo enténdense sen prexuízo doutras condicións que estean obrigados a cumprir os operadores por algún dos seguintes motivos:

a) Por razón do uso do dominio público radioelétrico, da numeración, enderezamento e denominación ou da ocupación da propiedade pública ou privada para a instalación de redes.

b) Por seren designados para a prestación do servizo universal ou outras obrigas de servizo público.

c) Pola imposición, se é o caso, de obrigas específicas no marco da análise de mercado previsto no artigo 10 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

d) Pola imposición de obrigas en materia de interconexión e acceso previstas no capítulo III do título II e na disposición adicional sétima da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

**Artigo 17. Condicións xerais.**

As condicións xerais que deben cumprir todos os operadores, con independencia da rede ou servizo que pretendan explotar ou prestar, e sen prexuízo doutras que resulten exixibles consonte os artigos seguintes deste capítulo, serán as seguintes:

a) Contribuír ao financiamento do servizo universal, nos termos previstos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

b) Pagar as taxas previstas no título VII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, consonte o regulado nela e na súa normativa de desenvolvemento.

c) Garantir a interoperabilidade dos servizos.

d) Garantirles aos usuarios finais a accesibilidade dos números, nomes ou enderezos, de conformidade co recollido nos correspondentes plans nacionais.

e) Garantir a protección dos datos persoais e a intimidade das persoas, consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

f) Garantirles aos consumidores e aos usuarios finais os dereitos que como tales lles corresponden, de acordo coa Lei 32/2003, do 3 de novembro, con este regulamento e co resto de normativa que a desenvolva e co resto da normativa que resulte de aplicación.

g) Subministrarlles ás autoridades nacionais de regulamentación a información e documentación que precisen para o cumprimento dos seus fins, nos termos establecidos no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e no artigo 21 deste regulamento.

h) Executar as ordes de interceptación legal que emanen da autoridade competente, consonte a Lei de axuízamento criminal e a Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e no título V deste regulamento.

i) Cumprir, cando así veña establecido na normativa vixente, as resolucións das autoridades adoptadas por razóns de interese público, de seguridade pública e de defensa nacional.

j) Asegurar o cumprimento das normas e especificacións técnicas e os requisitos técnicos que, en cada caso, resulten aplicables, incluíndo os correspondentes en materia de equipamentos e aparellos de telecomunicacións.

k) Cumprir as restricións en canto á transmisión de contidos ilegais establecidas na Lei 34/2002, do 11 de xullo, sobre servizos da sociedade da información e comercio electrónico, e en relación coa transmisión de contidos nocivos establecidas na Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

l) Cumprir o resto de requisitos e condicións que se establecen na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 18. *Condicións exixibles aos operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas.*

As condicións que deben cumprir os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas serán as seguintes:

a) Garantir a interconexión das redes e o acceso a estas e aos recursos asociados, de conformidade co disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

b) Respetar as normas e resolucións aprobadas polas autoridades competentes en materia de urbanismo, de ambiente e de ordenación do territorio, saúde pública, seguridade pública, defensa nacional e tributación por ocupación do dominio público, consonte o artigo 28 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento.

c) Respetar as normas e resolucións aprobadas polas autoridades competentes en materia de acceso ao dominio público e á propiedade privada para a instalación de redes de comunicacións electrónicas.

d) Cando así sexa preciso consonte o disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, permitir a co-localización e o uso compartido das instalacións.

e) Respetar as limitacións establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento en relación coas emisións radioeléctricas e coa exposición do público a campos electromagnéticos.

f) Manter a integridade das redes públicas de comunicacións electrónicas, así como evitar a produción de interferencias prexudiciais.

g) Procurar a seguridade das redes públicas contra o acceso non autorizado e garantir a confidencialidade das mensaxes transmitidas e o segredo das comunicacións.

h) Cumprir as obrigas de extensión e cobertura establecidas na disposición transitoria quinta deste regulamento.

i) Establecer condicións de uso das súas redes ou servizos para situacións de catástrofes que garantan as comunicacións entre os servizos de emerxencia e entre as autoridades, e para a difusión de informacións á poboación en xeral.

#### Artigo 19. *Condicións exixibles aos operadores que exploten redes telefónicas públicas.*

As condicións que deben cumprir os operadores que exploten redes telefónicas públicas serán as seguintes:

a) Garantir a integridade da rede desde unha localización fixa e, en caso de avaría da rede debido a catástrofes ou forza maior, adoptar as medidas que estableza o Goberno para garantir a dispoñibilidade da rede telefónica pública e dos servizos telefónicos dispoñibles ao público desde unha localización fixa.

b) Proporcionarlles aos usuarios aos cales provexa a conexión á rede telefónica o acceso a servizos de asistencia mediante operador e aos servizos de información sobre números de abonados previstos no artigo 27.2.

c) Prestar as facilidades de marcación por tons e identificación da liña chamante, cando sexa tecnicamente factible e economicamente viable.

d) Garantir a conservación do número do abonado nos supostos establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

e) Asegurar o encamiñamento gratuito de chamadas aos servizos de emerxencia a través do número telefónico 112 e doutros números telefónicos que se determinen mediante real decreto.

#### Artigo 20. *Condicións exixibles aos operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público.*

As condicións que deben cumprir os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público serán as seguintes:

a) Cando se preste o servizo desde unha localización fixa, adoptaranse as medidas necesarias para asegurar o acceso sen interrupcións aos servizos de emerxencia.

b) Facilitarlle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, para as finalidades previstas no artigo 68, en soporte informático, como mínimo, os datos a que se refire o artigo 30.4 correspondentes aos abonados aos que ofrecen a posibilidade de recibir chamadas a través dun número telefónico de abonado administrado polos devanditos operadores, incluíndo, de forma separada, os daqueles que decidisen non figurar nas guías. Para estes efectos, estarán obrigados a solicitar o consentimento dos abonados conforme se indica no artigo 67.

En caso de abonados de prepago, cos que non exista unha relación contractual nominal, a achega de datos será realizada logo de solicitude e acreditación que faga fe polo abonado da súa titularidade.

c) Asegurar a gratuidade das chamadas aos servizos de emerxencias. Esta obriga exixirse respecto das chamadas dirixidas ao número telefónico 112 e a outras que se establezan mediante real decreto, incluídas aquelas que se efectúen desde teléfonos públicos de pagamento, sen que sexa necesario utilizar ningunha forma de pagamento nestes casos.

d) Poñer á disposición das autoridades receptoras das chamadas a servizos de emerxencias a información relativa a cada chamada sobre a localización da súa procedencia, na medida en que sexa tecnicamente viable, con respecto á

regulación establecida no título VI e nas condicións que se establezan mediante orde ministerial.

e) Garantir a conservación do número do abonado nos supostos establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e na súa normativa de desenvolvemento.

f) Establecer condicións de uso das súas redes ou servizos para situacións de catástrofes que garantan as comunicacións entre os servizos de emerxencia e entre as autoridades, e para a difusión de informacións á poboación en xeral.

#### Artigo 21. *Obrigas de subministración de información.*

1. As autoridades nacionais de regulamentación establecidas no artigo 46 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e os organismos con competencias inspectoras derivadas da devandita lei poderán, no ámbito da súa actuación, requirir dos operadores a información, mesmo financeira, necesaria para o cumprimento dalgunha das seguintes finalidades:

a) Comprobar o cumprimento das obrigas que resulten deste capítulo, dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, da numeración, enderezamento e denominación ou da ocupación do dominio público ou da propiedade privada.

b) Satisfacer necesidades estatísticas ou de análise.

c) Avaliar a procedencia das solicitudes de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico e da numeración, enderezamento e denominación.

d) Publicar sínteses comparativas sobre prezos e calidade de servizo, en interese dos usuarios.

e) Elaborar análises que permitan a definición dos mercados de referencia, a determinación dos operadores encargados de prestaren o servizo universal e o establecemento de condicións específicas aos operadores con poder significativo de mercado naqueles.

f) Cumprir os requirimentos que veñan impostos no ordenamento xurídico.

g) Comprobar o cumprimento do resto de obrigas derivadas da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e a súa normativa de desenvolvemento, en especial o cumprimento das obrigas de servizo público e de carácter público.

Esta información, excepto aquela a que se refire a alínea c), non se poderá exixir antes do inicio da actividade, e subministrarse no prazo que se estableza en cada requirimento, atendidas as circunstancias do caso. As autoridades nacionais de regulamentación garantirán a confidencialidade da información subministrada que poida afectar o segredo comercial ou industrial.

2. As solicitudes de información que se realicen de conformidade co punto anterior terán que ser motivadas e proporcionadas ao fin perseguido. Nas devanditas solicitudes indicaráse o prazo e grao de detalle con que se deberá subministrar a información requirida, así como os fins concretos para os que vai ser utilizada. O incumprimento da obriga de información polos titulares de redes ou servizos de comunicacións electrónicas poderán ser sancionados conforme o establecido no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo a publicación, na medida en que poida contribuir ao mantemento dun mercado aberto e competitivo, da información que obtívese no exercicio das súas competencias, e garantirá a confidencialidade da información e o dereito á protección dos datos de carácter persoal, conforme se indica no punto 1.

4. A información de que dispoñan os operadores en relación cos servizos que presten ao Ministerio de Defensa ou institucións militares non poderá ser facilitada en virtude do disposto neste artigo.

Malia o disposto no parágrafo anterior, o Ministerio de Defensa aprobará unha resolución en que especificará de forma clara e inequívoca o tipo ou categorías de información que pode ser subministrada. Esta resolución seralles comunicada á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e

para a Sociedade da Información e ao resto de autoridades de regulamentación a que se refire o artigo 46 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

#### Artigo 22. *Modificación das condicións exixibles.*

1. Consonte os principios de obxectividade e proporcionalidade, o Goberno, mediante real decreto, poderá modificar as condicións impostas na prestación de servizos e o establecemento e explotación de redes de comunicacións electrónicas, e establecerá un prazo para que os operadores se adapten á devandita modificación.

2. Na tramitación das modificacións a que se refire o punto anterior outorgaráselles un trámite de audiencia, que non será inferior a catro semanas, aos interesados, ao Consello de Consumidores e Usuarios e, se é o caso, aos sindicatos máis representativos e ás asociacións máis representativas dos restantes usuarios. Así mesmo, será preceptivo o informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

### TÍTULO III

#### Obrigas de servizo público e de carácter público

##### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

#### Artigo 23. *Categorías de obrigas de servizo público ou de carácter público.*

Terán a consideración de obrigas de servizo público ou de carácter público para os efectos deste regulamento:

a) O servizo universal, establecido no artigo 22 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e regulado no capítulo seguinte.

b) As obrigas de servizo público definidas nos puntos 1 e 2 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, que se regulan no capítulo III deste título.

c) A obriga de encamiñamento e localización de chamadas dirixidas a servizos de emerxencia. Non obstante, a obriga de encamiñamento das devanditas chamadas non dará lugar a contraprestación económica.

d) As obrigas de carácter público establecidas neste regulamento en relación:

1.º Co segredo das comunicacións e a obriga de interceptación legal, previstas no capítulo II do título V deste regulamento.

2.º Coa regulación relativa á protección de datos de carácter persoal, desenvolvida no capítulo I do título V deste regulamento.

3.º Cos aspectos específicos dos dereitos dos consumidores e usuarios en relación coa prestación dos servizos de comunicacións electrónicas desenvolvidos no título VI deste regulamento.

4.º Coas obrigas de información previstas no artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e desenvolvidas no artigo 21 deste regulamento.

5.º Coas obrigas de calidade de servizo exixibles de conformidade co disposto neste regulamento, excepto as relativas á prestación do servizo universal.

De conformidade co disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, estas obrigas de carácter público non darán dereito a contraprestación nin compensación económica de ningún tipo, sen prexuízo do disposto no capítulo II do título V deste regulamento.

#### Artigo 24. *Suxeitos obrigados.*

Os operadores a que se refire o artigo 2 estarán suxeitos ás obrigas de servizo público e ás demais obrigas de carácter público que lles sexan de aplicación ou, se é o caso,



impostas, de conformidade co disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e neste regulamento.

En todo caso, o cumprimento das obrigas de servizo público que lles sexan exixibles aos operadores efectuarase con respecto aos principios establecidos no artigo 20.3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

**Artigo 25. Administración competente.**

Correspóndelle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o control e o exercicio das facultades da Administración reguladas neste título, sen prexuízo tanto das competencias da Comisión do Mercado das Telecomunicacións en relación co servizo universal, de acordo co disposto no capítulo II deste título, como das da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e do Ministerio de Economía e Facenda en materia de prezos. Para tales efectos, os operadores estarán obrigados a cumprir as resolucións que, en exercicio da súa función de control, diten o devandito ministerio, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e, cando proceda, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Estas resolucións serán motivadas, esgotarán a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

**Artigo 26. Principios aplicables na imposición de obrigas de servizo público.**

1. Na imposición de obrigas de servizo público aos operadores tomaranse en consideración os obxectivos e principios establecidos no artigo 3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. Cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio constate que calquera dos servizos a que se refire este artigo se está prestando en competencia, en condicións de prezo, cobertura e calidade de servizo similares a aquelas en que os operadores designados deben prestalas, poderá, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e audiencia aos interesados, determinar o cesamento da súa prestación como obriga de servizo público e, en consecuencia, do financiamento previsto para aquelas.

3. En particular, na imposición de obrigas de servizo público aos operadores serán de aplicación os seguintes criterios:

a) Non-imposición de cargas excesivas aos operadores que poidan afectar substancialmente a posibilidade do seu acceso ao mercado.

b) Obxectividade e transparencia nos métodos utilizados para determinar o operador obrigado, as axudas e o financiamento de que desfrutará, e o momento e condicións en que se debe producir.

c) Non-discriminación entre os distintos operadores, procurando manter o equilibrio no mercado de forma tal que ningún operador obteña vantaxes ou desvantaxes na súa actuación no mercado, como consecuencia das obrigas impostas.

d) Neutralidade económica e, na medida do posible, tecnolóxica das obrigas impostas e das axudas e financiamento outorgados.

e) Prioridade das opcións que permitan un menor custo para o conxunto do sector ou que supoñan unha menor necesidade de financiamento.

## CAPÍTULO II

### Servizo universal

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DELIMITACIÓN DO SERVIZO UNIVERSAL

**Artigo 27. Concepto e delimitación dos servizos que se inclúen no ámbito do servizo universal.**

1. Enténdese por servizo universal o conxunto definido de servizos cuxa prestación se garante para todos os usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e a un prezo alcanzable.

2. Baixo o concepto de servizo universal deberase garantir, nos termos e condicións que se establecen nesta sección, o seguinte:

a) Que todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede telefónica pública desde unha localización fixa e acceder á prestación do servizo telefónico dispoñible ao público coas características que se establecen no artigo 28, sempre que as súas solicitudes se consideren razoables nos termos establecidos no artigo 29.

b) Que se poña á disposición dos abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público unha guía xeral de números de abonados, de acordo co establecido no artigo 30. Así mesmo, que se poña á disposición de todos os usuarios finais do devandito servizo un servizo de información xeral ou consulta telefónica sobre números de abonados, nas condicións establecidas no artigo 31.

c) Que exista unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento, en todo o territorio nacional, de acordo cos termos que se establecen no artigo 32.

d) Que os usuarios finais con discapacidade teñan acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa en condicións equiparables ás que se lle ofrecen ao resto de usuarios finais.

e) Que as persoas con necesidades sociais especiais dispoñan de opcións ou paquetes de tarifas que difiran das aplicadas en condicións normais de explotación comercial e que lles permitan ter acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa ou facer uso deste.

f) Que se apliquen, cando proceda, opcións tarifarias especiais ou limitacións de prezos, tarifas comúns, equiparación por zonas ou outros réximes similares, de acordo con condicións transparentes, públicas e non discriminatorias.

**Artigo 28. Conexión á rede pública e acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público.**

1. A conexión á rede telefónica pública, desde unha localización fixa, referida no punto 2.a) do artigo anterior, deberalles ofrecer aos seus usuarios a posibilidade de:

a) Conectaren e utilizaren equipamentos terminais adecuados, de conformidade coa normativa aplicable.

b) Recibiren e efectuaren chamadas telefónicas de ámbito nacional e internacional a números xeográficos e non xeográficos, de conformidade co establecido no Plan Nacional de Numeración Telefónica.

c) Estableceren comunicacións de fax, polo menos de telefax grupo III de conformidade coas recomendacións pertinentes da serie T da UIT-T.

d) Estableceren comunicacións de datos a velocidade suficiente para accederen de forma funcional á internet, consono as recomendacións pertinentes da serie V da UIT-T, sen prexuízo de que se poidan utilizar outras interfaces, logo de autorización do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en casos concretos e debidamente xustificadas. Para estes efectos, considerarase velocidade suficiente a utilizada de maneira xeneralizada para acceder á internet polos abonados ao servizo telefónico fixo dispoñible ao público con conexión á rede mediante pares de cobre e módem para banda vocal.

2. O operador designado deberá dispoñer dos recursos técnicos adecuados para garantir a continuidade do

servizo telefónico fixo dispoñible ao público en situacións de interrupción da subministración eléctrica por un período mínimo de catro horas. Non obstante, para aquelas conexións á rede pública que sexa necesario proporcionar a través de satélite, o devandito período será, como mínimo, de dúas horas.

3. Cando se produzan interrupcións do servizo telefónico dispoñible ao público proporcionado a través da devandita conexión, por causas non atribuíbles ao abonado, o operador deberao compensar de acordo co establecido no artigo 115.

**Artigo 29. Solicitudes de conexión á rede e prazo máximo de subministración da conexión inicial.**

1. O operador designado para a prestación do servizo universal deberá satisfacer as solicitudes razoables de conexión á rede telefónica pública, desde unha localización fixa, e de acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público coas prestacións especificadas no artigo anterior.

2. Consideraranse en todo caso razoables as peticións de conexión en que se dea algunha das seguintes condicións:

- a) Que a conexión se solicite para calquera inmovible situado en solo urbano.
- b) Que a conexión se solicite para unha edificación das previstas no punto 1 da disposición transitoria quinta do texto refundido da Lei do solo, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1992, do 26 de xuño, e que, ademais, a devandita edificación estea destinada a uso residencial como vivenda habitual do solicitante.
- c) Que a solicitude de instalación sexa para unha edificación destinada a uso residencial como vivenda habitual do solicitante que, aínda que estea en solo non urbanizable, fose excepcionalmente autorizada de acordo co disposto no parágrafo segundo do artigo 20.1 da Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

3. Cando o devandito operador designado considere que unha solicitude non é razoable, deberaa someter ao director xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, quen resolverá.

4. O operador designado deberá satisfacer cada solicitude razoable de conexión inicial á rede telefónica pública fixa nun prazo máximo de 60 días naturais, contados a partir da súa recepción. No caso de non poder realizar a mencionada subministración no devandito prazo, sen mediar causas de forza maior ou outras imputables ao solicitante, deberá compensar automaticamente este, e eximirao do pagamento dun número de cotas mensuais de abono equivalentes ao número de meses ou fracción en que se supere o devandito prazo, agás que, por solicitude do operador, o director xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información autorizase un tempo de subministración maior debido á necesidade de obter permisos, dereitos de ocupación ou de paso específicos ou por calquera outra causa non imputable ao operador.

5. A tramitación das autorizacións previstas nos puntos 3 e 4 levarase a cabo polo procedemento establecido no Regulamento aprobado polo anexo I do Real decreto 1773/1994, do 5 de agosto.

**Artigo 30. Guías telefónicas.**

1. Os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público terán dereito a dispoñer dunha guía xeral impresa de números de abonados, que se actualice, como mínimo, unha vez ao ano. Todos os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público terán dereito a figurar na mencionada guía xeral, sen prexuízo, en todo caso, do respecto ás normas que regulen a protección dos datos persoais e o dereito á intimidade.

2. Tanto o operador designado como os demais operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público poderanlles subministrar aos seus respectivos abonados aos cales lles proporcionen a conexión á rede telefónica

pública, sempre que a solicitude se realice de forma que permita ter constancia do seu contido e da identidade do solicitante, unha guía telefónica en formato electrónico en lugar da edición impresa, nas mesmas condicións que as establecidas para esta última neste artigo.

3. Cando a elaboración da guía a que se refire este artigo non quede garantida polo libre mercado, a súa elaboración corresponderalle ao operador que teña encomendada a prestación do servizo universal. Este operador terá que llela entregar gratuitamente aos seus abonados e poñela á disposición gratuitamente do resto de abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público. Así mesmo, deberá poñer gratuitamente á disposición dos operadores que presten o devandito servizo que llo soliciten os exemplares necesarios para que estes a poñan á disposición, igualmente de maneira gratuítá, dos seus respectivos abonados aos cales lles proporcionen a conexión á rede telefónica pública.

O operador designado para a prestación do servizo universal non terá a obriga de poñer a guía á disposición dos abonados dos operadores aos cales, en virtude do disposto no parágrafo anterior, lles entregase os exemplares necesarios da guía.

Cando varios contratos de abono ao servizo telefónico dispoñible ao público estean domiciliados no mesmo enderezo, entenderase cumprida a obriga a que se refiren os parágrafos anteriores cando os operadores facilitasen unha guía.

Cando, de acordo co especificado no punto 6, a guía se organizase en varios tomos, o operador designado poderá limitar a entrega ao tomo correspondente á demarcación territorial en que se inclúa o domicilio do abonado, e porá á súa disposición, gratuitamente, o resto dos tomos da provincia.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 67, en relación cos datos relativos a cada abonado deberá figurar, polo menos, a seguinte información:

- a) Nome e apelidos, ou razón social.
- b) Número ou números de abonado.
- c) Enderezo postal do domicilio, excepto piso, letra e escaleira.
- d) Terminal específico que desexen declarar, se é o caso.
- e) Nome do operador que facilite o acceso á rede.

Cando se trate do servizo telefónico fixo e o titular sexa unha persoa física, poderá solicitar, ao operador que lle proporciona o servizo de acceso á rede, que asociado a un mesmo número figure o nome doutra persoa maior de idade con que conviva. A solicitude de alta da devandita inscrición realizarase de forma conxunta, mentres que para a baixa abondará coa solicitude do interesado. Cando se trate do servizo telefónico fixo e o titular sexa unha entidade ou organización que teña asignada unha pluralidade de números, o operador do cal dependan eses números deberase asegurar de que figuren, debidamente ordenadas, as inscricións necesarias, para facilitar a localización dos números dos usuarios externamente máis relevantes da devandita entidade ou organización.

5. Nas follas iniciais de cada exemplar de guía telefónica facilitarase, polo menos, a seguinte información:

- a) O enderezo postal e números telefónicos de atención ao usuario dos provedores do servizo telefónico dispoñible ao público dos cales dependa algún dos números que figuran nese exemplar.
- b) Información aos abonados sobre o seu dereito a non figurar nunha guía accesible ao público ou, se é o caso, a que se omite parcialmente o seu enderezo ou algún outro dato, nos termos que estipulase o seu provedor, a que os seus datos que aparezan na guía non sexan utilizados con fins de publicidade ou prospección comercial e sobre o exercicio dos dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación dos seus datos, nos termos previstos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

c) Instrucións que indiquen como acceder e facer uso da guía telefónica e do servizo telefónico dispoñible ao público.

d) Os enderezos postais e números telefónicos dos servizos públicos en materia de atención de urxencias sanitarias, de extinción de incendios e salvamento, de seguridade cidadá e de protección civil.

e) Os números dos servizos de consulta sobre números de abonado.

f) Data completa de edición e actualización, así como nome e enderezo do editor.

g) Información relativa ao departamento de atención ao cliente do prestador do servizo universal, a que se refire o artigo 104.

6. Os datos que figuren nas guías telefónicas estarán recollidos nun tipo de letra claro e de fácil lectura. A impresión realizarase preferentemente a dúas caras, utilizando un papel cunha textura que permita a devandita impresión sen dificultar a lectura da información. A encadernación deberá soportar sen deterioración un uso normal durante a vixencia da guía.

Os datos estarán relacionados por orde alfabética do primeiro apelido ou razón social. Despois do primeiro apelido reflectirase completo o segundo, seguido tras unha coma, do nome propio ou das súas iniciais. Asociado a cada número figurará, ademais, o enderezo do abonado, sen especificación de piso ou letra, e, se é o caso, un identificador do tipo de terminal (teléfono normal, fax, RDSI, videoconferencia, telefonía móbil, telefonía de texto para xordos, entre outros) que o abonado manifestase o seu desexo de que figure de forma tal que permita ter constancia do contido da solicitude e a identidade do solicitante.

Con carácter xeral e dentro do ámbito provincial das guías telefónicas, o seu contido organizarase por orde alfabética dos termos municipais e, se é o caso, de entidades locais menores, salvo a capital da provincia que aparecerá en primeiro lugar. Dentro de cada termo ou entidade local menor organizarase pola letra do primeiro apelido ou razón social.

Cando o número de abonados dunha provincia sexa elevado, a guía telefónica poderase organizar territorialmente en varios tomos para facilitar o seu manexo. A división da información provincial para a súa inclusión en cada tomo realizarase de modo que se facilite o seu uso, tendo especialmente en conta para iso a demanda e utilización habitual da información polos usuarios do servizo telefónico dispoñible ao público. En todo caso, unha mesma poboación non poderá ser dividida en tomos distintos.

A información relativa aos abonados de distintos servizos telefónicos ou de diferentes operadores deberá ter un tratamento tipográfico equivalente.

Sen prexuízo do establecido no artigo 67, a guía xeral de números de abonados que se inclúe no ámbito do servizo universal deberase actualizar, como mínimo, cada 12 meses. En cada actualización incluíranse todas as rectificacións, altas e baixas que fosen comunicadas con anterioridade ao peche da edición. O período comprendido entre a data de actualización dos datos e a data de edición das guías telefónicas non poderá superar os tres meses.

7. En relación cos datos de carácter persoal relativos a cada abonado incluídos nas guías, así como aos seus dereitos, será de aplicación o establecido no capítulo I do título V deste regulamento e a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

#### Artigo 31. *Servizo de consulta telefónica sobre números de abonado.*

O operador designado para a prestación do servizo universal porá á disposición de todos os usuarios finais do servizo telefónico dispoñible ao público un servizo de consulta telefónica sobre números de abonado contidos nas guías telefónicas a que se refire o artigo 30, actualizado e de ámbito nacional. Este servizo prestarase a un prezo alcanzable e terá carácter gratuíto para o usuario cando se efectúe

desde un teléfono público de pagamento dos referidos no artigo 32.

En relación cos datos persoais relativos a cada abonado, será de aplicación o establecido no capítulo I do título V e na demais normativa vixente en cada momento sobre protección dos datos persoais.

#### Artigo 32. *Teléfonos públicos de pagamento.*

1. Na prestación do servizo universal deberase garantir a existencia dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento. Para estes efectos, considéranse teléfonos públicos de pagamento os situados no dominio público de uso común.

O operador designado deberá garantir a existencia dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento na zona correspondente á designación, coas condicións técnicas mínimas que se establecen no punto 3.

Considerarase oferta suficiente a existencia de, polo menos, un teléfono público de pagamento e un máis por cada 1.500 habitantes en cada municipio de 500 ou máis habitantes e dun teléfono público de pagamento en cada un dos municipios de menos de 500 habitantes en que estea xustificado sobre a base da existencia dunha distancia elevada a facilidades similares, a baixa penetración do servizo telefónico fixo, a falta de accesibilidade do servizo telefónico móbil ou a elevada taxa de poboación flotante.

O operador designado deberá satisfacer, nun prazo razoable, todas as solicitudes de instalación de novos teléfonos públicos de pagamento que lle presenten os concellos ata cumprir cos criterios de oferta suficiente. Cando o operador designado considere que a solicitude non se corresponde coa aplicación dos criterios de oferta suficiente, poderase dirixir á Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, a cal resolverá seguindo o mesmo procedemento que o indicado no artigo 29.5.

2. Para a elección das novas localizacións teranse en conta as zonas ou lugares máis transitados e de maior demanda potencial, así como aquelas con escasa penetración do servizo telefónico fixo dispoñible ao público.

3. Os teléfonos públicos de pagamento a que se refire este artigo deberán:

a) Ofrecerlles aos usuarios a posibilidade de realizar chamadas con destino a calquera abonado do servizo telefónico dispoñible ao público, respectando o seu carácter gratuíto, se é o caso.

b) Permitir efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia sen ter que utilizar ningunha forma de pagamento, utilizando o número único de chamadas de emerxencia 112 e demais números de emerxencia que estean definidos como gratuítos pola normativa vixente en cada momento.

c) Permitir o seu uso durante as 24 horas do día, contando con iluminación suficiente durante as horas nocturnas.

d) Dispoñer do illamento acústico necesario para protexer o usuario do ruído exterior e asegurar un nivel adecuado de privacidade das comunicacións.

e) Incorporar unha pantalla electrónica que indique o número marcado, o crédito mínimo exixido e o crédito dispoñible, e sistemas ópticos e acústicos de aviso de finalización de crédito.

f) Dispoñer, en lugar visible, de información adecuada e actualizada sobre as condicións básicas de uso do servizo e sobre os seus prezos, en que se incluírá en todo caso indicación sobre o carácter gratuíto das chamadas de emerxencia ao servizo 112, así como, se é o caso, os demais servizos de emerxencia que estean definidos como gratuítos pola lexislación vixente en cada momento e sobre o servizo de consulta telefónica sobre números de abonado a que se refire o artigo 31.

g) Dispoñer de medidas de seguridade adecuadas contra o vandalismo e contra a súa utilización indebida.

h) Efectuar o cobramento da comunicación ao final desta e devolver o saldo sobranante sobre a base das moedas previamente depositadas. No caso de pagamento con tarxeta, o cobramento efectuarase ao finalizar a comunicación.



Ademais, as novas instalacións de teléfonos públicos de pagamento deberán ofrecer as opcións de pagamento por moedas e por tarxeta. Cando se instalen de forma agrupada, as devanditas opcións deberán ser ofrecidas polo conxunto dos teléfonos públicos de pagamento da agrupación.

4. O operador designado deberá mellorar progresivamente as condicións de accesibilidade dos teléfonos públicos de pagamento a que se refire este artigo, tendo en conta a necesaria compatibilidade co uso por persoas con discapacidade, os estándares internacionais sobre accesibilidade aplicados nos países máis avanzados, as normas das distintas administracións públicas españolas e os traballos das organizacións máis representativas de persoas con discapacidade, así como a distribución da demanda e a climatoloxía das distintas zonas do territorio.

Para iso, o operador designado presentará, para a súa aprobación polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, plans de adaptación dos teléfonos públicos de pagamento para facilitar a súa accesibilidade polos usuarios con discapacidade e, en particular, polos usuarios en cadeira de rodas ou con deficiencias de crecemento. Estes plans deberán presentar cun ano de antelación á finalización do que estivese vixente ou cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o demande por considerar superado o vixente.

#### Artigo 33. *Outras medidas para facilitar a accesibilidade ao servizo polas persoas con discapacidade.*

1. De acordo co disposto no artigo 22.1.d) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, os operadores designados para a prestación do servizo universal deberán garantir que os usuarios finais con discapacidade teñan acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa en condicións equiparables ás que se ofrecen ao resto de usuarios finais.

Dentro do colectivo das persoas con discapacidade, consideraranse incluídas as persoas invidentes ou con graves dificultades visuais, as persoas xordas ou con graves dificultades auditivas, as mudas ou con graves dificultades para a fala, as minusválidas físicas e, en xeral, calquera outra con discapacidade física que lles impidan manifestamente o acceso normal ao servizo telefónico fixo ou lles exigan un uso máis oneroso deste.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, o operador designado promoverá a existencia dunha oferta suficiente e tecnoloxicamente actualizada de terminais especiais, adaptados aos diferentes tipos de discapacidades, tales como teléfonos de texto, videotelefonos ou teléfonos con amplificación para persoas con discapacidade auditiva, e realizará unha difusión suficiente daquela.

Os abonados invidentes ou con discapacidade visual, logo de solicitude ao operador designado, disporán das facturas e a publicidade e información, subministrada aos demais abonados de telefonía fixa sobre as condicións de prestación dos servizos, en sistema Braille ou en letras grandes.

#### Artigo 34. *Condicións relativas á calidade.*

O operador designado deberá cumprir, en relación co conxunto de usuarios finais aos cales lles proporcione o servizo telefónico fixo dispoñible ao público en todo o territorio abarcado pola devandita designación, os niveis mínimos de calidade de servizo que se establezan por orde ministerial, e manterá unha razoable uniformidade nas distintas zonas do territorio e en relación cos distintos tipos de usuarios.

Cando da aplicación dos niveis de calidade de servizo ao conxunto dos usuarios, segundo o previsto no parágrafo anterior, deriven desviacións significativas para determinadas zonas ou tipos de usuarios que supoñan para os devanditos grupos uns niveis peores aos fixados con carácter xeral, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá establecer ámbitos de análise máis restrinxidos e fixar para os devanditos ámbitos niveis mínimos de calidade de servizo que limiten as mencionadas desviacións co obxectivo

de emendar os efectos prácticos non desexados derivados do establecemento dos devanditos niveis con carácter xeral.

As definicións e os métodos de medida dos parámetros de calidade de servizo, os requirimentos relativos á remisión periódica dos datos á Administración, as condicións orientadas a garantir a fiabilidade e a posibilidade de comparación dos datos e as demais condicións relativas á medida e ao seguimento dos niveis de calidade de servizo serán os establecidos mediante orde ministerial.

Os parámetros que se establezan na devandita orde incluírán os que figuran na norma do Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación ETSI EG 201 769-1 e a desagregación rexional será, como mínimo, por comunidade autónoma.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> CARÁCTER ALCANZABLE DO PREZO DO SERVIZO UNIVERSAL

##### Artigo 35. *Concepto e obxectivos.*

1. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, garantirá o carácter alcanzable dos prezos dos servizos incluídos dentro do servizo universal.

Serán obxecto de especial consideración os colectivos de pensionistas e xubilados de renda familiar baixa e o colectivo das persoas con discapacidade a que se refire o artigo 33.1.

Entenderase que os prezos dos servizos incluídos no servizo universal son alcanzables para os usuarios cando se cumpran os seguintes obxectivos:

a) Que os prezos dos servizos incluídos no servizo universal en zonas de alto custo, rurais, insulares e distantes sexan comparables aos prezos dos devanditos servizos en áreas urbanas, tendo en conta, entre outros factores, os seus custos e os colectivos con necesidades sociais especiais conforme este regulamento.

b) Que se asegure a eliminación de barreiras que impidan a determinados colectivos de persoas con discapacidade o acceso e uso dos servizos incluídos no servizo universal en condicións equivalentes ao resto de usuarios.

c) Que exista unha oferta suficiente, a prezo uniforme, de teléfonos de uso público no dominio público de uso común, en todo o territorio nacional.

d) Que se ofrezan plans de prezos en que o importe das cotas de alta, o dos conceptos asimilados e o das cotas periódicas fixas de abono non limiten a posibilidade de ser usuario do servizo.

2. Para acadar os obxectivos citados no punto anterior, o operador designado deberalles ofrecer aos seus abonados:

a) Programas de prezos de acceso e uso dos servizos incluídos no servizo universal que permitan o máximo control do gasto por parte do usuario e, en particular, os seguintes:

1.º Abono social. Este plan de prezos estará destinado a xubilados e pensionistas cuxa renda familiar non exceda do indicador que determine, en cada momento, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e consistirá na aplicación dunha bonificación no importe da cota de alta e na cota fixa de carácter periódico.

2.º Usuarios invidentes ou con graves dificultades visuais. Este plan de prezos irá destinado ás persoas invidentes ou con graves dificultades visuais e consistirá na aplicación dunha determinada franquía nas chamadas ao servizo de consulta telefónica sobre números de abonado e no establecemento das condicións para a recepción gratuíta das facturas e da publicidade e información subministrada aos demais abonados de telefonía fixa sobre as condicións de prestación dos servizos, en sistema Braille ou en letras grandes.

3.º Usuarios xordos ou con graves dificultades auditivas. Este plan especial de prezos aplicarase ás chamadas

realizadas desde calquera punto do territorio nacional que teñan como orixe ou destino un terminal de telefonía de texto e que se establezan a través do centro de servizos de intermediación para teléfonos de texto.

b) Posibilidade de que o usuario elixa a frecuencia de facturación que mellor se adapte ás súas preferencias, dentro das posibilidades ofertadas polo operador, as cales incluírán, como mínimo, a frecuencia mensual e a bimestral.

c) Posibilidade de restrinxir e bloquear por parte dos usuarios, a través dun procedemento sinxelo e sen custo ningún, as chamadas internacionais e as que se fagan a servizos con tarificación adicional. Todo iso sen prexuízo de que se poida seguir realizando o mesmo tipo de chamadas a través de mecanismos de selección de operador cando teñan contratado o servizo con algún outro provedor sen a restrición ou o bloqueo dos mencionados tipos de chamadas.

d) Publicidade e información que os operadores lles subministren aos usuarios sobre as condicións de prestación dos servizos, especialmente con relación ao carácter accesible destes.

e) Un nivel básico e gratuito de detalle nas facturas, para os consumidores poderen comprobar e controlar os gastos xerados polo uso da rede telefónica pública desde unha localización fixa e dos servizos telefónicos conexos dispoñibles ao público, así como efectuar un seguimento adecuado dos seus propios gastos e utilización, exercendo con iso un nivel razoable de control sobre as súas facturas.

f) Medios para o aboamento previo, tanto do acceso á rede telefónica pública como da utilización dos servizos telefónicos dispoñibles ao público, así como a posibilidade de efectuar o pagamento da conexión á rede telefónica pública de maneira graduada, cando así se estableza por resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> OPERADORES OBRIGADOS Á PRESTACIÓN. PROCEDEMENTO DE DESIGNACIÓN DE OPERADORES

#### Artigo 36. *Designación de operador para a prestación do servizo universal.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá designar un ou máis operadores para que garantan a prestación do servizo universal, de maneira que quede cuberta a totalidade do territorio nacional. Para estes efectos, poderanse designar operadores diferentes para a prestación de diversos elementos do servizo universal e abranguer distintas zonas do territorio nacional.

O sistema de designación de operadores encargados de garantir a prestación dos servizos, elementos e ofertas do servizo universal que se establece nos artigos seguintes deste regulamento suxéitase, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, eficacia e non-discriminación, así como aos restantes establecidos no capítulo I deste título. Estes procedementos de designación poderanse utilizar como medio para determinar o custo neto derivado das obrigas asignadas, para os efectos do disposto nas seccións seguintes deste capítulo.

#### Artigo 37. *Prestación do servizo universal por un operador designado mediante licitación.*

1. Con dous anos de antelación á finalización do prazo establecido para a prestación do servizo universal nunha determinada zona, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio realizará unha consulta pública para determinar se, nos ámbitos territoriais que se establezan nela, existen operadores interesados en prestatelo e en que condicións. Para estes efectos, os devanditos operadores comunicaránlle ao citado ministerio as condicións en que estarían dispostos a levala a cabo.

Nas zonas en que algún operador manifestase a súa intención de prestar o servizo, tramitarase un procedemento de licitación pública. Non obstante, no suposto de que só o operador designado no momento da consulta pública mani-

feste o seu interese de prestar o servizo universal, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá optar entre a convocatoria do procedemento de licitación e a designación do operador citado de acordo co establecido no artigo seguinte.

2. Mediante orde ministerial, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, efectuarase a convocatoria do correspondente concurso e a publicación das bases en que se determinará o servizo ou elemento que se debe prestar, o ámbito territorial, o período e as condicións de prestación e financiamento do servizo, de conformidade co establecido neste regulamento.

Os servizos ou elementos integrantes do servizo universal susceptibles de seren obxecto de licitación, en determinadas zonas, son:

a) O de conexión a rede pública con acceso ao servizo telefónico dispoñible ao público e demais prestacións, especificadas nos artigos 28 e 29.

b) A prestación dunha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento, de acordo co establecido no artigo 32.

c) A elaboración das guías telefónicas a que se refire o artigo 30.

d) A prestación do servizo de consulta de números de abonado a que se refire o artigo 31.

3. Cando o ámbito territorial fixado na orde ministerial pola que se convoca o concurso coincida coa zona en que un operador manifestou o seu interese en prestar o servizo universal, a comunicación a que se refire o punto 1 será vinculante para o operador, que se deberá presentar ao concurso e manter como mínimo na súa oferta as condicións de prezo e calidade comunicadas. En todo caso, poderase presentar ao concurso calquera empresa legalmente establecida e debidamente autorizada para a prestación do elemento de servizo universal a que se refira o concurso.

4. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adxudicarlle o concurso ao licitador que ofrezca as condicións máis vantaxosas. En consecuencia, a empresa que resulte adxudicataria terá a consideración de operador designado para a prestación do servizo universal e, daquela, beneficiarase do sistema de financiamento a que se refire o parágrafo terceiro do artigo anterior, no relativo ao elemento e á zona obxecto da adxudicación.

5. No suposto de que, tras a consulta a que se refire o punto 1, ningún operador manifeste o seu interese en prestar o servizo, ou en caso de que o concurso sexa declarado deserto, a designación do operador encargado de prestar o servizo universal realizarase consonte o artigo seguinte.

#### Artigo 38. *Prestación do servizo universal por operadores con poder significativo no mercado.*

Calquera operador que teña poder significativo de mercado na subministración da conexión á rede telefónica pública e na súa utilización desde unha localización fixa nunha zona determinada ou que se encontre prestando o servizo universal poderá ser designado, mediante orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para prestar, dentro dela, calquera dos elementos incluídos no servizo universal. Cando nunha zona determinada non existisen operadores co devandito poder significativo de mercado, poderase designar, logo de consulta ás partes implicadas, calquera dos operadores con maior cota de participación no devandito mercado.

Na orde a que se refire o parágrafo anterior, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, establecerase o servizo ou elemento que se deba prestar e en que ámbito territorial, así como o período e as condicións de prestación do servizo, todo iso de conformidade co establecido neste regulamento.

SECCIÓN 4.<sup>a</sup> CUSTO NETO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO UNIVERSAL**Artigo 39. *Determinación da existencia dunha carga inxustificada.***

1. A designación consonte o artigo 37 dun operador para a prestación do servizo universal dará lugar, no caso de que a prestación para a que foi designado implique un custo neto que suporá por iso unha carga inxustificada, á cualificación do devandito operador como receptor de fondos do Fondo nacional de financiamento do servizo universal ou, no seu defecto, do mecanismo de compensación entre operadores que se establece neste regulamento.

2. No suposto a que se refire o artigo 38, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións determinará anualmente se a obriga da prestación do servizo universal pode implicar unha carga inxustificada para os operadores obrigados á súa prestación. No caso de que exista un custo neto na prestación do servizo universal pero a Comisión do Mercado das Telecomunicacións considere que non constitúe unha carga inxustificada, a resolución que así o estableza deberá ser motivada.

3. O custo neto de prestación do servizo universal será determinado anualmente de acordo cos procedementos de designación previstos no artigo 37, ou en función do aforro neto que o operador conseguiría se non tivese a obriga de prestar o servizo universal. Este aforro neto calcularase de acordo co procedemento que se establece nos artigos seguintes.

**Artigo 40. *Compoñentes de custo do servizo universal.***

Os custos imputables ás obrigas de servizo universal impostas aos operadores obrigados a prestalos que son susceptibles de compensación están compostos:

- a) Polo custo neto das obrigas de prestar o servizo universal en zonas non rendibles.
- b) Polo custo neto das obrigas de prestar o servizo universal a usuarios con discapacidade ou con necesidades sociais especiais.
- c) Polo custo neto das obrigas de prestar o servizo telefónico mediante teléfonos públicos de pagamento nos termos do artigo 32.
- d) Polo custo neto da obriga de elaborar e poñer á disposición dos abonados do servizo telefónico as guías telefónicas a que se refire o artigo 30.
- e) Polo custo neto das obrigas de prestar os servizos de información relativa aos números de abonados do servizo telefónico dispoñible ao público, de acordo co establecido no artigo 31.

**Artigo 41. *Compoñente territorial: zonas non rendibles.***

Para os efectos deste regulamento, considéranse zonas non rendibles as demarcacións territoriais de prestación dos servizos que un operador eficiente non cubriría a prezo alcanzable, atendendo a razóns exclusivamente comerciais.

Terán a consideración de zonas non rendibles aquelas en que os custos directos da prestación dos servizos sexan superiores aos ingresos facturados por estes aos usuarios da zona.

**Artigo 42. *Compoñente social: usuarios con necesidades especiais.***

Terán a consideración de servizos non rendibles os solicitados por clientes ou grupos de clientes aos cales un operador eficiente non llelos prestaría a prezo alcanzable, atendendo a razóns exclusivamente comerciais, ben por desfrutaren de tarifas especiais, ben polo seu alto custo, incluído o do seu acceso.

Son susceptibles de seren cualificados como servizos non rendibles os que se lles deban prestar aos usuarios que teñan discapacidades que impliquen unha barreira de acceso ao servizo ou un uso máis oneroso deste que o dun usuario

sen discapacidade e aos colectivos de pensionistas e xubilados cuxa renda familiar non exceda do indicador que, consonte o artigo 35.2.a)1.<sup>o</sup>, estableza a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

**Artigo 43. *Concepto de custo neto. Custos recuperables e non recuperables.***

1. O custo neto de prestación do servizo universal obtense encontrando a diferenza entre o aforro a longo prazo que obtería un operador eficiente se non prestase o servizo e os ingresos directos e indirectos que lle produce a súa prestación, incrementando estes últimos cos beneficios non monetarios derivados das vantaxes inmateriais obtidas por el, con tal motivo.

Entenderase que os custos son de prestación eficiente a longo prazo cando estean baseados nunha dimensión óptima da planta, valorada a custo de reposición, coa mellor tecnoloxía dispoñible e na hipótese de mantemento da calidade de servizo.

2. Os custos recuperables de funcionamento e investimento das zonas non rendibles comprenden, por unha parte, os custos de acceso e de xestión dos abonados da zona e, por outra, os custos da rede de conmutación e transmisión necesarios para prestar o servizo na zona e o encamiñamento do tráfico entrante e saliente desta.

3. No caso de abonados que necesiten de medios especiais para o seu acceso ao servizo ou unha utilización máis onerosa do servizo, poderanse ter tamén en conta os custos adicionais necesarios ou os menores ingresos que afecten o operador.

4. O custo neto da obriga de asegurar a prestación do servizo de teléfonos públicos de pagamento no dominio público de uso común nunha determinada zona calcularase encontrando a diferenza entre os custos soportados polo operador pola súa instalación, mantemento e encamiñamento do tráfico saliente daqueles e os ingresos directa e indirectamente xerados polos devanditos teléfonos, xunto cos beneficios non monetarios derivados diso. Cando o saldo así calculado mostre que os ingresos son superiores aos custos ou cando o número destes teléfonos na zona sexa superior ao exixido para cumprir a obriga de servizo universal e estes teñan unha distribución territorial razoable, considerárase que non existe custo da obriga.

5. O custo neto da obriga de prestar os servizos de consulta telefónica sobre números de abonados obtense encontrando a diferenza entre os custos e os ingresos, directos e indirectos, atribuíbles á devandita obriga. En particular, consideráranse ingresos destes servizos os correspondentes a ingresos por tarifas dos servizos de consulta, incluído o tráfico inducido e calquera outro ingreso derivado dos devanditos servizos, tales como os provenientes da comercialización de ficheiros.

6. Non se incluírán no cálculo do custo do servizo universal os custos sufridos como consecuencia da prestación de calquera servizo que, de acordo co establecido neste regulamento, quede fóra do ámbito de aplicación das obrigas de servizo universal.

**Artigo 44. *Criterios aplicables para a determinación e imputación dos custos.***

1. O cálculo do custo neto da prestación do servizo universal acharase consonte o artigo 43.1 e deberá basearse en procedementos e criterios obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionais establecidos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. O sistema de contabilidade de custos deberá mostrar, dunha maneira transparente, as principais categorías baixo as que se agrupan e as regras utilizadas para a súa repartición, en especial as que se refiren á distribución equitativa dos custos comúns e conxuntos.

3. A determinación do custo neto será realizada polo operador de telecomunicacións que, en cada caso, preste o servizo universal, de acordo cos principios xerais establecidos pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.



4. Os custos deberanse imputar a aqueles servizos que son causa de que se incorra neles. A determinación da súa contía deberase facer en proporción á correspondente contribución ao custo por cada servizo, mediante a definición de xeradores de custo. Para cada concepto de custo deberase establecer un xerador representativo e facilmente medible que identifique a causa pola que se incorre nel e que, pola súa vez, sirva como unidade de repartición daquel.

5. Para asegurar a adecuada repartición do custo, cada concepto deste deberase clasificar, con independencia doutros criterios de clasificación que o operador obrigado adopte, nalguna das seguintes categorías excluíntes:

a) Custos directos: son aqueles que están relacionados, directa e inmediatamente, coa prestación dos servizos, polo que se poden repartir directamente entre estes.

b) Custos indirectos: son os que poden ser relacionados coa prestación dos servizos, a través da súa conexión con algún custo directo ou indirecto, polo que a súa repartición se efectuará de igual maneira que os custos con que gardan relación e, mediante posteriores reparticións, destes aos servizos.

c) Custos non atribuíbles: son os que non se poden relacionar, nin directa nin indirectamente, coa prestación das obrigas de servizo universal, nos termos recollidos nos parágrafos anteriores, polo que terán a consideración de non recuperables.

6. Ao avaliar os custos en que incorrería o operador por estar obrigado á prestación do servizo, este terá en conta unha taxa razoable de remuneración dos capitais investidos na súa prestación.

7. As modificacións que se pretendan introducir no sistema de contabilidade de custos aprobado, antes da súa posta en práctica, deberán ser sometidas á aprobación da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. Se no prazo de dous meses, desde a presentación ante a Comisión do Mercado das Telecomunicacións do sistema de contabilidade de custos ou das súas modificacións, non recaeu resolución, o operador poderá utilizar o sistema proposto para todos os efectos, sen prexuízo do establecido neste regulamento.

8. Cando un operador resulte obrigado por este regulamento a formar e presentar contabilidade de custos, deberá achegar o sistema de contabilidade de custos que vaia aplicar no prazo de nove meses desde que fose designado para a prestación de obrigas de servizo universal, cos efectos recollidos no punto 7.

#### Artigo 45. *Consideración dos ingresos asociados e dos beneficios derivados.*

1. Ao avaliar os ingresos que deixaría de obter o operador, de non prestar o servizo, deberanse ter en conta:

a) Os ingresos por cotas de conexión, cotas fixas periódicas e por tráfico xerados polos usuarios a que se deixaría de prestar o servizo.

b) Os ingresos por chamadas pagadas polo resto dos clientes, efectuadas aos usuarios a que se deixaría de prestar o servizo.

c) Os ingresos por chamadas de substitución que realizarían os clientes a que se deixa de prestar o servizo desde teléfonos públicos ou teléfonos doutros usuarios.

Cando non sexa posible a avaliación directa dos ingresos sinalados, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións ditará os criterios para a súa valoración.

2. Así mesmo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións establecerá o procedemento para cuantificar os beneficios non monetarios obtidos polo operador, na súa calidade de prestador dun servizo universal. Na devandita valoración teranse en conta, como mínimo, as seguintes categorías de potenciais xeradores de beneficios non monetarios:

a) Maior recoñecemento da marca do operador, como consecuencia da prestación do servizo.

b) Vantaxes derivadas da ubicuidade.

c) Valoración dos clientes ou grupos de clientes, tendo en conta o seu ciclo de vida.

d) Vantaxes comerciais que implica o ter acceso a todo tipo de datos sobre o servizo telefónico.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en función das condicións do mercado, poderá incluír outras categorías de xeradores de beneficios non monetarios.

#### Artigo 46. *Determinación periódica do custo neto, verificación e aprobación administrativa.*

1. Os operadores con obrigas de servizo universal farán anualmente unha declaración á Comisión do Mercado das Telecomunicacións dos servizos que ofrecen, cuxa prestación só se poida facer con custo neto para eles, detallando os seus distintos compoñentes.

2. Todo operador obrigado a prestar o servizo universal deberá formular, anualmente, unha declaración do custo neto das obrigas de servizo universal que asumise, de acordo cos principios e as normas deste regulamento e seguindo as instrucións que dite a Comisión do Mercado das Telecomunicacións no exercicio das súas facultades. A cuantificación do custo neto contida na devandita declaración deberá ser aprobada pola comisión, logo de verificación realizada por ela mesma ou pola entidade que, para estes efectos, designe. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións publicará as conclusións sobre o cumprimento dos criterios de custos por parte de cada un dos operadores obrigados e a cuantificación do custo neto debidamente aprobada, co límite dos aspectos confidenciais que poida revelar unha información contable excesivamente desagregada.

#### SECCIÓN 5.<sup>a</sup> FINANCIAMENTO DO SERVIZO UNIVERSAL

#### Artigo 47. *Operadores obrigados a financiar o servizo universal.*

1. Cando, en virtude do establecido no artigo 39, o operador designado teña dereito ao financiamento do custo neto que lle supón a prestación do servizo universal, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións porá en marcha o mecanismo de financiamento para compartir o devandito custo neto e publicará no «Boletín Oficial del Estado» a lista de operadores obrigados a contribuir, os datos referentes ao devandito mecanismo e os principios aplicables á repartición dos custos.

2. O financiamento do custo neto resultante da obriga de prestación do servizo universal será compartido por todos os operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá exonerar determinados operadores da obriga de contribuíren ao financiamento do servizo universal cando o seu volume de negocios a escala nacional se sitúe por debaixo dun limiar preestablecido por ela.

A declaración de exención só terá efecto para o período que nela se especifique, e o operador a que afecte deberá asumir a obriga de contribución ao Fondo nacional de financiamento do servizo universal unha vez transcorrido, salvo que a Comisión do Mercado das Telecomunicacións expresamente o prorrogue.

#### Artigo 48. *Obxectivos e principios da financiamento.*

1. O mecanismo de financiamento garantirá uns incentivos adecuados que fomenten unha prestación eficiente do servizo universal, e limitará os posibles efectos negativos sobre o mercado e os investimentos que poidan derivar duns custos máis elevados do necesario.

2. Os obxectivos do mecanismo de financiamento do servizo universal son os seguintes:

a) Reducir ao mínimo as barreiras de acceso ao mercado e garantir ao mesmo tempo o financiamento do servizo universal.

b) Respetar o requisito de neutralidade entre operadores do mercado, as tecnoloxías específicas ou a prestación de servizos, integrada ou separadamente, para evitar unha distorsión nas estratexias de acceso ao mercado ou, posteriormente, nas decisións sobre investimento ou na actividade no devandito mercado.

c) Manter ao nivel mínimo as cargas administrativas e os custos relacionados con elas.

d) Crear unhas condicións que propicien unha maior eficacia e innovación, para garantir a prestación do servizo universal ao menor custo posible.

3. O mecanismo de financiamento respectará os principios xerais de obxectividade, proporcionalidade, non-discriminación e transparencia, prestando especial atención ás seguintes cuestións:

a) Contribucións equitativas e non discriminatorias. Cada operador contribuirá ao financiamento do servizo universal de forma proporcional á cantidade resultante de detraer dos ingresos brutos de explotación obtidos os pagamentos por interconexión, ponderándose, se é o caso, o importe da súa contribución cun factor corrector, en función do servizo prestado. Ningún operador poderá quedar exento de contribuír, salvo polas razóns recollidas neste regulamento.

b) Mecanismos específicos e predicibles de concesión de axudas. Os mecanismos de achega e concesión de axudas establécense e publícanse consonte o disposto neste regulamento. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións deberá dar a publicidade necesaria ás actuacións e decisións que establezan ou modifiquen criterios.

c) Neutralidade competitiva. O mecanismo de concesión de axudas manterá a neutralidade competitiva, entendendo por tal a que non supoña vantaxes nin desvantaxes dun operador fronte a outro, nin favoreza unha tecnoloxía respecto doutra.

d) Concesión de axudas a un só operador. Nas zonas de alto custo, só un operador recibirá, por prestar nelas o mesmo servizo, fondos procedentes do Fondo nacional de financiamento do servizo universal.

4. En ningún caso, as achegas dun operador para o financiamento do servizo universal darán lugar, directa ou indirectamente, a que se duplique o pagamento destinado a sufragar o custo neto dunha mesma obriga de servizo universal específica.

#### Artigo 49. *Parámetros de repartición do custo neto entre os operadores obrigados.*

1. As achegas dos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas obrigados a financiar o servizo universal serán proporcionais á actividade de cada un e serán determinadas pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

O criterio de distribución basearase, para cada operador, na cantidade resultante de detraer dos ingresos brutos de explotación os pagamentos por interconexión e será proporcional ao volume total de negocio no mercado.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e en función da evolución tecnolóxica e das condicións do mercado, poderá establecer outros parámetros de distribución que representen mellor a actividade dos operadores, para os efectos dunha máis equitativa repartición da carga derivada do servizo universal.

3. As achegas que os operadores designados para a prestación do servizo telefónico fixo dispoñible ao público deban realizar ao Fondo nacional de financiamento do servizo universal, por estaren obrigados a financiar o devandito servizo, serán minoradas nas contías correspondentes ao custo neto que supoña para cada un dos operadores a pres-

tación, se é o caso, das obrigas de servizo universal que teñan impostas.

A resultante da comparación poderá dar lugar a unha achega neta do operador ao mecanismo de financiamento ou a unha recepción neta de subsidio para a prestación do servizo.

#### Artigo 50. *Fondo nacional de financiamento do servizo universal. Natureza e fins. Supresión do fondo.*

1. O Fondo nacional de financiamento do servizo universal garante o financiamento do servizo universal e recolle as achegas dos operadores obrigados a contribuír a el.

O fondo carece de personalidade xurídica propia e a súa xestión será levada a cabo pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

2. A través do fondo perséguese os seguintes fins:

a) Xestionar o cobramento efectivo das achegas dos operadores de comunicacións electrónicas.

b) Xestionar os pagamentos aos operadores con dereito a recibilos pola prestación do servizo universal.

3. En relación co fondo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo as seguintes funcións:

a) Coñecer a súa evolución económica e adoptar as medidas necesarias para o cumprimento dos seus fins.

b) Aprobar as súas previsións de ingresos e a súa liquidação anual.

c) Aprobar a memoria anual da súa xestión que se incorporará ao informe anual que deberá presentar ao Goberno.

d) Xestionar o seu patrimonio, cobramento de dereitos e atención das súas obrigas.

e) Determinar as contribucións de cada operador.

f) Resolver de forma vinculante os conflitos que se susciten entre operadores en materias relacionadas co fondo.

4. No caso de que o custo da prestación do servizo universal para operadores suxeitos a estas obrigas sexa dunha magnitude tal que non xustifique os custos derivados da xestión do fondo, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderalle propoñer ao Goberno a súa supresión e, se é o caso, o establecemento de mecanismos de compensación directa entre operadores.

#### Artigo 51. *Recursos do Fondo nacional de financiamento do servizo universal. Achegas e xestión.*

1. Son recursos do Fondo nacional de financiamento do servizo universal os seguintes:

a) As achegas que realicen os operadores obrigados a financiar o servizo universal.

b) As achegas realizadas por calquera outra persoa física ou xurídica que desexe contribuír desinteresadamente ao financiamento de calquera actividade propia do servizo universal.

2. As achegas pecuniarias depositaranse nunha conta restrinxida aberta para tal efecto nunha entidade de crédito. Ao total dos activos deduciráselle os gastos da xestión do fondo.

3. Os recursos do fondo só se poderán investir en activos financeiros de alta liquidez e rendibilidade asegurada.

4. O procedemento para fixar as achegas e levalas a cabo será o seguinte:

a) No prazo de dous meses a partir da publicación da lista referida no artigo 47.1, cada operador obrigado enviará a información relativa aos seus ingresos do último exercicio que se cerrase tres meses antes da publicación da devandita lista á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

b) A Comisión do Mercado das Telecomunicacións calculará as cotas de mercado dos operadores obrigados a contribuír e a achega que lles corresponda realizar a cada un. No prazo de dous meses, contados a partir da finalización do prazo anterior relativo ao envío de información

sobre os ingresos, publicará no «Boletín Oficial del Estado» a achega anual que corresponda ingresar a cada operador obrigado por este concepto e requiriráos para que efectúen os ingresos correspondentes, nun único pagamento no prazo dun mes a partir da devandita notificación.

c) Os operadores con dereito a compensación recibirán dentro do mes seguinte á finalización do período de pagamento, de acordo coas achegas habidas.

5. Se un operador obrigado a realizar achegas non as leva a cabo no prazo establecido, a débeda devengará un xuro de demora igual ao xuro legal máis dous puntos desde o día seguinte ao de finalización do prazo de pagamento.

A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá exercer as accións legais encamiñadas ao cobramento das cantidades debidas, e serán por conta do debedor os gastos que iso ocasione.

6. A obriga de prestar o servizo universal non quedará condicionada, en ningún caso, á recepción de compensacións que proveñan do fondo.

7. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións porá á disposición dos interesados, por solicitude destes, a información dispoñible actualizada relativa á xestión do Fondo nacional de financiamento do servizo universal.

#### Artigo 52. *Custos de administración do fondo.*

Os custos de administración do fondo inclúen, polo menos, os seguintes:

- a) Os que lle ocasione ao xestor a supervisión do custo neto.
- b) Os administrativos.
- c) Os derivados da xestión das contribucións.

Estes custos serán obxecto de repartición entre os operadores obrigados cos mesmos criterios que o custo neto do servizo universal, e formarán parte das súas correspondentes achegas ao fondo.

### CAPÍTULO III

#### Outras obrigas de servizo público

##### Artigo 53. *Obrigas de servizo público previstas no punto 1 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

O Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, poderá impoñer obrigas de servizo público distintas do servizo universal por necesidades da defensa nacional, da seguridade pública ou da seguridade das persoas ou de protección civil.

O acordo do Consello de Ministros que impoña as devanditas obrigas establecerá, así mesmo, a forma de xestión, directa ou indirecta, do servizo e o sometemento, se é o caso, aos principios xerais establecidos no artigo 26.

##### Artigo 54. *Obrigas de servizo público previstas no punto 2 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

A inclusión de novos servizos que comporten a acreditación de maneira que faga fe do contido da mensaxe ou da súa remisión ou recepción distintos dos encomendados inicialmente á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S. A., así como a designación da entidade encargada de prestalos, efectuarase por acordo do Consello de Ministros.

O Goberno, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, poderá impoñer outras obrigas de servizo público motivadas polas necesidades ou razóns previstas no devandito punto, así como establecer a súa forma de financiamento.

A inclusión entre os servizos encomendados á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S. A., doutros de contido similar, que comporten a acreditación de maneira que faga fe do

contido da mensaxe ou da súa remisión ou recepción, as súas características técnicas, as da súa prestación e as de financiamento, efectuaranse, se é o caso, por orde do Ministerio da Presidencia, por proposta dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Fomento.

Serán de aplicación aos servizos regulados neste artigo os principios xerais establecidos no artigo 26.

##### Artigo 55. *Principios aplicables para a determinación dos operadores obrigados a cumprir as obrigas de servizo público previstas neste capítulo.*

O real decreto ou, se é o caso, o acordo do Consello de Ministros que estableza obrigas de servizo público subsumibles nalgún dos artigos deste capítulo e distintas das inicialmente fixadas na disposición transitoria cuarta deste regulamento establecerá o seguinte:

a) A forma de designación do operador obrigado, tomando en consideración os principios aplicables fixados no artigo 26 e prevendo, cando proceda, un procedemento de selección competitiva.

b) A definición dos obxectivos que se prevén alcanzar.

c) A delimitación da cobertura e áreas territoriais prioritarias e, se é o caso, das demarcacións para a prestación dos servizos.

d) A fixación, se é o caso, dos parámetros para a determinación do carácter alcanzable dos prezos e dos mecanismos para a súa medición e control.

e) A forma de financiamento das obrigas de servizo público e programa de asignación de fondos para alcanzar os obxectivos.

f) O calendario de actuacións ou, se é o caso, criterios para o establecemento de prioridades.

##### Artigo 56. *Obrigas de servizo público en materia de transmisión de determinadas canles e servizos de programas de radiodifusión e televisión.*

1. Sen prexuízo das obrigas que os operadores teñan impostas en virtude do establecido na normativa de acceso e interconexión, do disposto no capítulo III do título II deste regulamento, das obrigas impostas por razón da interoperabilidade dos servizos ou das impostas en materia de regulación dos mercados de referencia, terán a consideración de obrigas de servizo público do artigo 25.2.b) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, as establecidas no punto 4 da disposición adicional sétima da citada lei e as de cobertura e calidade exixibles ás persoas físicas ou xurídicas que teñan títulos habilitantes de radiodifusión ou televisión que substitúan as previstas na disposición transitoria sexta da devandita lei. Para estes efectos, os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas estarán obrigados a cumprir as exixencias de transmisión de determinadas canles e servizos de programas de radio e televisión ou de cobertura e calidade que se establezan de conformidade con este artigo.

2. Para a imposición das obrigas de servizo público a que se refire o punto anterior, deberánse cumprir os seguintes requisitos:

a) Que os operadores a que se impoña a obriga exploren redes de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de programas de radio ou televisión ao público.

b) Que un número significativo de usuarios finais das devanditas redes as utilice como medio principal de recepción de programas de radio e televisión.

c) Que a imposición como obriga de servizo público sexa necesaria para alcanzar obxectivos de interese xeral claramente definidos pola lexislación básica en materia de medios de comunicación social.

d) Que se cumpran os principios xerais aplicables para a imposición de obrigas de servizo público establecidas no artigo 26.

3. Os operadores en que concorran os requisitos establecidos nas alíneas a) e b) do punto anterior terán a obriga de lles facilitar as súas capacidades de transmisión e de rede



ás persoas físicas ou xurídicas que teñan os títulos habilitantes de radiodifusión ou televisión ás cales, en aplicación da lexislación básica do Estado ditada ao abeiro da súa competencia en materia de medios de comunicación social, prevista no artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución, se lles recoñezan dereitos de distribución de determinadas canles e servizos de programas de radio e televisión, ou ás cales se lles impongan obrigas en materia de cobertura e calidade. Esta lexislación básica deberá determinar claramente o tipo de financiamento que, se é o caso, se prevexa, os suxeitos beneficiarios ou obrigados e xustificar debidamente a concorrencia dos requisitos establecidos nas alíneas c) e d) do punto anterior.

4. Cando a lexislación básica sobre medios de comunicación social non determine o tipo de financiamento, a retribución que, se é o caso, proceda aos operadores de comunicacións electrónicas obrigados en virtude deste artigo como compensación pola imposición das obrigas de servizo público previstas nel deberá ser acordada libremente entre eles e as persoas físicas ou xurídicas que teñan os correspondentes títulos habilitantes de radiodifusión ou televisión a que correspondan, respectivamente, os dereitos de distribución de determinadas canles e servizos de programas de radio e televisión ou as obrigas en materia de cobertura e calidade. En caso de desacordo sobre as condicións técnicas e económicas aplicables, corresponderalle á Comisión do Mercado das Telecomunicacións resolver o conflito mediante resolución vinculante, logo de solicitude dalgunha das partes e logo de tramitación de expediente contradictorio.

## TÍTULO IV

### **Dereito dos operadores á ocupación do dominio público, a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa e condicións de establecemento de servidumes e limitacións**

#### *Artigo 57. Dereito á ocupación do dominio público e a ser beneficiario en expedientes de expropiación forzosa.*

Os operadores terán dereito, na medida en que sexa necesario para o establecemento dunha rede pública de comunicacións electrónicas e nos termos establecidos no capítulo II do título III da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, á ocupación do dominio público e da propiedade privada.

Os operadores, para o exercicio dos devanditos dereitos, estarán obrigados a cumprir as condicións exixibles que se establecen neste regulamento e, en concreto, as normas que sexan fixadas polas administracións públicas competentes de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, e con suxeición aos límites de emisión que se establezan en desenvolvemento do previsto no artigo 44.1.a) da devandita lei.

#### *Artigo 58. Dereito a seren beneficiarios no procedemento de expropiación forzosa.*

1. Os operadores, cando resulte estritamente necesario para a instalación da rede, na medida prevista no proxecto técnico presentado e sempre que non existan outras alternativas economicamente viables, terán dereito á ocupación da propiedade privada, xa sexa a través da súa expropiación forzosa, xa sexa mediante a declaración de servidume forzosa de paso para a instalación de infraestruturas de redes públicas de comunicacións electrónicas. Para os devanditos efectos, poderán solicitar ser beneficiarios nun expediente concreto, sempre que cumpran o disposto na Lei 32/2003, do 3 de novembro, e na normativa vixente en materia de expropiación forzosa.

2. A aprobación do proxecto técnico pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información levará implícita, en cada caso concreto, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación para

a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas, para os efectos do previsto na lexislación de expropiación forzosa.

3. Con carácter previo á aprobación do proxecto técnico, solicitarase informe da comunidade autónoma competente, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

4. Nas expropiacións que se leven a cabo para a instalación de redes públicas de comunicacións electrónicas cuxos titulares teñan impostas obrigas de servizo público indicadas no artigo 22 ou nos puntos 1 e 2 do artigo 25 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, seguirase o procedemento especial de urxencia establecido na Lei de expropiación forzosa, cando así se faga constar na resolución da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información que aprobe o oportuno proxecto técnico.

#### *Artigo 59. Uso compartido do dominio público e privado para a instalación de infraestruturas.*

1. As administracións públicas competentes poderán fomentar o uso compartido do dominio público ou da propiedade privada para o establecemento de redes públicas de comunicacións electrónicas.

Así mesmo, nos termos establecidos no artigo 30 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, as administracións públicas poderán acordar que, desde a data en que se dite a correspondente resolución, o dominio público ou a propiedade privada estarán suxeitos ao réxime de uso compartido previsto no devandito artigo.

O uso compartido articularase mediante acordos entre os operadores interesados. No caso de ocupación do dominio público, na falta de acordo no prazo dun mes, calquera dos operadores poderá, logo de comunicación ao resto deles e ao titular do devandito dominio, requirir a Comisión do Mercado das Telecomunicacións para que emita o informe previsto no artigo 30.3 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

2. Malia o disposto no punto anterior, as condicións para o uso compartido dos locais e infraestruturas de comunicacións electrónicas para a interconexión de redes públicas de comunicacións electrónicas suxeitaranse ao disposto no Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, en materia de interconexión, e quedarán excluídas da aplicación do disposto neste artigo.

3. Cando en aplicación dos límites de emisión que se fixen de conformidade co disposto no artigo 44.1.a) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, se establezan límites nos niveis de emisión para o uso compartido de infraestruturas, deberanse autorizar máis localizacións para asegurar a cobertura nos termos establecidos no artigo 30.4 da devandita lei.

#### *Artigo 60. Outras servidumes e limitacións.*

1. Os operadores, na medida en que sexa necesario para a protección das súas redes públicas de comunicacións electrónicas, poderán obter a protección do dominio público radioeléctrico que utilicen para as devanditas redes, para o que solicitarán a imposición de servidumes e limitacións á propiedade, de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. Nos termos que se establezan na normativa regulamentaria que desenvolva o artigo 44 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, poderanse fixar, de conformidade co previsto no artigo 32.2 da devandita lei, límites ao dereito de uso do dominio público radioeléctrico para a protección doutros bens xuridicamente protexidos prevalentes.

## TÍTULO V

**Obrigas de carácter público. Segredo das comunicacións e protección dos datos persoais**

## CAPÍTULO I

**Protección dos datos persoais na explotación de redes e na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público**SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓNS XERAISArtigo 61. *Ámbito de aplicación.*

1. Este capítulo ten por obxecto o establecemento das normas regulamentarias de carácter técnico de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, en relación coa protección dos datos persoais na explotación de redes e na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público. O regulado neste capítulo é de aplicación ao tratamento dos datos persoais na prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público e na explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas, así como nas actividades que realicen os suxeitos a que se refire o artigo 51.c) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, nos supostos en que este resulte de aplicación.

2. As disposicións sobre visualización e limitación da identificación da liña de orixe e da liña conectada e sobre o desvío automático de chamadas aplicaranse, nos termos establecidos na sección 3.<sup>a</sup> deste capítulo, ás liñas de abonados conectadas a centrais dixitais e, cando sexa tecnicamente posible e non exixa un investimento desproporcionado polo operador, ás liñas de abonados conectadas a centrais analóxicas. Os operadores deberán obter do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a autorización correspondente para quedaren exentos do cumprimento dos requisitos sobre visualización e limitación da identificación da liña de orixe e conectada e sobre desvío automático de chamadas.

3. Non será de aplicación o establecido neste capítulo cando, de conformidade coa normativa vixente, sexa necesario adoptar medidas para a protección da seguridade pública, a seguridade do Estado, a aplicación do dereito penal e a interceptación legal das comunicacións electrónicas para calquera destes fins.

Artigo 62. *Protección e seguridade dos datos persoais.*

1. Os suxeitos obrigados a que se refire o artigo 51 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, deberán garantir a protección dos datos persoais no exercicio da súa actividade, nos termos establecidos neste regulamento e na lexislación vixente.

2. Os operadores deberán adoptar as medidas técnicas e de xestión adecuadas para preservar a seguridade na explotación da súa rede ou na prestación dos seus servizos, para garantir os niveis de protección dos datos de carácter persoal establecidos neste regulamento e demais normativa aplicable.

En caso de que exista un risco particular de violación da seguridade da rede pública de comunicacións electrónicas, o operador que explore a devandita rede ou preste o servizo de comunicacións electrónicas informará os abonados sobre o devandito risco e, cando o risco quede fóra do ámbito das medidas que deberá tomar o prestador do servizo, sobre as posibles solucións, cunha indicación dos posibles custos.

Artigo 63. *Réxime xurídico.*

A protección dos datos persoais vinculados ás redes e servizos de comunicacións electrónicas rexeráse polo disposto no artigo 38 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, por

este título V e, no non previsto por aquelas normas, polo disposto en lexislación vixente sobre protección dos datos de carácter persoal.

Artigo 64. *Definicións.*

Para os efectos deste título, enténdese por:

a) Datos de tráfico: calquera dato tratado para efectos da condución dunha comunicación a través dunha rede de comunicacións electrónicas ou para efectos da súa facturación.

b) Datos de localización: calquera dato tratado nunha rede de comunicacións electrónicas que indique a posición xeográfica do equipamento terminal dun usuario dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.

c) Comunicación: calquera información intercambiada ou conducida entre un número finito de interesados por medio dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público. Non se inclúe na presente definición a información conducida, como parte dun servizo de radiodifusión ao público, a través dunha rede de comunicacións electrónicas, excepto na medida en que a información se poida relacionar co abonado ou usuario identificable que reciba a información.

d) Chamada: unha conexión establecida por medio dun servizo telefónico dispoñible para o público que permita a comunicación bidireccional en tempo real.

e) Servizo con valor engadido: todo servizo que require o tratamento de datos de tráfico ou datos de localización distintos dos de tráfico que vaia máis aló do necesario para a transmisión dunha comunicación ou a súa facturación.

f) Tratamento de datos: operacións e procedementos técnicos de carácter automatizado ou non, que permitan a recollida, gravación, conservación, elaboración, modificación, bloqueo e cancelación, así como as cesións de datos que resulten de comunicacións, consultas, interconexións e transferencias.

g) Facilitade de identificación da liña de orixe: a prestación que permite que o usuario que recibe unha chamada obteña a información do número telefónico da liña desde onde se orixina esa comunicación.

h) Facilitade de identificación de liña conectada: a prestación que permite que o usuario que orixina a chamada obteña información do número telefónico da liña a que foi conectada a súa chamada.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> OS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL EN RELACIÓN CON DETERMINADOS ASPECTOS DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS ELECTRÓNICASArtigo 65. *Datos persoais sobre o tráfico e a facturación.*

1. Os operadores deberán eliminar ou facer anónimos os datos de carácter persoal sobre o tráfico referidos a unha comunicación e relacionados cos usuarios e os abonados que fosen tratados e almacenados para establecer unha comunicación, en canto xa non sexan necesarios para os efectos da súa transmisión, sen prexuízo do disposto nos puntos seguintes.

2. Os datos de tráfico que fosen necesarios para realizar a facturación e os pagamentos das interconexións poderán ser tratados unicamente durante o prazo en que se poida impugnar a factura ou exixir o pagamento, de conformidade coa lexislación aplicable. Transcorrido o devandito prazo, os operadores deberán eliminar ou facer anónimos os datos de carácter persoal, nos termos do punto 1.

3. Así mesmo, os operadores poderán tratar os datos de tráfico con fins de promoción comercial de servizos de comunicacións electrónicas ou para a prestación de servizos con valor engadido, na medida e durante o tempo necesarios para a prestación de tales servizos ou a súa promoción comercial, sempre e cando o abonado dese o seu consentimento informado.

Para estes efectos, os suxeitos obrigados deberanse dirixir aos abonados, polo menos, cun mes de antelación ao

inicio da promoción ou da prestación do servizo con valor engadido, informalos do tipo de servizos para os que se efectuará o tratamento, os tipos de datos que serán obxecto de tratamento e a duración que terá e solicitarlles o seu consentimento para o tratamento dos datos. Esta comunicación, que se deberá efectuar a través dun medio que garanta a súa recepción por parte do abonado, poderase levar a cabo de forma conxunta á facturación do servizo prestado polos suxeitos obrigados ao abonado.

Deberáselle facilitar ao interesado un medio sinxelo e que non implique ingreso ningún para o suxeito obrigado para manifestar a súa negativa ao tratamento dos datos. En particular, considerarase axustado a este regulamento o procedemento en que tal negativa se poida efectuar mediante un envío prefranqueado ao suxeito obrigado ou a chamada a un número telefónico gratuito ou aos servizos de atención ao cliente que aquel establecese.

Se no prazo dun mes desde que o abonado reciba a solicitude este non se pronunciase ao respecto, entenderase que consente o tratamento dos datos de tráfico para esta finalidade, sempre que así se fixese constar na información dirixida ao abonado.

En todo caso, os abonados disporán da posibilidade de retirar en calquera momento o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de tráfico a que se refire este punto.

4. O operador deberá informar o abonado ou o usuario dos tipos de datos de tráfico que son tratados e da duración deste tratamento para os efectos mencionados no punto 2 e, antes de obter o consentimento, para os efectos previstos no punto 3.

5. O tratamento dos datos de tráfico, de conformidade cos puntos anteriores, só poderá ser realizado polas persoas que actúen baixo a autoridade do operador prestador do servizo ou explotador da rede que se ocupen da facturación ou da xestión do tráfico, das solicitudes de información dos clientes, da detección de fraudes, da promoción comercial dos servizos de comunicacións electrónicas, da prestación dun servizo con valor engadido ou de subministrar a información requirida polos xuíces e tribunais, polo Ministerio Fiscal ou polos órganos ou entidades que puidesen reclamar en virtude das competencias atribuídas pola Lei 32/2003, do 3 de novembro.

En todo caso, o devandito tratamento deberase limitar ao necesario para realizar tales actividades.

#### Artigo 66. *Protección dos datos persoais na facturación desagregada.*

Os abonados terán dereito a recibir facturas non desagregadas cando así llelo soliciten aos operadores que, de conformidade co disposto neste regulamento, teñan a obriga de prestar o devandito servizo.

Así mesmo, por resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, fíxanse as distintas modalidades de presentación da facturación desagregada que os abonados lles poden solicitar aos operadores, tales como a supresión dun determinado número de cifras na factura dos números aos cales se chamou ou a non-aparición na factura dos números a que se chama cando o pagamento se faga con tarxeta de crédito, como mecanismos de garantía da utilización anónima ou estritamente privada do servizo.

As chamadas que teñan carácter gratuito para o abonado que efectúa a chamada, incluídas as chamadas aos números de asistencia, non figurarán nas facturas detalladas do abonado que efectúa a chamada.

#### Artigo 67. *Guías de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.*

1. Os suxeitos obrigados deberán informar gratuitamente os seus abonados antes de incluíren ou facilitaren os seus datos a outra entidade con destino á súa inclusión en calquera tipo de guía de abonados, impresa ou electrónica, dispoñible ao público ou accesible a través de servizos de

información ou de consulta sobre ela, da finalidade da devandita guía, así como de calquera outra posibilidade de uso baseada en funcións de busca incorporadas nas súas versións electrónicas. Esta información aos abonados deberase producir polo menos cun mes de antelación a que os datos sexan incluídos ou facilitados a outra entidade para a súa inclusión, e deberáselles solicitar o seu consentimento, nos termos establecidos nos puntos seguintes.

2. Para que os datos correspondentes a un abonado aos cales se refire o artigo 30.4 sexan incluídos por primeira vez nalgún tipo de guía ou facilitados a outra entidade para a súa inclusión nela ou para a prestación de servizos de información ou de consulta sobre ela, será preciso o consentimento expreso do devandito abonado. Para estes efectos, entenderase que existe consentimento expreso dun abonado cando o operador lle solicite o seu consentimento para a inclusión de tales datos, con indicación expresa de cales serán estes, o modo en que serán incluídos na guía e a súa finalidade, e este lle responda dando a súa aceptación. Tamén se producirá cando este se dirixa por escrito ao seu operador solicitándolle que os seus datos figuren na guía.

Se o abonado non dese o seu consentimento expreso, entenderase que non acepta que se publiquen na guía correspondente os seus datos.

Unha vez outorgado o consentimento consonte o parágrafo anterior, para as sucesivas inclusións dos devanditos datos na guía ou a súa entrega a outra entidade para a súa inclusión nela ou para a prestación de servizos de información ou de consulta sobre ela, abondará con que, no prazo dun mes, na comunicación en que se solicita o consentimento, o abonado non se opoña expresamente á devandita inclusión.

3. A inclusión nunha guía, impresa ou electrónica, de calquera dato distinto dos previstos no artigo 30.4 exixirá o consentimento expreso do abonado para iso, tanto a primeira vez como as sucesivas inclusións.

Para estes efectos, entenderase que existe consentimento expreso dun abonado cando este se dirixa por escrito a quen elabora a guía ou a quen lle facilita os seus datos persoais a outra entidade con esa finalidade e lle solicite que amplíe os seus datos persoais que figuren na guía. Tamén se producirá cando quen elabora a guía ou a quen lle facilita os seus datos persoais a outra entidade con esa finalidade lle solicite ao abonado o seu consentimento para a inclusión de tales datos, indicando expresamente cales serán estes, o modo en que serán incluídos na guía e a súa finalidade, e este lle responda dando a súa aceptación.

Se o abonado non dese o seu consentimento expreso, entenderase que non acepta que se publiquen na guía correspondente outros datos que non sexan os que se establecen no parágrafo primeiro deste punto.

4. Os abonados terán dereito a que os seus datos que aparezan na guía non sexan utilizados con fins de publicidade ou prospección comercial e a que así conste de forma clara na guía. Do mesmo modo terán dereito a que se omita parcialmente o seu enderezo ou algún outro dato, nos termos que estipulase o seu provedor. Así mesmo, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos previstos na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O exercicio dos dereitos a que se refire este punto non deberá implicar ingreso ningún para o suxeito obrigado.

Os abonados que exercen o seu dereito a non figurar nas guías terán dereito a recibir a información adicional a que se refire o parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 71.

5. A guía a que se refire o artigo 30 deixará de ter o carácter de fonte accesible ao público cando se publique a seguinte actualización. O resto de guías perderán o devandito carácter coa seguinte actualización ou, no seu defecto, tras o transcurso do prazo dun ano desde a súa última publicación, con independencia do formato en que se elaborasen.

6. O disposto nos puntos anteriores en relación coas guías de abonados será de aplicación aos datos utilizados para a prestación de servizos de consulta sobre números de abonado.



**Artigo 68. Prestación dos servizos de elaboración de guías de abonados e de consulta telefónica sobre números de abonado.**

1. A elaboración e comercialización das guías de abonados aos servizos de comunicacións electrónicas e a prestación de servizos de consulta telefónica sobre números de abonado realizarase en réxime de libre competencia.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións deberalles subministrar gratuitamente ás entidades que vaian elaborar guías telefónicas de abonados, ás que presten o servizo de consulta telefónica sobre números de abonado e ás que presten os servizos de chamadas de emerxencia, os datos que lle faciliten os operadores, de conformidade co establecido neste regulamento, coas instrucións que, se é o caso, dite a Comisión do Mercado das Telecomunicacións e co que para tal efecto se estableza por orde ministerial.

Os datos referentes aos abonados que exercen o seu dereito a non figurar nas guías accesibles ao público unicamente se lles proporcionarán ás entidades titulares do servizo de atención de chamadas de emerxencia. Para estes efectos, entenderase que os servizos de chamadas de emerxencia son os prestados a través do número 112 e aqueloutros que determine a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

A subministración realizarase por solicitude expresa da entidade interesada e logo de resolución motivada da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos, en que se recoñeza que a entidade reúne os requisitos para acceder aos datos e se establezan as condicións de subministración e de utilización dos datos subministrados.

3. As entidades que reciban os datos da Comisión do Mercado das Telecomunicacións estarán obrigadas á prestación dos servizos que motivan a comunicación dos datos, á utilización dos datos comunicados única e exclusivamente para a devandita prestación e á utilización para iso da última versión actualizada dos datos que se encontre dispoñible.

En caso de que no prazo de seis meses desde o recoñecemento do dereito da entidade solicitante ao acceso aos datos do abonado esta non iniciase a prestación dos servizos en virtude dos cales se acordou a subministración da información, ou se comprobase que con posterioridade ao recoñecemento do dereito os datos se utilizan para outras finalidades distintas ou son empregados de forma distinta á establecida pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións, esta, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos, ditará unha resolución motivada que revogue, se é o caso, a resolución pola que se recoñeceu o dereito de acceso aos datos.

Se se acordase a revogación da resolución pola que se recoñeceu o dereito de acceso aos datos, a entidade interesada deberá proceder á supresión inmediata dos datos que lle fosen comunicados, así como calquera copia destes.

O establecido neste punto enténdese sen prexuízo das competencias atribuídas á Axencia Española de Protección de Datos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

**Artigo 69. Chamadas non solicitadas para fins de venda directa.**

1. As chamadas non solicitadas polos abonados con fins de venda directa que se efectúen mediante sistemas de chamada automática, a través de servizos de comunicacións electrónicas, sen intervención humana (aparells de chamada automática) ou facsímile (fax), só se poderán realizar a aqueles que desen o seu consentimento previo, expreso e informado.

O incumprimento do establecido no parágrafo anterior será sancionado de acordo co establecido no artigo 38.3.c), ou no artigo 38.4.d) da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

2. As chamadas non solicitadas polos abonados con fins de venda directa que se efectúen mediante sistemas distintos dos establecidos no punto anterior poderanse efec-

tuar salvo as dirixidas a aqueles que manifestasen o seu desexo de non recibir as devanditas chamadas.

Malia o disposto no parágrafo anterior, para realizar as chamadas a que este se refire aos que decidisen non figurar nas guías de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou aos que exercen o seu dereito a que os datos que aparecen nelas non sexan utilizados con fins de publicidade ou prospección comercial, será preciso contar co consentimento expreso daqueles.

**Artigo 70. Datos de localización distintos dos datos de tráfico.**

1. No caso de que se poidan tratar datos de localización, distintos dos datos de tráfico, relativos aos usuarios ou abonados de redes públicas de comunicacións ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, só se poderán tratar estes datos se se fan anónimos, ou logo de consentimento expreso dos usuarios ou abonados, na medida e polo tempo necesarios para a prestación dun servizo con valor engadido.

Para estes efectos, os suxeitos obrigados deberanse dirixir aos usuarios ou abonados, polo menos, cun mes de antelación ao inicio da prestación do servizo con valor engadido, e informalos do tipo de datos de localización distintos dos datos de tráfico que serán tratados, da finalidade e duración do tratamento e de se os datos se transmitirán a un terceiro para os efectos da prestación do servizo con valor engadido, e solicitarlles o seu consentimento para o tratamento dos datos. Esta comunicación, que se deberá efectuar por un medio que garanta a súa recepción polo usuario ou abonado, poderase levar a cabo de forma conxunta á facturación do servizo prestado polos suxeitos obrigados ao abonado.

Entenderase que existe consentimento expreso cando o usuario ou o abonado se dirixan ao suxeito obrigado e lle soliciten a prestación dos servizos con valor engadido que exixan o tratamento dos seus datos de localización.

En todo caso, os usuarios ou abonados deberán contar coa posibilidade de retirar en calquera momento o seu consentimento para o tratamento dos seus datos de localización distintos dos de tráfico a que se refire este punto, así como de rexeitar temporalmente o tratamento de tales datos, mediante un procedemento sinxelo e gratuito, para cada conexión á rede ou para cada transmisión dunha comunicación.

2. Cando se obtivese o consentimento dun usuario ou abonado para o tratamento de datos de localización distintos dos datos de tráfico, o usuario ou abonado deberá seguir contando coa posibilidade, por un procedemento sinxelo e gratuito, de rexeitar temporalmente o tratamento de tales datos para cada conexión á rede ou para cada transmisión dunha comunicación.

3. Só se poderán encargar do tratamento de datos de localización distintos dos datos de tráfico de conformidade cos puntos 1 e 2 as persoas que actúen baixo a autoridade do operador das redes públicas de comunicacións ou de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou do terceiro que preste o servizo con valor engadido, e o devandito tratamento deberase limitar ao necesario para efectos da prestación do servizo con valor engadido.

4. Malia o disposto neste artigo, os operadores facilitaranlles os datos de localización distintos aos datos de tráfico ás entidades autorizadas para a atención das de urxencia, cando o destino das chamadas lles corresponda a tales entidades.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> PROTECCIÓN DOS DATOS PERSOAIS NOS SERVIZOS AVANZADOS DE TELEFONÍA**

**Artigo 71. Visualización e restrición da liña de orixe e conectada.**

1. O establecido neste capítulo será de aplicación aos operadores que presten servizos telefónicos dispoñibles ao

público coas facilidades de identificación da liña de orixe e identificación da liña conectada.

2. Os operadores citados no punto 1 informarán individualmente cada un dos seus abonados, con 15 días de antelación ao inicio da prestación das facilidades de identificación da liña de orixe e da liña conectada, das características das devanditas facilidades. En particular, na información dirixida aos abonados que decidisen non aparecer nas guías, poñéndose de manifesto a especial situación do abonado, deberase detallar o modo en que a utilización das mencionadas facilidades pode afectar a protección da súa intimidade e o seu dereito á protección dos seus datos de carácter persoal.

Os operadores deberán someter a comunicación que vaian utilizar para informar os abonados a informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Os operadores ofreceranlles aos abonados un servizo de atención rápido e gratuito para que poidan realizar consultas sobre o funcionamento destas facilidades e para que comuniquen, se é o caso, a configuración e as opcións elixidas para estas.

Os operadores que vaian prestar as facilidades de identificación da liña de orixe ou da liña conectada deberánlles remitir ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Axencia Española de Protección de Datos, con carácter previo á prestación destas facilidades, un documento que recolla as características e os procedementos empregados para garantir o cumprimento do establecido neste regulamento sobre as devanditas facilidades. Así mesmo, os operadores terán obriga de comunicar, de maneira previa á súa aplicación, as posteriores variacións das características das súas ofertas.

#### Artigo 72. *Supresión en orixe, chamada a chamada, da identificación da liña de orixe.*

Os operadores citados no punto 1 do artigo anterior que interveñan no establecemento de comunicacións coa facilidade de identificación da liña de orixe deberán, necesariamente, ofrecer a posibilidade, no tramo de rede correspondente, de que o usuario que orixine as chamadas poida suprimir, en cada unha delas e mediante un procedemento sinxelo e gratuito, a identificación da liña de orixe.

A supresión en orixe polo usuario, chamada a chamada, da identificación da liña de orixe nas redes telefónicas públicas fixas realizarase mediante a marcación dun código nos accesos telefónicos que se realicen a través destas redes.

Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información atribuirá un número curto como código para a supresión en orixe polo usuario, chamada a chamada, da identificación da liña de orixe.

A supresión en orixe polo usuario, chamada a chamada, da identificación da liña de orixe nas redes de telefonía móbil, na súa modalidade GSM e na rede dixital de servizos integrados deberase realizar mediante a marcación de códigos que se axusten, por orde de preferencia, á normativa técnica europea, á normativa internacional, aos acordos internacionais de operadores e, no seu defecto ou de maneira complementaria, ás especificacións técnicas nacionais.

A marcación dos códigos mencionados nos parágrafos anteriores deberase realizar de maneira previa ao de selección de operador, se é o caso, e ao número do abonado destinatario da chamada.

Malia o anterior, a prestación da telefonía rural de acceso celular baseada en tecnoloxía analóxica non estará suxeita á obriga establecida neste artigo.

#### Artigo 73. *Supresión en orixe por liña da identificación da liña de orixe.*

Os operadores citados no punto 1 do artigo 71, que interveñan no establecemento de comunicacións coa facilidade de identificación da liña de orixe, deberán necesariamente ofrecer a posibilidade, na medida en que cooperen no esta-

blecemento das devanditas comunicacións, de que calquera abonado poida suprimir de forma automática en todas as súas chamadas a identificación da súa liña.

Os abonados poderán, de maneira gratuíta, activar ou desactivar a devandita supresión automática dúas veces nos seis meses seguintes ao inicio do subministración de información referida no punto 3 do artigo 71. Posteriormente, o abonado poderá, de maneira gratuíta, realizar a devandita operación unha vez por cada período de seis meses. Para as activacións ou desactivacións máis frecuentes, os operadores poderán establecer un prezo, orientado a custos. Os operadores non poderán establecer cotas periódicas ou prezos por outros conceptos distintos deste último na prestación da supresión automática da identificación da liña de orixe.

#### Artigo 74. *Código de selección de operador.*

Cando no establecemento dunha comunicación se realizase unha selección de operador mediante a marcación de código, este non se deberá visualizar en destino.

#### Artigo 75. *Supresión en destino da identificación da liña de orixe.*

Cando os operadores citados no punto 1 do artigo 71 ofrezan en destino a identificación da liña de orixe, deberánlle ofrecer ao abonado que recibe a chamada a posibilidade, mediante un procedemento sinxelo e gratuito, de impedir a visualización da identificación da liña de orixe nas chamadas recibidas.

Os abonados poderán, de maneira gratuíta, activar ou desactivar a supresión da visualización en destino da liña de orixe dúas veces nos seis meses seguintes ao inicio do subministración de información referida no punto 3 do artigo 71. Posteriormente, o abonado poderá, de maneira gratuíta, realizar a devandita operación unha vez por cada período de seis meses. Para as activacións ou desactivacións máis frecuentes, os operadores poderán establecer un prezo, orientado a custos. Os operadores non poderán establecer cotas periódicas ou prezos por outros conceptos distintos deste último na prestación da supresión automática da identificación en destino da liña de orixe.

#### Artigo 76. *Filtrado en destino de chamadas sen identificación.*

Cando os operadores citados no punto 1 do artigo 71 ofrezan en destino a identificación da liña de orixe e esta se presente con anterioridade a que se estableza a chamada, deberánlle ofrecer ao abonado que recibe a chamada a posibilidade, mediante un procedemento sinxelo, de rexeitar as chamadas procedentes de usuarios ou abonados que impedisen a visualización da identificación da liña de orixe.

#### Artigo 77. *Eliminación da supresión en orixe da identificación da liña de orixe.*

Os operadores citados no punto 1 do artigo 71 eliminarán as marcas de supresión en orixe da identificación da liña de orixe, cando o destino das chamadas lles corresponda a entidades que presten servizos de chamadas de urxencias a través do número 112 e outras autorizadas para a atención das de emerxencia ou ás relacionadas coa seguridade pública ou a defensa nacional. A aplicación do mecanismo de eliminación de marcas de supresión en orixe da identificación da liña de orixe para servizos de emerxencias distintos dos atendidos a través do número 112 deberá ser aprobada, por solicitude das entidades prestadoras dos citados servizos de emerxencia ou de oficio, de maneira previa e para cada caso particular ou tipo de servizo de emerxencia, mediante resolución da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

A aplicación do mecanismo de eliminación de marcas de supresión en orixe da identificación da liña de orixe por

motivos de seguridade pública ou defensa nacional realizárase cando así o estableza por resolución o ministerio competente nas devanditas materias. A resolución tramitarase e aprobarase seguindo os principios de transparencia e proporcionalidade, e seralles comunicada á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información e ao resto de autoridades de regulamentación a que se refire o artigo 46 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Así mesmo, poderanse eliminar por un período de tempo limitado as marcas de supresión en orixe da identificación da liña de orixe cando o abonado solicítase a identificación das chamadas maliciosas ou molestas, de acordo co establecido na normativa vixente en cada momento sobre protección e suspensión das garantías do segredo das comunicacións.

**Artigo 78. *Supresión permanente en destino da identidade da liña de orixe.***

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá establecer, para protexer os dereitos dos cidadáns, en especial o dereito á intimidade, que, de maneira gratuita, certos destinos das chamadas asociados a determinados servizos non dispoñan da facilidade de identificación da liña de orixe.

**Artigo 79. *Supresión da identificación da liña conectada.***

Cando os operadores citados no punto 1 do artigo 71 ofrezan a facilidade de identificación da liña conectada, o abonado que recibe a chamada deberá ter a posibilidade, mediante un procedemento sinxelo e gratuito, de suprimir a visualización ao usuario que realiza a chamada da identidade da liña conectada.

**Artigo 80. *Características técnicas.***

Os operadores citados no punto 1 do artigo 71 aplicarán, de maneira xeral e sempre que sexa factible, para a implantación das facilidades de identificación da liña de orixe e da liña conectada, as normas técnicas comunitarias que sexan de aplicación. No seu defecto, aplicarán as normas, especificacións ou recomendacións de organismos europeos ou, na falta destas, as adoptadas por organismos internacionais de normalización. En ausencia de todas as anteriores, teranse en conta as normas nacionais.

En calquera caso, os devanditos operadores porán á disposición dos fabricantes de equipamentos terminais ou outras entidades interesadas, de maneira neutral, transparente e non discriminatoria, información actualizada sobre as características e normas técnicas aplicadas para a implantación nas súas redes das facilidades de identificación da liña de orixe e da liña conectada. No que se refire á información que se lles debe subministrarse aos fabricantes de equipamentos terminais, esta deberá conter un nivel de detalle suficiente que permita o deseño de equipamentos capaces de facer uso de todas as funcionalidades que forman parte das facilidades de identificación da liña de orixe e da liña conectada.

**Artigo 81. *Responsabilidade dos operadores que teñan as súas redes interconectadas.***

1. No caso de que as redes de varios operadores estean interconectadas, será responsabilidade do operador desde cuxa rede se orixine a chamada a xeración e entrega no punto de interconexión da identidade da liña de orixe e o respecto da posible marca de supresión que fose introducida polo usuario.

O operador cuxa rede sexa o destino final da chamada e preste a facilidade de identificación da liña de orixe deberao facer atendendo a información recibida asociada á chamada e no marco do que se establece nos artigos anteriores.

2. Igualmente, na prestación da facilidade de identificación da liña conectada, os operadores das redes orixe ou destino das chamadas serán responsables da correcta provisión das funcionalidades específicas que correspondan á súa rede.

O operador cuxa rede realice exclusivamente servizos de tránsito das chamadas deberá transmitir en cada caso e de maneira transparente a identidade da liña de orixe ou da liña conectada e as súas marcas asociadas.

3. O envío da información sobre a identidade da liña de orixe na interconexión internacional con países terceiros só se realizará cara a aqueles cuxa normativa garanta o adecuado tratamento dos datos de carácter persoal. A relación de países a que pode ser enviada información sobre a identidade da liña de orixe será establecida polo director da Axencia Española de Protección de Datos, logo de informe da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

**Artigo 82. *Desvío automático de chamadas.***

Os operadores a que se refire o punto 1 do artigo 71 deberanlles ofrecer a todos os abonados, por un procedemento sinxelo e gratuito, a posibilidade de evitar o desvío automático de chamadas ao seu terminal por parte dun terceiro.

## CAPÍTULO II

### A interceptación legal das comunicacións

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN XERAIS

**Artigo 83. *Obxecto.***

É obxecto deste capítulo o establecemento do procedemento que se debe seguir e as medidas que deberán adoptar, de conformidade co artigo 33 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, os operadores que presten ou estean en condicións de prestaren servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou de establecieren ou explotaren redes públicas de comunicacións electrónicas.

As únicas interceptacións que estarán obrigados a realizar os suxeitos a que se refire o artigo 85 son as dispostas no artigo 579 da Lei de axuízamento criminal, na Lei orgánica 2/2002, do 6 de maio, reguladora do control xudicial previo do Centro Nacional de Intelixencia, e noutras normas con rango de lei orgánica.

**Artigo 84. *Definicións.***

Para os efectos do disposto neste capítulo, os termos definidos neste artigo terán o significado seguinte:

a) Interceptación legal: medida establecida por lei e adoptada por unha autoridade xudicial que acorda ou autoriza o acceso ou a transmisión das comunicacións electrónicas dunha persoa, e a información relativa á interceptación, aos axentes facultados, sen prexuízo do establecido no artigo 579.4 da Lei de axuízamento criminal.

b) Interface de interceptación: localización física ou lóxica dentro das instalacións dos suxeitos obrigados en que se proporcionan as comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación aos axentes facultados. A interface de interceptación non é necesariamente un único punto fixo.

c) Orde de interceptación legal: resolución acordada por unha autoridade xudicial pola que se acorda ou autoriza a adopción dunha medida de interceptación legal ou se ordena o necesario para a súa execución técnica aos suxeitos obrigados ou a un axente facultado.

d) Suxeito á interceptación: a persoa ou as persoas designadas, ou ben incluídas de forma individualizada, na



orde de interceptación legal cuxas comunicacións electrónicas son obxecto da medida.

e) Axente facultado: policía xudicial ou persoal do Centro Nacional de Intelixencia habilitado por unha autoridade xudicial para materializar unha interceptación legal.

f) Autoridade xudicial: autoridade a quen a lei faculta para acordar ou autorizar a adopción e ordenar a execución técnica dunha medida de interceptación legal.

g) Centro de recepción das interceptacións: instalación dos axentes facultados que recibe as comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación dun determinado suxeito sometido a interceptación.

h) Itinerancia: situación en que se presta un servizo de comunicacións electrónicas por unha rede distinta da local en que está inscrito o usuario.

i) Identidade: etiqueta técnica que pode representar a orixe ou o destino de calquera tráfico de comunicacións electrónicas, en xeral identificada mediante un número de identidade de comunicacións electrónicas físico (tal como un número de teléfono) ou un código de identidade de comunicacións electrónicas lóxico ou virtual (tal como un número persoal) que o abonado pode asignar a un acceso físico caso a caso.

#### Artigo 85. *Suxeitos obrigados e obriga de colaborar.*

1. Estarán obrigados a seguir os procedementos e adoptar as medidas a que se refire o artigo 83 os operadores que presten ou estean en condicións de prestar servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou de estableceren ou explotaren redes públicas de comunicacións en España, con independencia da natureza, ámbito territorial e momento en que tivo efecto a súa habilitación.

Os operadores a que se refire o parágrafo anterior estarán obrigados a cumprir o establecido neste capítulo, mesmo no caso de que só presten en España acceso a unha rede pública de comunicacións electrónicas, e todo aquel equipamento susceptible de se empregar para realizar a interceptación se encontre baixo a xurisdición doutro Estado.

2. Calquera operador de rede que poña esta á disposición dun provedor de servizos de comunicacións electrónicas deberá colaborar con el no cumprimento dos requisitos deste capítulo.

Así mesmo, calquera outro provedor de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público que acorde facilitar servizo de itinerancia cun provedor principal estará obrigado a colaborar con este no cumprimento dos requisitos deste capítulo.

#### Artigo 86. *Requisitos xerais.*

1. Os suxeitos obrigados deberán ter os seus equipamentos configurados de forma que poidan facilitar o acceso dos axentes facultados a todas as comunicacións transmitidas, xeradas para a súa transmisión ou recibidas polo suxeito dunha interceptación legal e os datos de tráfico asociados á devandita comunicación. Xunto coas comunicacións deberán poder facilitar a información relativa á interceptación que se enumera no artigo 88, mesmo cando a comunicación quede en simple intento por non se chegar a establecer. A correspondencia entre unha comunicación e a información relativa á devandita interceptación farase de tal maneira que se poida establecer entre ambos unha correlación inequívoca, sempre que sexa tecnicamente posible.

2. A interceptación a que se refire o punto anterior deberase facilitar para calquera comunicación que teña como orixe ou destino o punto de terminación de rede ou o terminal específico que se determine a partir da orde de interceptación legal, mesmo aínda que estea destinada a dispositivo de almacenamento ou procesamento da información; así mesmo, a interceptación poderase realizar sobre un terminal coñecido e cuns datos de localización temporal para comunicacións desde locais públicos. Cando non exista unha vinculación fixa entre o suxeito da interceptación e o terminal utilizado, este poderá ser determinado

dinamicamente cando o suxeito da interceptación o active para a comunicación mediante un código de identificación persoal.

3. Os suxeitos obrigados a que fan referencia os puntos anteriores deberán dispoñer dos medios técnicos e humanos que permitan o cumprimento das obrigas establecidas neste regulamento.

#### Artigo 87. *Acceso ás comunicacións electrónicas.*

1. O acceso a unha comunicación electrónica polo suxeito obrigado farase excluindo calquera outra comunicación que non se inclúa no ámbito de aplicación da orde de interceptación legal.

2. O acceso facilitarase para todo tipo de comunicacións electrónicas, en particular, pola súa penetración e cobertura, para as que se realicen mediante calquera modalidade dos servizos de telefonía e de transmisión de datos, se trate de comunicacións de vídeo, audio, intercambio de mensaxes, ficheiros ou da transmisión de facsímil.

3. O acceso facilitado servirá tanto para a supervisión como para a transmisión aos centros de recepción das interceptacións da comunicación electrónica interceptada e a información relativa á interceptación, e permitirá obter o sinal con que se realiza a comunicación.

4. O acceso ás comunicacións facilitarase mesmo cando o suxeito da interceptación utilice procedementos para desviar as chamadas a outros servizos de comunicacións electrónicas ou a outros puntos de terminación de rede, ou a outros terminais, e mesmo cando as chamadas sexan procesadas por provedores de servizos de comunicacións electrónicas distintos daquel a que se dirixe a orde de interceptación, sempre que se poida discernir a comunicación que é obxecto da orde de interceptación.

#### Artigo 88. *Información relativa á interceptación.*

1. Os suxeitos obrigados deberánlle facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición e sen prexuízo doutros datos que poidan ser establecidos mediante real decreto, os datos indicados na orde de interceptación legal, de entre os que se relacionan a continuación:

- a) Identidade ou identidades –na acepción definida no artigo 84.i)– do suxeito obxecto da medida da interceptación.
- b) Identidade ou identidades –na acepción definida no artigo 84.i)– das outras partes involucradas na comunicación electrónica.
- c) Servizos básicos utilizados.
- d) Servizos suplementarios utilizados.
- e) Enderezo da comunicación.
- f) Indicación de resposta.
- g) Causa de finalización.
- h) Marcas temporais.
- i) Información de localización.
- j) Información intercambiada a través da canle de control ou sinalización.

2. Ademais da información relativa á interceptación prevista no punto anterior, os suxeitos obrigados deberánlle facilitar ao axente facultado, salvo que polas características do servizo non estean á súa disposición e sen prexuízo doutros datos que poidan ser establecidos mediante real decreto, de calquera das partes que intevñan na comunicación que sexan clientes do suxeito obrigado, os seguintes datos:

- a) Identificación da persoa física ou xurídica.
- b) Domicilio en que o provedor realiza as notificacións. E, aínda que non sexa abonado, se o servizo de que se trata permite dispoñer dalgún dos seguintes:
  - c) Número de titular de servizo (tanto o número de directorio como todas as identificacións de comunicacións electrónicas do abonado).
  - d) Número de identificación do terminal.

- e) Número de conta asignada polo provedor de servizos internet.
- f) Enderezo de correo electrónico.

3. Xunto cos datos previstos nos puntos anteriores, os suxeitos obrigados deberán facilitar, salvo que polas características do servizo non estea á súa disposición, información da situación xeográfica do terminal ou punto de terminación de rede orixe da chamada, e da do destino da chamada. En caso de servizos móbiles, proporcionarase unha posición o máis exacta posible do punto de comunicación e, en todo caso, a identificación, localización e tipo da estación base afectada.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> REQUISITOS OPERACIONAIS

##### Artigo 89. *Información previa á interceptación.*

1. No marco da investigación legal por requirimento da autoridade xudicial ou cando así o determine unha norma con rango legal, os suxeitos obrigados consonte o artigo 85 porán á disposición da autoridade que leve a cabo a devandita investigación, con carácter previo á interceptación legal, información actualizada relativa aos datos a que fai referencia o artigo 90.

2. Con carácter previo á execución da orde de interceptación legal, os suxeitos obrigados deberánlle facilitar ao axente facultado información sobre os servizos e características do sistema de telecomunicación que utilizan os suxeitos obxecto da medida da interceptación e, se constan no seu poder, os correspondentes nomes dos abonados cos seus números de documento nacional de identidade, tarxeta de residencia ou pasaporte, no caso de persoas físicas, ou denominación e código de identificación fiscal no caso de persoas xurídicas.

3. Os suxeitos obrigados consonte o artigo 85 deben ter disposta a organización necesaria que garanta o cumprimento da orde de interceptación legal nos termos establecidos no artigo 99. Para iso, deberán identificar a unidade habilitada para recibir unha orde de interceptación que lles sexa notificada e establecer os procedementos internos para lles dar soporte ás actuacións necesarias.

##### Artigo 90. *Información para a interceptación.*

A interceptación levarase a efecto se na orde de interceptación legal se inclúe, polo menos, un dos datos seguintes:

- a) A identificación do abonado ou usuario suxeito á interceptación.
- b) A localización onde se encontre un punto de terminación de rede a que o operador lle dá servizo.
- c) Un identificador de punto de terminación de rede (enderezo), ou de terminal, a que o provedor de servizos de comunicacións electrónicas dá servizo.
- d) O código de identificación en caso de que sexa o usuario o que active o terminal para a comunicación.
- e) Calquera outra identidade –na acepción definida no artigo 84.i)– que corresponda ao suxeito especificado na orde de interceptación legal.

##### Artigo 91. *Lugares para a interceptación.*

Para delimitar as responsabilidades e asegurar mellor o segredo das telecomunicacións fronte a terceiras partes alleas, a súa interceptación realizarase preferentemente en salas con acceso restrinxido que garanta a confidencialidade nos termos do artigo 92. En calquera caso, deberase garantir o segredo das comunicacións, para o que se deberán adoptar as medidas técnicas necesarias.

##### Artigo 92. *Persoal autorizado.*

Sen prexuízo do establecido na lexislación sobre protección de materias clasificadas, o suxeito obrigado será res-

pensible de que só o persoal que fose expresamente autorizado poida acceder aos mecanismos de interceptación.

##### Artigo 93. *Confidencialidade.*

1. Todo documento relativo ás operacións de interceptación, ao igual que calquera información relativa a procedementos de interceptación, será de circulación restrinxida ás persoas autorizadas de acordo co establecido no artigo anterior e sen prexuízo do establecido na lexislación sobre materias clasificadas.

2. A interceptación efectuarase de maneira que nin o suxeito á interceptación, nin ningunha persoa non autorizada, poida ter coñecemento dela. En particular, as prestacións do servizo deben ser as mesmas que en ausencia de interceptación, e ningunha alteración deste pode permitir sospeitar que se está realizando unha interceptación.

##### Artigo 94. *Acceso en tempo real.*

A interceptación realizarase en tempo real, sen máis retardo que o mínimo imprescindible para realizar o encamiñamento e transmisión, e ininterrompidamente durante o prazo establecido na orde de interceptación legal. Se non se puidese facilitar a información relativa á interceptación a que se refire o artigo 88 en tempo real por causa de forza maior, efectuarase ao finalizar a conexión e, en todo caso, o antes posible.

##### Artigo 95. *Interfaces de interceptación.*

Os suxeitos obrigados deberán ter en todo momento preparadas unha ou máis interfaces a través das cales as comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación se transmitirán aos centros de recepción das interceptacións. As características destas interfaces e o formato para a transmisión das comunicacións interceptadas a estes centros estarán suxeitas ás especificacións técnicas que regulamentariamente estableza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

##### Artigo 96. *Sinal en claro e calidade do sinal entregado.*

No caso de que os suxeitos obrigados lles apliquen ás comunicacións obxecto de interceptación legal algún procedemento de compresión, cifrado, dixitalización ou calquera outro tipo de codificación, deberán entregar aquelas desprovistas dos efectos de tales procedementos, sempre que sexan reversibles.

As comunicacións interceptadas débense prover ao centro de recepción das interceptacións cunha calidade non inferior á que obtén o destinatario da comunicación.

##### Artigo 97. *Segredo das comunicacións.*

As comunicacións e a información relativa á interceptación só se lle facilitarán ao axente facultado. Para iso, os suxeitos a que se refire o artigo 85 porán todos os medios necesarios para impedir a manipulación dos mecanismos de interceptación, e para garantir a autenticidade, confidencialidade e integridade da información obtida coa interceptación.

##### Artigo 98. *Interceptacións múltiples e simultáneas.*

1. Os suxeitos obrigados garantirán que se poida levar a cabo de forma múltiple máis dunha interceptación legal en relación cunha liña, un usuario ou abonado.

2. O número máximo de interceptacións simultáneas que deberá ser capaz de prover un operador de rede ou provedor de servizo establecerase mediante orde ministerial.

**Artigo 99. Prazo de execución da interceptación.**

1. O prazo de execución dunha orde de interceptación legal será o fixado nela. Cando non se estableza prazo, as ordes executaranse antes das 12:00 horas do día laborable seguinte a aquel en que o suxeito obrigado reciba a orde de interceptación legal.

2. Cando a orde de interceptación legal estableza a urxencia da súa execución, os suxeitos obrigados deberán executala coa maior brevidade posible tendo en conta o disposto na orde de interceptación.

3. A activación do mecanismo de interceptación seralle notificada ao axente facultado polo medio que se acorde entre o devandito axente e o suxeito obrigado.

**Artigo 100. Aboamento do custo da interceptación.**

O operador ou provedor de servizos de comunicacións electrónicas que realizase unha interceptación legal terá dereito a que se lle aboan as cantidades en que incorrese polo uso de canles de comunicación, temporais ou permanentes, que estableza de modo específico para facilitar a transmisión das comunicacións electrónicas interceptadas e a información relativa á interceptación aos axentes facultados, tendo en conta os prezos que se apliquen en cada caso. En ningún caso serán obxecto de compensación os gastos relativos a equipamentos específicos para a interceptación de que, se é o caso, tivese que dotarse, toda vez que constitúen unha carga accesoria aos deberes da habilitación correspondente.

**Artigo 101. Infraccións.**

1. Sen prexuízo da responsabilidade penal en que se poida incurrir na execución das interceptacións, o incumprimento das ordes de interceptación legal será constitutivo dunha infracción sancionable de acordo coas previsións do título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. Na imposición da sanción valorarase o atraso na execución da interceptación e outros prexuízos causados polo incumprimento.

**TÍTULO VI****Dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais****CAPÍTULO I****Disposicións xerais****Artigo 102. Obxecto.**

1. Son obxecto de regulación neste título os aspectos específicos do ámbito das telecomunicacións relativos aos dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas.

2. O disposto neste título enténdese sen prexuízo do disposto noutras normas aplicables e, en especial, da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e da lexislación autonómica ditada nesta materia.

3. A responsabilidade por danos que se produzan aos usuarios finais exixirase consonte o previsto na lexislación civil ou na normativa sectorial que resulte de aplicación.

**Artigo 103. Condicións de prestación dos servizos.**

Os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais terán dereito ao uso dos servizos de comunicacións electrónicas nos termos establecidos na normativa vixente e, se é o caso, nos contratos que celebren cos operadores. Os operadores cumprirán as obrigas que lles impoña

a normativa aplicable en relación cos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais.

**Artigo 104. Procedementos de resolución de conflitos.**

1. Os operadores deberán dispoñer dun departamento ou servizo especializado de atención ao cliente, que teña por obxecto atender e resolver as queixas e reclamacións e calquera incidencia contractual que formulen os seus clientes. Os titulares do departamento ou servizo de atención ao cliente serán os encargados de relacionarse, se é o caso, co titular do servizo administrativo de solución de controversias a que se refire o punto 4 e ao cal lle remitirán copia das actuacións realizadas con indicación do número de referencia asignado á correspondente reclamación. Este servizo de atención ao cliente, de carácter gratuito, deberase prestar de forma que o consumidor teña constancia, en calquera caso, da reclamación, queixa ou petición efectuada, estando obrigado o operador a lle comunicar ao abonado o número de referencia dado á reclamación, queixa ou incidencia formulada polo usuario.

Malia o disposto no parágrafo anterior, mediante orde ministerial poderase establecer, en función do número de traballadores do operador ou do seu volume de negocio, a exención da obriga de dispoñer do departamento ou servizo especializado a que o devandito parágrafo se refire, sen prexuízo do cumprimento do resto de requisitos establecidos no artigo 105.2.k).

Se o medio habilitado polo operador para a atención de queixas, reclamacións ou incidencias é telefónico, este estará obrigado a informar o consumidor do seu dereito a solicitar un documento que acredite a presentación e o contido da queixa ou reclamación mediante calquera soporte que permita tal acreditación.

2. Os abonados deben formular as súas queixas ou reclamacións no prazo dun mes desde o momento en que se teña coñecemento do feito que as motive. Formulada a reclamación, se o abonado non obtivese resposta satisfactoria do operador no prazo dun mes, poderá acudir ás vías indicadas nos puntos seguintes.

3. Os abonados poderán dirixir a súa reclamación ás xuntas arbitrais de consumo, nos termos establecidos na súa normativa reguladora.

4. Para o suposto de que o operador ou o abonado non se sometan ás xuntas arbitrais, este poderase dirixir, no prazo de tres meses desde a resposta do operador ou a finalización do prazo para responder, á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información que, unha vez realizados os trámites oportunos, ditará resolución sobre a cuestión formulada que unicamente poderá versar sobre os dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais regulados especificamente neste título e na súa normativa de desenvolvemento. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses. A resolución que esta dite esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo.

O abonado poderá presentar a súa reclamación ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións no prazo dos tres meses seguintes á notificación da non-aceptación da arbitraje polo operador, sempre que formulase a solicitude de arbitraje no prazo dos tres meses seguintes á resposta do operador ou á finalización do prazo para responder.

5. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá autorizar a ampliación dos prazos para a suspensión ou a interrupción do servizo, logo de solicitude de calquera abonado que iniciase o procedemento de resolución de conflitos a que se refire este artigo.

6. As reclamacións dirixidas á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderanse realizar por vía telemática, utilizando a sinatura electrónica recoñecida. Así mesmo, os trámites de requirimento de información ou documentación aos operadores poderanse realizar a través da devandita vía.

Os usuarios poderán realizar consultas sobre os dereitos recoñecidos neste título ante un portelo único habilitado



para o efecto polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio na súa páxina [www.mityc.es/ventanillavirtual](http://www.mityc.es/ventanillavirtual).

## CAPÍTULO II

### Contratos

#### Artigo 105. *Contratos para o acceso á rede de telefonía pública.*

1. Os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais terán dereito a subscribir contratos cos operadores que faciliten a conexión ou o acceso á rede de telefonía pública. A formalización do contrato seralle de aplicación a normativa xeral sobre protección dos consumidores e usuarios.

2. Os contratos a que se refire o punto anterior precísaran, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) O nome ou razón social do operador e o domicilio da súa sede ou establecemento principal.

b) O teléfono de atención ao cliente.

c) As características do servizo ofrecido, con indicación do prazo da conexión inicial, a descrición de cada unha das prestacións incluídas no contrato, coa indicación de qué conceptos se inclúen respectivamente na cota de abono e, se é o caso, noutras cotas. Así mesmo, figurará o dereito de desconexión, se é o caso, e o seu modo de exercicio, nos supostos do artigo 113.

d) Os niveis individuais de calidade de servizo que o operador se compromete a ofrecer e os supostos en que o seu incumprimento dea dereito a exixir unha indemnización, así como o seu método de cálculo. Para tales efectos, os operadores deberán utilizar os parámetros e métodos de medida que, se é o caso, determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

e) Prezos e outras condicións económicas dos servizos. Esta información comprenderá os datos relativos aos prezos e tarifas que se aplican e as modalidades de obtención de información actualizada sobre as tarifas aplicables.

f) Período contractual, indicando, se é o caso, a existencia de prazos mínimos de contratación e de renovación.

g) Política de compensacións e reembolsos, con indicación dos mecanismos de indemnización ou reembolso ofrecidos, así como o método de determinación do seu importe.

h) Tipos de servizo de mantemento ofrecido.

i) Procedementos de resolución de litixios de entre os previstos no artigo 104, con inclusión, se é o caso, dos que crease o propio operador.

j) Causas e formas de extinción e renovación do contrato de abono. O contrato extinguirase polas causas xerais de extinción dos contratos e, especialmente, por vontade do abonado, comunicándollo previamente ao prestador do servizo cunha antelación mínima de 15 días naturais ao momento en que deberá producir efectos.

k) Enderezo da oficina comercial do operador, enderezo postal e electrónico do departamento ou servizo especializado de atención ao cliente a que se refire o punto 1 do artigo anterior, teléfonos propios do operador e, se é o caso, páxina web, para efectos da presentación de queixas, reclamacións e peticións por parte do abonado, especificando un procedemento sinxelo e gratuíto e sen cargos adicionais, que permita a presentación delas e a súa acreditación.

l) Recoñecemento do dereito á elección do medio de pagamento entre os comunmente utilizados no tráfico comercial.

m) Información referida ao tratamento dos datos de carácter persoal do cliente, nos termos exixidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos.

n) Información ao cliente nos supostos e co contido exixido polas disposicións do capítulo I do título V deste regulamento, cando proceda.

3. Os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais que se adhiran a modalidades contractuais de prepagamento terán dereito a que o contido mínimo previsto no artigo anterior conste nas condicións xerais e particulares que lles sexan de aplicación.

4. O operador absterase de facturar e cobrar calquera cantidade que se puidese devengar, por causa non imputable ao usuario, con posterioridade ao prazo de 15 días en que debeu producir efectos a baixa.

O procedemento habilitado polo operador para que o consumidor faga uso deste dereito axustarase ao previsto no artigo 104, garantíndolle en todo caso ao usuario a constancia do contido da súa solicitude de baixa no servizo.

Sen prexuízo das obrigas do operador previstas nos artigos 118 e 119, instada polo usuario a resolución por incumprimento contractual, a eficacia deste requirimento será inmediata, absténdose as partes de se reclamaren as obrigas recíprocas derivadas do contrato que se xeren con posterioridade á data do requirimento, entremetres non se resolva a reclamación por incumprimento que debe formular o consumidor, consonte os procedementos previstos no artigo 104.

#### Artigo 106. *Outros contratos.*

1. A celebración de contratos entre consumidores que sexan persoas físicas ou outros usuarios finais e operadores que non sexan os que facilitan conexión á rede telefónica pública rexerese polas normas específicas aplicables, en especial as de defensa dos consumidores e usuarios e de ordenación do comercio retalista.

2. En todo caso, o contido dos contratos a que fai referencia o punto anterior deberá reunir os requisitos establecidos no punto 2 do artigo anterior.

#### Artigo 107. *Modificacións contractuais.*

Calquera proposta de modificación das condicións contractuais, incluídas as mencionadas no artigo 105.2, deberalle ser comunicada ao abonado cunha antelación mínima dun mes, en que se informará, ao mesmo tempo, do dereito do abonado a resolver anticipadamente o contrato sen penalización ningunha en caso de non-aceptación das novas condicións.

#### Artigo 108. *Aprobación e notificación de contratos.*

1. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información aprobará, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, da Axencia Española de Protección de Datos e do Instituto Nacional do Consumo, e con audiencia das asociacións de consumidores e usuarios, a través do Consello de Consumidores e Usuarios, con carácter previo á súa utilización, os modelos de contrato-tipo relativos á prestación de servizos de comunicacións electrónicas que estean suxeitos a obrigas de servizo público. Estes contratos respectarán os niveis mínimos de calidade que, se é o caso, se establezan.

2. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá aprobar con carácter previo á súa utilización os modelos de contrato-tipo relativos á prestación de servizos con tarifas superiores, e establecerá, se é o caso, as condicións imperativas aplicables. Para os efectos deste regulamento, terán a consideración de servizos de tarifas superiores os servizos de tarificación adicional e outros que fosen declarados como tales por resolución da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, en razón da existencia dunha facturación superior ao custo do servizo de comunicacións electrónicas e en interese dunha especial protección dos dereitos dos usuarios.

3. Os modelos de contrato-tipo con usuarios que presen servizos de tarificación adicional serán aprobados pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, logo de informe da Comisión de

Supervisión dos Servizos de Tarificación Adicional, da Axencia Española de Protección de Datos, do Consello de Consumidores e Usuarios e da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Mediante orde do ministro da Presidencia, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo, regularase a prestación dos servizos de tarificación adicional, a súa suxeición a un código de conduta, así como a composición e funcionamento da Comisión de Supervisión de Servizos de Tarificación Adicional.

4. Os contratos-tipo distintos aos mencionados no punto anterior e as súas actualizacións e modificacións deberanlle ser comunicados ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

### CAPÍTULO III

#### Dereitos e obrigas de transparencia, información e calidade

##### Artigo 109. *Transparencia e publicación de información.*

1. Os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas remitiranlles os contratos a que se fai referencia nos artigos anteriores e as súas modificacións, con polo menos 10 días de antelación á súa entrada en vigor, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións, ao Instituto Nacional do Consumo, á Axencia Española de Protección de Datos e ao Consello de Consumidores e Usuarios. Este último organismo poraos á disposición das asociacións de consumidores e usuarios integradas nel.

2. Os operadores facilitarán a información sobre o contido mínimo dos contratos na súa páxina da internet, por escrito, se así o solicita un consumidor que sexa persoa física ou outro usuario final, que non deberá afrontar gasto ningún pola súa recepción, e no teléfono de atención ao público, cuxas chamadas terán o custo máximo do prezo ordinario do servizo de telecomunicacións sen recarga.

3. Así mesmo, os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público facilitarán, polos medios establecidos no punto anterior, a seguinte información:

a) O seu nome ou razón social e o domicilio da súa sede ou establecemento principal.

b) En relación co servizo telefónico dispoñible ao público que prestan:

1.º Descrición dos servizos ofrecidos, indicando o que se inclúe na cota de alta, na cota de abono e noutras cotas de facturación periódica.

2.º Tarifas xerais que inclúan a cota de acceso e todo tipo de cota de utilización e mantemento, con inclusión de información detallada sobre reducións e tarifas especiais e moduladas.

3.º Política de compensacións e reembolsos, con detalles concretos dos mecanismos de indemnización e reembolso ofrecidos.

4.º Tipos de servizos de mantemento ofrecidos.

5.º Condicións normais de contratación, incluído o prazo mínimo, se é o caso.

c) Procedementos de resolución de conflitos, con inclusión dos creados polo propio operador.

d) Información, se é o caso, acerca dos dereitos en relación co servizo universal, incluídas as facilidades e os servizos citados no artigo 35.

4. Os operadores a que se refire o artigo 71.1 deberanlles comunicar a información relativa á prestación das facilidades a que se refire o devandito artigo ás entidades citadas no punto 1 deste artigo, así como facilitar a devandita información polos medios indicados no punto 2.

##### Artigo 110. *Obrigas sobre calidade e facturación.*

1. Os operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas publicarán información detallada, comparable, pertinente, facilmente accesible e actualizada sobre a calidade dos servizos que presten, tanto da ofertada como da efectivamente conseguida. Os parámetros e métodos para a súa medición deberán estar dispoñibles para os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais.

Para tales efectos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá especificar, mediante orde, entre outros elementos, os parámetros de calidade de servizo que se deberán cuantificar, así como o contido e formato da información que se deberá facer pública, as modalidades da súa publicación e as condicións orientadas a garantir a fiabilidade e a posibilidade de comparación dos datos, incluída a realización anual de auditorías.

2. Os prestadores de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público deberanlle facilitar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de petición, a información de calidade de servizo que lles requira para a publicación de sínteses comparativas e para o control e seguimento das condicións de prestación dos servizos e das obrigas de carácter público. Esta información deberase referir aos parámetros establecidos pola orde ministerial a que se refire o punto anterior. Adicionalmente poderase establecer a obriga de informar sen necesidade de petición previa cando se produzan degradacións importantes da calidade de servizo, nos termos que alí se establezan.

3. Mediante orde ministerial poderanse establecer, así mesmo, mecanismos para garantir a exactitude da facturación realizada, que poderán incluír, en particular, a necesidade de que determinadas categorías de operadores, como aqueles que prestan servizo con tarificación en función da duración da conexión, do volume de información ou da distancia, teñan que acreditar que os seus sistemas de medida, de tarificación e de xestión da facturación cumplan con normas de aseguramento da calidade como as da familia ISO 9000.

##### Artigo 111. *Modificación de ofertas.*

A modificación de ofertas publicitarias rexerese pola normativa específica aplicable e, en todo caso, deberase publicar en termos similares á oferta orixinal e notificárlles aos usuarios finais afectados.

### CAPÍTULO IV

#### Dereitos en relación co servizo telefónico dispoñible ao público

##### Artigo 112. *Facturación do servizo telefónico.*

Os consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais terán dereito a que os operadores do servizo telefónico dispoñible ao público lles presenten facturas polos cargos en que incorresen. As facturas deben conter de forma obrigatoria e debidamente diferenciados os conceptos de prezos que se tarifican polos servizos que se prestan. Os usuarios terán dereito a obter, á súa solicitude, facturas independentes para os servizos de tarificación adicional e outros servizos de tarifas superiores e as garantías sobre estes servizos que se establezan por orde ministerial. Así mesmo, terán dereito a obter facturación detallada, coa desagregación que se estableza mediante orde ministerial, sen prexuízo do dereito dos abonados a non recibir facturas desagregadas, a que se refire o artigo 66.

**Artigo 113. Dereito de desconexión de determinados servizos.**

1. Os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público deberánlles garantir aos seus abonados o dereito á desconexión de determinados servizos, entre os que se incluíra, polo menos, o de chamadas internacionais e o de chamadas a servizos de tarifas superiores, en especial, a servizos de tarificación adicional.

2. Os operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público regularán nos seus correspondentes contratos de abono a forma de exercicio do dereito de desconexión. Para estes efectos, o abonado comunicarlle ao operador a súa intención de se desconectar de determinados servizos. O operador deberá proceder á devandita desconexión como máximo no prazo de 10 días desde a recepción da comunicación do abonado. En caso de que a devandita desconexión non se producise tras eses 10 días, por causas non imputables ao abonado, serán a cargo do operador os custos derivados do servizo cuxa desconexión se solicita.

3. As facturas ou documentos de cargo emitidos polos operadores que presten o servizo telefónico dispoñible ao público para o cobramento dos servizos prestados deberán reflectir, de maneira adecuada para ser percibido claramente polo abonado, o dereito de desconexión establecido neste artigo. Os termos e a periodicidade en que a devandita obriga deberá ser levada a cabo poderán ser concretados mediante resolución da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, logo de informe do Instituto Nacional do Consumo e, no caso dos servizos de tarificación adicional, da Comisión de Supervisión de Servizos de Tarificación Adicional.

**Artigo 114. Conservación dos números telefónicos polos abonados.**

Os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público terán dereito a conservar, logo de solicitude, os números que lles fosen asignados nos termos establecidos no Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de telecomunicacións en materia de interconexión e numeración.

**Artigo 115. Dereito a indemnización pola interrupción temporal do servizo telefónico dispoñible ao público.**

1. Cando, durante un período de facturación, un abonado sufra interrupcións temporais do servizo telefónico dispoñible ao público, o operador deberá indemnizar cunha cantidade que será, polo menos, igual á maior das dúas seguintes:

a) A media do importe facturado por todos os servizos interrompidos durante os tres meses anteriores á interrupción, rateado polo tempo que durase a interrupción. En caso dunha antigüidade inferior a tres meses, considerarase o importe da factura media nas mensualidades completas efectuadas ou a que se obtivese nunha mensuralidade estimada de forma proporcional ao período de consumo efectivo realizado.

b) Cinco veces a cota mensual de abono vixente no momento da interrupción, rateado polo tempo de duración desta.

O operador estará obrigado a indemnizar automaticamente o abonado, na factura correspondente ao período inmediato ao considerado cando a interrupción do servizo supoña o dereito a unha indemnización por importe superior a 1 euro.

En interrupcións por causas de forza maior, o operador limitarase a compensar automaticamente o abonado coa devolución do importe da cota de abono e outras independentes do tráfico, rateado polo tempo que durase a interrupción.

O contrato de abono do servizo telefónico deberá recoller os termos e as condicións en que se dará cumprimento a esta obriga.

2. Non será de aplicación o disposto no punto anterior cando a interrupción temporal estea motivada por algunha das causas seguintes:

a) Incumprimento grave polos abonados das condicións contractuais, en especial en caso de fraude ou mora no pagamento que dará lugar á aplicación da suspensión temporal e interrupción dos artigos 118 e 119, respectivamente. En todo caso, a suspensión temporal ou interrupción afectará unicamente o servizo en que se producise a fraude ou mora no pagamento.

b) Polos danos producidos na rede debido á conexión polo abonado de equipamentos terminais que non avaliasen a conformidade, de acordo coa normativa vixente.

c) Incumprimento do código de conduta por parte dun usuario que preste servizos de tarificación adicional, cando a titularidade do contrato de abono lle corresponda a este último.

**Artigo 116. Regulación de determinados aspectos do servizo telefónico dispoñible ao público.**

A regulación dos depósitos de garantía, da suspensión temporal do servizo telefónico e da interrupción definitiva do servizo telefónico rexeráse polo disposto nos artigos 117 a 119 para o servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa.

Nos restantes supostos os devanditos aspectos rexeráranse polo disposto nos correspondentes contratos de abono ou de prepagamento con suxeición ao previsto no capítulo II deste título.

**Artigo 117. Depósitos de garantía.**

1. Os operadores unicamente lles poderán exixir aos abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa a constitución dun depósito de garantía, tanto no momento de contratar como durante a vixencia do contrato, nos seguintes supostos:

a) Nos contratos de abono ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa solicitado por persoas físicas ou xurídicas que sexan ou fosen con anterioridade abonados ao servizo e deixasen sen pagar un ou varios recibos, entrementes subsista a morosidade.

b) Nos contratos de abono ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa cuxos titulares tivesen contraídas débedas por outro ou outros contratos de abono, vixentes ou non nese momento, ou ben que de modo reiterado se atrasen no pagamento dos recibos correspondentes.

c) Para os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa titulares de liñas que dan servizo a equipamentos terminais de uso público para a súa explotación por terceiros en establecementos públicos.

d) Nos contratos de abono cuxos titulares presten servizos de tarificación adicional.

e) Naqueles supostos en que excepcionalmente o autorice a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, por petición dos operadores, en casos de existencia de fraude ou tipos de fraude detectados de modo certo e para asegurar o cumprimento do contrato polos usuarios finais.

2. A contía dos depósitos, a súa duración, o procedemento para a súa constitución e se serán remunerados ou non determinarase mediante orde ministerial.



**Artigo 118. *Suspensión temporal do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa.***

1. O atraso no pagamento total ou parcial polo abonado durante un período superior a un mes desde a presentación a este do documento de cargo correspondente á facturación do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa poderá dar lugar, logo de aviso ao abonado, á súa suspensión temporal. O non-pagamento do cargo polos servizos de acceso á internet ou de servizos de tarifas superiores, en especial do servizo de tarificación adicional, só dará lugar á suspensión de tales servizos.

2. No suposto de suspensión temporal do servizo telefónico por falta de pagamento, este deberá ser mantido para todas as chamadas entrantes, excepto as de cobramento revertido, e as chamadas salientes de urxencias.

3. O abonado ten dereito a solicitar e obter do operador do servizo a suspensión temporal deste por un período determinado que non será menor dun mes nin superior a tres meses. O período non poderá exceder, en ningún caso, de 90 días por ano natural. En caso de suspensión, deducirase da cota de abono a metade do importe proporcional correspondente ao tempo a que afecte.

**Artigo 119. *Interrupción definitiva do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa.***

1. O atraso no pagamento do servizo telefónico dispoñible ao público desde unha localización fixa por un período superior a tres meses ou a suspensión temporal, en dúas ocasións, do contrato por mora no pagamento dos servizos correspondentes daralle dereito ao operador, logo de aviso ao abonado, á interrupción definitiva do servizo e á correspondente resolución do contrato.

2. As condicións en que se pode efectuar a suspensión ou interrupción do servizo nos supostos previstos tanto neste artigo como no anterior serán fixadas por orde ministerial. Na mesma orde regularase o procedemento que hai que seguir para a suspensión ou interrupción.

**Disposición adicional única. *Cálculo do custo neto do servizo universal en caso de recepción de axudas.***

Os operadores designados para a prestación do servizo universal poderanse beneficiar de axudas procedentes dos réximes en vigor nos termos establecidos na súa normativa específica e, en particular, das procedentes dos fondos estruturais da Unión Europea. Nestes supostos, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións avaliará o custo neto de prestación do servizo universal para os efectos e coas particularidades que se establezan na concesión das devanditas axudas.

**Disposición transitoria primeira. *Títulos habilitantes para a prestación de servizos e o establecemento de redes de comunicacións electrónicas anteriores a este regulamento.***

1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións inscribirá no Rexistro de operadores regulado neste regulamento os que teñan títulos habilitantes anteriores á entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Para estes efectos, no Rexistro de operadores serán inscritos todos os titulares de autorizacións xerais, licenzas individuais e autorizacións provisionais outorgadas ou transformadas consonte a Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, e inscritos nos correspondentes rexistros especiais de titulares de licenzas individuais e autorizacións xerais.

2. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións inscribirá no Rexistro de operadores regulado neste regu-

lamento os operadores que obtivesen a súa habilitación tras a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e antes da entrada en vigor deste real decreto, e que, consonte a disposición transitoria primeira da devandita lei, estean inscritos no Rexistro especial de titulares de autorizacións xerais.

3. O prazo de tres anos tras o cal os operadores lle deben comunicar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións a súa intención de continuar prestando o servizo consonte o establecido no artigo 5.2 deste regulamento comezará a contar, para os operadores que obtivesen a súa habilitación con anterioridade a este, no momento da súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio aplicable ao servizo universal.***

1. De conformidade coa habilitación regulamentaria establecida na disposición transitoria segunda da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, establécese a obriga de Telefónica de España, S. A. U., de prestar o servizo universal ata el 31 de decembro do ano 2007.

Cunha antelación de polo menos dous anos sobre a data establecida no parágrafo anterior, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio deberá ter concluída a consulta pública inicial a que se refire o artigo 37 deste regulamento.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio deberá proceder, de conformidade co resultado da devandita consulta pública, a designar o operador ou operadores designados, por ámbitos territoriais, elementos de servizo público e prazos, se procede. A designación ou designacións de operadores obrigados á prestación da totalidade ou parte do servizo público deberase ter producido antes do 31 de decembro de 2006.

Por resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información ditanteranse as instrucións necesarias, se é o caso, para proceder de forma ordenada ao cesamento do cumprimento das obrigas de servizo universal por Telefónica de España, S. A. U., e á súa asunción polo operador ou operadores que como consecuencia do devandito proceso resultasen designados.

2. Ata a conclusión do prazo fixado no punto anterior para a prestación do servizo universal por Telefónica de España, S. A. U., o operador designado deberá manter a oferta de localizacións e terminais de telefonía de pagamento situado no dominio público non afecto a un servizo público existente no momento da entrada en vigor deste regulamento con equipamentos de tecnoloxía adecuada. Non obstante, poderanse realizar as modificacións da devandita oferta, incluíndo os cambios de localización, que sexan necesarias para manter a adecuación da oferta ás necesidades dos usuarios. Estas modificacións realizaranse por iniciativa dos concellos, logo de solicitude razoada ao operador designado ou por iniciativa deste último, logo de aprobación do concello.

Así mesmo, ata a devandita data entenderanse incluídos na consideración de teléfonos públicos de pagamento, aos cales se refire o artigo 32 deste regulamento, os teléfonos públicos de servizo instalados en dependencias municipais, para os efectos da determinación da oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento.

3. Ata que se aprobe a orde ministerial a que se refire o artigo 34 deste regulamento, continuarán sendo de aplicación na prestación do servizo universal as condicións de calidade de servizo fixadas na Orde do ministro de Fomento do 14 de outubro de 1999, e na Orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía do 21 de decembro de 2001.

4. Ata que, de conformidade co establecido no artigo 35.2 deste regulamento, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos determine o indicador de referencia para ter a condición de beneficiario do

abono social, continuará sendo de aplicación o indicador vixente antes da aprobación deste regulamento.

*Disposición transitoria terceira. Vixencia da Orde CTE/711/2002, do 26 de marzo, do Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, e da Orde do 14 de outubro de 1999.*

Ata que se aprobe a orde prevista no artigo 112, continuará sendo de aplicación a Orde CTE/711/2002 do 26 de marzo.

Así mesmo, conservan a súa vixencia, en todo o que non se opoña a este regulamento, o Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, polo que se regula o acceso, mediante redes de telecomunicacións, ao servizo de atención de chamadas de urxencia a través do número telefónico 112, e a Orde do 14 de outubro de 1999, sobre condicións de subministración de información relevante para a prestación do servizo de chamadas de urxencia a través do número 112.

*Disposición transitoria cuarta. Prestación dos servizos a que se refire a disposición transitoria cuarta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

Mentres sexa de aplicación o disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, malia o disposto no artigo 53, as características técnicas de prestación dos servizos a que se refire o devandito artigo, as súas condicións de prestación e de financiamento fixaranse por real decreto.

Mentres sexa de aplicación o disposto na disposición transitoria cuarta da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, malia o disposto no artigo 54, as características técnicas de prestación dos servizos a que se refire o devandito artigo, as súas condicións de prestación e de financiamento fixaranse por orde do ministro da Presidencia, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Fomento.

Así mesmo, ata que se aproben as disposicións a que se refiren os parágrafos anteriores, aos devanditos servizos seranlles de aplicación as condicións de prestación que actualmente se encontran establecidas.

*Disposición transitoria quinta. Obrigas de servizo público do servizo portador de televisión analóxica.*

Continuarán en vigor as obrigas de servizo público e a garantía de continuidade na prestación dos servizos portadores soporte dos de difusión televisiva establecidos no Real decreto lei 16/1999, do 15 de outubro, nos termos desenvolvidos no vixente Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, para os servizos de televisión analóxica, ata que se dean os supostos previstos no artigo 2 do Plan Técnico Nacional de Televisión Dixital Terreal, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro.

*Disposición transitoria sexta. Prazo para o cumprimento dos requisitos en materia de interceptación legal das comunicacións.*

Os operadores habilitados para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público ou a explotación de redes públicas de comunicacións electrónicas e que se encontren obrigados ao cumprimento do previsto no capítulo II do título V deste regulamento, de acordo co seu artigo 85, deberán cumprir as obrigas establecidas nel no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as obrigas específicas derivadas da aplicación dunha concreta tecnoloxía de telecomunicacións entrarán en vigor no prazo

que, se é o caso, estableza a orde ministerial correspondente. Esta orde aprobarase logo de informe dunha comisión en que se integrarán representantes dos ministerios afectados e dos operadores. Conforme o principio de proporcionalidade establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e a normativa comunitaria, na súa aprobación tomarase en consideración a proporción entre os obxectivos que se pretenden conseguir e os custos en que se incorra.

*Disposición transitoria sétima. Guías de servizos de comunicacións electrónicas.*

Para a inclusión nas guías dos datos dos abonados que, no momento da entrada en vigor deste regulamento, xa figuren na guía prevista no artigo 30, abondará con que, no prazo dun mes tras a recepción da comunicación a que se refire o artigo 67.1, o abonado non se opoña expresamente á devandita inclusión.

*Disposición transitoria oitava. Dereitos dos consumidores e usuarios.*

Entremetres non se desenvolva mediante orde ministerial o título VI deste regulamento en materia de dereitos dos consumidores e usuarios e servizos de tarifas superiores, seguirá sendo de aplicación, en canto non se opoña a este regulamento, a Orde PRE/361/2002 do 14 de febreiro, de desenvolvemento, no relativo aos dereitos dos usuarios e aos servizos de tarificación adicional, do título IV do Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, polo que se aproba o Regulamento polo que se desenvolve o título III da Lei xeral de telecomunicacións. Naquela orde establecerase o réxime aplicable aos servizos de mensaxaría que se prestan a través de números curtos.

*Disposición transitoria novena. Disposicións relativas á prestación das facilidades de identificación da liña de orixe ou da liña conectada.*

1. Os operadores que, no momento de entrada en vigor deste regulamento, se encontren prestando as facilidades de identificación da liña de orixe e da liña conectada, deberán cumprir o previsto no segundo parágrafo do punto 2 do artigo 71 e no último parágrafo do devandito artigo no prazo dun mes desde a devandita entrada en vigor.

2. Ata que se aprobe a resolución que atribúa un número curto como código para a supresión en orixe polo usuario, chamada a chamada, da identificación da liña de orixe, continuará vixente o código establecido na Resolución da Secretaría Xeral de Comunicacións, do 2 de decembro de 1998, pola que se lle atribúe o código 067 ao servizo de supresión en orixe chamada a chamada da identificación da liña chamante, coas modificacións que, se é o caso, se establezan polas disposicións de desenvolvemento do plan de numeración.

*Disposición derradeira única. Modelo de declaración normalizada.*

No prazo dun mes desde a entrada en vigor deste regulamento, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información aprobará, por proposta do Consello da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, o modelo de declaración normalizada de notificación e inscrición a que se refire o artigo 11.